UNIVERSIDADE DE VIGO

Faculdade de Filoloxía e Tradución e Interpretación

FACULDADE DE FILOLOXÍA E TRADUCIÓN

PROXECTO DE FIN DE LICENCIATURA

Dicionario terminolóxico da vestimenta tradicional galega e proposta dun sistema de representación conceptual dinámico para a súa consulta onomasiolóxica en liña.

Alumno: Manuel Souto Pico
Director: Xosé María Gómez Clemente

Vigo, 2003

CONTIDOS

AGRADECEMENTOS 4
ABREVIATURAS 5
INDICE DE FIGURAS 7

1. INTRODUCIÓN 8

2. PRINCIPAIS CORRENTES TEÓRICAS DA TERMINOLOXÍA 10
   2.1. Terminoloxía tradicional 10
   2.2. Terminoloxía moderna 12
      2.2.1. Socioterminoloxía 13
      2.2.2. Terminoloxía sociocognitiva 13
      2.2.3. Teoría comunicativa da terminoloxía ou teoría das portas 14
      2.2.4. Terminoloxía cultural 16

3. METODOLOXÍA 18
   3.1. Preparación do traballo 19
      3.1.1. Exploración do campo de traballo 19
      3.1.2. Características da LVTG 20
      3.1.3. Obxectivos 21
      3.1.4. Usuarios 24
      3.1.5. Fontes escritas 24
      3.1.6. Fontes orais 26
      3.1.7. Delimitación da área 27
   3.2. Elaboración da terminoloxía 30
      3.2.1. Clasificación e representación conceptual 30
         3.2.1.1. Sistemas de representación conceptual pluridimensionais 33
         3.2.1.2. Relacións conceptuais 39
         3.2.1.3. Validez do sistema conceptual 40
      3.2.2. Almacenamento no ficheiro terminolóxico 41
         3.2.2.1. Terminografía de córpora 42
         3.2.2.2. Automatización do ficheiro terminolóxico 43
         3.2.2.3. Estrutura da base de datos 44
         3.2.2.4. Campos da base de datos 46
         3.2.2.5. Introdución dos datos 50
      3.2.3. Procesamento terminolóxico 51
         3.2.3.1. Verbetes 51
         3.2.3.2. Categoría gramatical 53
         3.2.3.3. Subárea 53
         3.2.3.4. Definición 53
            a) Descritor 55

b) Criterios de clasificación e características conceptuais pertinentes 57
c) Redacción 58
3.2.3.5. Remisións 59
3.2.3.6. Equivalencias 62
3.2.3.7. Contextos 64
3.2.3.8. Nota 65
3.2.3.9. Ilustracións 65
3.2.3.10. Outros datos non terminolóxicos 65
3.3. Presentación e consulta do dicionario 66
3.4. Avaliación e actualización interactiva 70
3.5. Liñas futuras 73

4. DICIONARIO 75
4.1. Organización conceptual 75
4.2. Glosario alfabético 76

5. CONCLUSIÓNS 146

6. BIBLIOGRAFÍA 147
6.1. Bibliografía de baleirado 147
6.2. Bibliografía de referencia 149
6.3. Bibliografía sobre terminoloxía e metodoloxía terminolóxica 150

AGRADECEMENTOS

Desexo expresar o meu sincero e vehemente agradecemento a todos os que me axudaron a facer un traballo tan completo como era posíbel. En especial a Ana, Xela, Fredi, Leni, Loli da Asociación Galega de Artesáns, Neal, Olga e a Asociación Cultural Folclórica «O Fiadeiro» pola cesión ou a referencia de material gráfico ou bibliográfico. A Bego, Chisco, Leni, Neal e Rebeca por partillaren de tan bo grado comigo os seus coñecementos. A toda a xente de «O Fiadeiro» por me transmitiren o seu entusiasmo fervoroso polo noso. A Juanillo, Omar, Quique, Raúl e moi especialmente Roberto polo asesoramento técnico. A Chisco, Leni, Paulo e Tareixa polos contactos. A Xosé María pola súa óptima dirección. A tod@s @s referid@s, aos meus pais e, especialmente, a Rebeca e Roberto polo seu apoio persoal.

ABREVIATURAS

aprox.	aproximadamente
BD	base de datos
cfr.	confróntese con
DCLG	Diccionario Cumio da Lingua Galega
DdD	Diccionario de diccionarios do Instituto da Lingua Galega
DEHLP	Dicionário Eletrônico Houaiss da Língua Portuguesa
dim.	diminutivo
DLE	Diccionario de la Lengua Española de la RAE
DLG	Diccionario da lingua galega de Obradoiro-Santillana
DRAG	Diccionario da Real Academia Galega
DSLG	Diccionario de sinónimos da lingua galega
DXL	Diccionario Xerais da Lingua
é d.	é dicir
frec.	frecuentemente
i. é	isto é
LVTG	lingua de especialidade do campo da VTG
orix.	orixinalmente
p. ex.	por exemplo
p. us.	pouco usado
prov.	provincia
s.	século
sin. comp.	sinónimo complementar
sin.	sinónimo
s f	substantivo feminino
s f pl	substantivo feminino plural
s m	substantivo masculino
s m f	substantivo masculino e feminino

s m pl	substantivo masculino plural
SRC	sistema de representación conceptual
SXBD(R)	sistema de xestión de bases de datos (relacionais)
TCT	teoría comunicativa da terminoloxía
tm.	tamén
TSC	teoría sociocognitiva da terminoloxía
TTG	traxe tradicional galego
TXT	teoría xeral da terminoloxía
us.	usado, -a
var.	variante
vid.	véxase
VTG	vestimenta tradicional galega
xer.	xeralmente

ÍNDICE DE FIGURAS

Figura 1: Representación da localización da VTG na realidade 33
Figura 2: Tabela portadora de características 36
Figura 3: Esquema en forma de árbore e cadea de ángulos provisional..... 37
Figura 4: Esquema arbóreo combinatorio. 37
Figura 5: A mesma realidade clasificada de formas diferentes 38
Figura 6: Sistema pluridimensional das pezas da roupa..... 39
Figura 7: Árbore conceptual pluridimensional 41
Figura 8: Mapa de relacións e estrutura da base de datos 48
Figura 9: Formulario de introdución dos datos. 55
Figura 10: Relacións estabelecdas polas remisións. 63
Figura 11: Páxina inicial do sitio web do dicionario. 72
Figura 12: Esquema de representación conceptual dinámico para a consulta onomasiolóxica en liña. 73
Figura 13: Resultado da consulta e distribución dos datos..... 76
Figura 14: Formulario de achega para introducir novos termos na base de datos do dicionario. 76

1. INTRODUCIÓN

En consonancia coa miña convicción de que a licenciatura de tradución e interpretación debe formar profesionais dos servizos lingüísticos (sexa tradutores e intérpretes, sexa redactores especializados, revisores, terminólogos etc.) e non preparar futuros investigadores, este traballo asume unha abordaxe eminentemente práctica. Non é un compendio de reflexións e conxecturas sobre os principios teóricos da terminoloxía ou da tradución, senón que, sen descoidar o aspecto da fundamentación e o encadramento teóricos, pretende desenvolver unha ferramenta de traballo útil para os profesionais referidos anteriormente, ben no sentido de proporcionar un modelo para a satisfacción de necesidades análogas a ás que este traballo se enfrenta, ben como un produto terminado (ou cando menos óptimo para o consumo) como resultado da aplicación dese modelo.

Este traballo consistiu, pois, na elaboración, mediante a aplicación de un método sistemático de traballo terminolóxico, dun dicionario monolingüe baseado en coñecemento especializado da área da vestimenta tradicional galega que sirva como ferramenta de traballo a tradutores, redactores e investigadores do folclore galego en xeral. O dicionario presenta quer varias informacións gramaticais, semánticas e pragmáticas referentes a cada termo individualmente e almacenadas nunha base de datos terminolóxica, quer informacións referentes ao conxunto da área de especialidade, representadas mediante a súa estrutura conceptual e as relacións entre os conceptos que a constitúen. Considerando un termo como unha unidade de dupla cara (denominación e concepto), é posíbel, pois, consultar o dicionario xa en sentido semasiolóxico xa onomasiolóxico.

O método de traballo comprendeu tres fases solapábeis: a compilación da información, o seu almacenamento na base de datos e a súa presentación. Esa última realizouse, por un lado, en formato impreso só para os efectos de avaliación (é d., a forma tradicional de calquera dicionario, consistente nun corpus de termos coas súas respectivas informacións) e, por outro lado, en formato hipertexto dinámico aloxado nun sitio web, de modo a desenvoler todo o seu potencial, creando unha interface para que os usuarios poidan acceder á información sen necesidade de saber manipular unha base de datos.

Foron varias as razóns que me levaron a escoller este tema como albo do meu proxecto de fin de licenciatura, nomeadamente o meu gusto persoal por el, o meu afán de contribuír ao desenvolvemento integral do galego (que pasa por traballos terminolóxicos e neolóxicos en todos os dominios de coñecemento) e o meu desexo de contribuír para suplir a falta de información existente entre as persoas amadoras do folclore galego canto ao vocabulario referente á vestimenta tradicional, tan diseminado e vulgarizado. Ou sexa, non se trata só dun dicionario que fornece definicións para os termos da área, senón que supón unha tentativa de estruturala, ou desenmarañala, conceptualmente, en parte para paliar esa elevada confusión entre as persoas interesadas, mesmo algúns especialistas. Foi a miña intención, como creo que debe ser a de calquera alumno que realiza un proxecto, facer deste dicionario algo máis que un traballo académico que só poida ser consultado polos usuarios da biblioteca da Faculdade.

Este traballo está estruturado en base a tres eixos complementares ou, dito por outras palabras, foron tres áreas nas que debín mergullarme para traer o traballo a bo porto: por un lado, a primeira disciplina en que debín formarme é a propia terminoloxía e a súa aplicación práctica materializada en diferentes metodoloxías; en segundo lugar, como acontece con todo terminólogo a quen se encomenda un traballo deste tipo, analogamente a como acontece cos tradutores e intérpretes, debín formarme a propia área obxecto do traballo terminolóxico, neste caso particular, a vestimenta tradicional galega; e finalmente, en razón da natureza do produto perseguido (un dicionario consultábel en liña por internet), debín así mesmo destinar boa parte das miñas enerxías a aprender a utilizar unha serie de ferramentas de construción e deseño de hipertexto dinámico, que poderíamos denominar como formación terminótica[1].

[1] «La terminótica és la materia que s'ocupa, en general, de les relacions entre la informàtica i la terminologia; i, en particular, de l'aplicació de la informàtica al treball terminològic» (Cabré 1992: 341)

2. PRINCIPAIS CORRENTES TEÓRICAS DA TERMINOLOXÍA

Basicamente, a terminoloxía como disciplina científica investiga os termos[2], que son unidades de comunicación do coñecemento especializado formados, por unha parte, por unha vertente conceptual, chamada concepto ou significado, que contén unha porción de coñecemento sobre a realidade (é dicir, sobre obxectos que teñen unha serie de propiedades en común) da que os seres humanos se valen para dar forma a esa realidade nos procesos cognitivos (Cabré 1992: 83-90)[3]. Por outro lado, os termos están formados por unha vertente representativa, chamada denominación, designación ou significante, que vehiculiza ou representa o seu correspondente concepto. A terminografía aplica os principios teóricos elaborados pola terminoloxía na construción de terminoloxías (compilación e descrición de termos dunha área específica presentados en forma de glosario ou dicionario en unha ou varias linguas) ou na resolución de dúbidas terminolóxicas concretas dos especialistas ou dos mediadores especializados. Non obstante, existen diversas escolas teóricas con diferenzas notábeis entre si, principalmente entre a escola tradicional e as escolas modernas.

2.1. TERMINOLOXÍA TRADICIONAL

A escola vienesa de terminoloxía, xunto coa rusa e a quebequesa, que se baseou nos traballos de Eugen Wüster para desenvolver os fundamentos da chamada teoría xeral da terminoloxía, ou TXT, debe a súa importancia ao feito de que coas súas propostas

[2] Aínda que algúns autores, sobre todo en lingua inglesa (vid. Sager), utilicen o termo «termo» como sinónimo de «denominación» ou «designation», eu prefiro chamar a súa vertente lingüística polo nome de «denominación» e reservar «termo» para a unidade composta de concepto e denominación, como explicarei máis adiante.

[3] «La notion de notion en terminologie (...) peut se décrire de façon générale comme une représentation abstraite composée de l'ensemble de traits communs essentiels à un groupe d'entités (objets ou idées) et obtenue par soustraction des caractéristiques individuelles de ces entités» (Rey 1984: 22) ou «concept: a unit of thought constituted through abstraction on the basis of properties common to a set of objects» (ISO 1087).

teóricas proporcionou a base teórica e o conxunto de principios metodolóxicos de toda a terminoloxía moderna (Cabré 1992: 33). Esta escola, xurdida nos anos trinta, estaba formada por enxeñeiros e científicos preocupados pola grande cantidade de novas denominacións que a rápida evolución da ciencia e a tecnoloxía estaba a producir e polas dificultades de comunicación profesional, producidas, segundo eles, pola variación lingüística e a polisemía da lingua natural.

O traballo destes terminólogos tiña por obxecto a consecución, através da estandarización das unidades de comunicación do coñecemento especializado (é dicir através da univocidade e da desambiguación eficaz ou da unificación dos usos lingüísticos), dunha lingua ideal onde non existise sinonimia nin polisemía (Wüster 1998: 141, 147), suprimindo a variación denominativa a favor dunha soa forma de referencia, así como dunha «harmonización conceptual» entre as linguas modernas, principalmente no eido científico e técnico (Wüster 1998: 151-152). Como se explica polo feito de que a escola de Viena nacese da necesidade da comunidade científica e técnica de garantir a comunicación profesional e a transferencia de coñecementos entre os seus membros, a TXT orienta o traballo terminolóxico á prescrición estandarizadora, o que por outra parte explica tamén a rixidez da súa metodoloxía e constitúe unha das principais diferenzas coa lexicografía, que adopta un enfoque semasiolóxico e unha perspectiva, en principio, descritiva.

Así pois, para a TXT, a terminoloxía, considerada como unha disciplina autónoma, estuda os termos específicos dun campo especializado, sempre a partir do concepto, representado pola súa designación, lingüística ou non, da que é considerado preexistente. A terminoloxía tradicional adopta, por tanto, unha metodoloxía de traballo exclusivamente onomasiolóxica[4] e centra a súa atención na descrición estrutural do sistema de conceptos da área de especialidade en cuestión e na identificación dos conceptos nese sistema da cal toman os termos o seu valor, para, previa análise sistemática, fixar as denominacións estandarizadas correspondentes aos conceptos estabelecidos e presentalos xunto con diversas informacións gramaticais e semánticas. Outro elemento de suma importancia na TXT, extrapolábel a toda a terminoloxía moderna, é a esixencia de que os termos obxecto do traballo terminolóxico sexan

[4] Por enfoque onomasiolóxico entendemos aquel que «toma como ponto de partida un significado e estuda as súas relacións cos diferentes significantes que o expresan» mentres que «a semasioloxía, por outra parte, ten como ponto de partida un significante e estuda as relacións que o unen aos diferentes significados que pode expresar» (Freixeiro Mato 1999: 32).

extraídos *in vivo* da comunicación entre os peritos dunha determinada área do coñecemento especializado, materializada de preferencia através de textos técnicos, que é onde aparecen os termos reais que utilizan os especialistas (Cabré 1993: 265-266).

2.2. TERMINOLOXÍA MODERNA

As novas teorías son en grande medida continuadoras da teoría xeral da terminoloxía pero á vez críticas con moitos dos seus postulados. En particular cuestionan da TXT a súa natureza demasiado restritiva ao limitar o seu obxecto de estudo ás unidades unívocas estandarizadas propias exclusivamente de dominios científico-técnicos. Como veremos, as principais teorías modernas demostran que a investigación terminolóxica non ten por qué realizarse necesariamente con vontade prescritiva senón que pode ser conveniente ter unha orientación tamén ou unicamente descritiva, xa que hai moitos dominios de especialidade en que se non pode normalizar a terminoloxía ou é moi difícil (Cabré 1999: 64). Así mesmo, tamén refutan á TXT a súa incapacidade de explicar numerosas observacións empíricas relativas ás situacións reais da comunicación interprofesional[5] ou de servir para satisfacer as novas necesidades das novas situacións, así como outros puntos como a súa concepción do coñecemento científico como algo homoxéneo ou a propia noción de coñecemento especializado que defende.

Se ben hai puntos en que, en xeral, tanto as teorías tradicionais como as modernas fan fincapé, como é a necesidade de compilar as unidades que realmente utilizan os especialistas, de relacionar os conceptos cos outros conceptos cos que constitúen un campo conceptual, de colocar os termos sempre na perspectiva dunha área de especialidade concreta, etc., para as teorías modernas, en xeral, o terminólogo debe ter maior liberdade, dependendo dunha serie de variábeis como a finalidade, os recursos, a materia, os destinatarios, etc., para conducir o seu traballo como lle parecer mellor ou para incluír as informacións que considerar pertinentes, deixando atrás o ríxido corsé que resultaba unha metodoloxía única, explicábel na maior parte pola motivación estandarizadora da terminoloxía tradicional. Basicamente as innovacións que as novas

[5] Como por exemplo o feito de que un especialista poida tratar un mesmo tema nun contexto técnico e nun contexto de divulgación de maneira diferente conforme o público a que se endereza.

teorías formulan son unha maior consideración da natureza lingüística dos termos e unha base máis empírica.

A seguir presento algunhas das propostas teóricas que, partindo de Wüster, chegan a novas concepcións nos preceptos teóricos da terminoloxía.

2.2.1. Socioterminoloxía

Baseada na sociolingüística e plasmada nos traballos de Jean-Claude Boulanger e François Gaudin nos anos oitenta, a socioterminoloxía apela á función comunicativa da terminoloxía, encarando os termos do punto de vista do seu funcionamento e das condicións sociolingüísticas da enunciación e estudándoos na súa dimensión interactiva e discursiva (Conceição 1994: 34). Estuda, pois, o comportamento lingüístico dos usuarios dunha terminoloxía dada, é dicir a súa reacción perante termos novos e a opinión da lingua que empregan, o uso que fan deles, a difusión entre as comunidades de usuarios que teñen etc. e aconsella a regulación polo uso frente á estandarización imposta. A socioterminoloxía foi unha tentativa de procurar un enfoque máis realista pero na práctica non conseguiu formular unha serie de presupostos teóricos e metodolóxicos que lle servisen para fundamentar unha teoría propia.

2.2.2. Terminoloxía sociocognitiva

A TSC cuestiona a TXT por ignorar as interaccións entre os elementos do triángulo semántico (mundo, mente e linguaxe) e, por tanto, a dimensión social da terminoloxía e recorre á semántica cognitiva e á lingüística funcional como ferramentas alternativas á abordaxe estruturalista da TXT. Por exemplo, a partir do estudo de textos científicos da área da bioloxía, Rita Temmerman, na súa tese de doutoramento *Terminology Beyond Standardisation. Language and Categorisation in the Life Sciences* (1998) e en *Towards New Ways of Terminology Description* (2000), demostra que, dado que a polisemía, a sinonimia e a linguaxe figurada interveñen no proceso de conceptualización e desenvolvemento dos conceptos, existen algúns que poden ser descritos de acordo co principio de univocidade da TXT e outros que non, que a TSC denomina categorías con estrutura prototípica (é dicir, que os seres humanos temos na mente un protótipo, un exemplar modelo de cada categoría que serve como base para levarmos á práctica a nosa capacidade clasificatoria ou categorizadora). A TSC preconiza un novo enfoque

máis realista que renuncie a principios como a univocidade cando non é posíbel e que leve conta doutras informacións que poden ser relevantes na descrición terminolóxica.

O máximo contributo da terminoloxía sociocognitiva é a diferente percepción dos procesos cognitivos humanos. É dicir, mentres a terminoloxía tradicional afirma que a mente humana pode percibir e comprender *obxectivamente* o mundo simplemente grazas á súa capacidade clasificatoria, a terminoloxía sociocognitiva defende que, na realidade, a nosa percepción do mundo se efectúa mediante a creación de categorías mentais, moitas delas con estrutura prototípica, e que está condicionada, por unha parte, pola nosa cultura, é dicir, tanto polos nosos razoamentos como polas ideas doutras persoas, vehiculadas e transmitidas a nós através da linguaxe, escrita ou oral. Temmerman (1997: 55-56) afirma que «language is the medium for expressing human world perception and human world conception». Dese modo, a linguaxe realiza unha función cognitiva na nosa comprensión da realidade porque é un medio de categorización.

A TSC, ao ter en conta a influencia da linguaxe na cognición humana como medio de categorización e ao se basear na análise dos procesos de formación e funcionamento das categorías en textos especializados reais, é máis realista que a TXT e por tanto ten importantes implicacións para a terminografía, mais é tamén unha teoría demasiado complexa e aínda non está o suficientemente desenvolvida para levar á práctica nun traballo como este. Con todo, estas propostas aínda non se materializaron nun modelo metodolóxico sólido.

Con todo, certas críticas á TXT si considero conveniente e posíbel aplicar aquí. Por exemplo, en consonancia coa TSC, considero que, ademais dos denotativo e literal, deben ser considerados os significados connotativo e figurado para elaborar definicións (vid. calzón de boca de cuza ou 366 mandil). Así mesmo, procurar a univocidade non é oportuno porque a polisemía e a sinonimia, en canto produto natural da lingua, son funcionais e deben ser tamén tidas en conta, sobre todo nun léxico cunhas características como as da LVTG. Tamén desboto a convención da terminoloxía tradicional de describir o significado só do punto de vista sincrónico e asumo que, consoante á visión da lingua como un proceso no tempo, os termos tamén necesitan ser descritos conforme á súa evolución diacrónica.

2.2.3. Teoría comunicativa da terminoloxía ou teoría das portas

Teresa Cabré, na súa obra *La terminología. Representación y comunicación. Elementos para una teoría de base comunicativa y otros artículos* (1999), recolle unha serie de artigos, anterioremente publicados, nos que se deseña unha teoría, baseada nos aspectos comunicativos dos termos, segundo a cal e á vista de datos empíricos, a metodoloxía presentada pola TXT non é universalmente válida e por tanto non pode ser aplicada de modo uniforme a todas as materias especializadas, para todas as finalidades e para todas as linguas. A normalización e a imposición da univocidade, pois, ao contrario do que propón a terminoloxía wüsteriana, non deben ser os obxectivos primordiais, ou polo menos non os únicos. No canto diso, por exemplo, a TCT, así como a TSC, mantén que o traballo terminolóxico debe dar conta da variación, se ben sometida a un certo control, sobre todo o control da ponderación.

A TCT (Cabré 2000: 13) pretende explicar o carácter poliédrico dos termos, ao suxerir o seu estudo por diferentes disciplinas con cadanseus métodos: como signos lingüísticos estruturalmente indistintos das palabras da lingua xeral, como unidades de cognición, como elementos de comunicación, etc., e considera por tanto a terminoloxía como unha actividade técnica ou científica interdisciplinar. É dicir, nesta nova concepción, a terminoloxía deixa de ser unha disciplina autónoma independente da lingüística, como o era para a TXT, e pasa a ser unha confluencia de disciplinas tales como a lingüística, a socioloxía, a epistemoloxía, as ciencias da comunicación, a informática, etc. que poden abordar o mesmo obxecto de estudo con cada unha a súa propia aparataxe teórica.



No plano cognitivo, a TCT recorre á psicoloxía cognitiva, que cuestiona a guniformidade e a diferenza a respecto do coñecemento xeral do mundo que a TXT atribúe ao coñecemento especializado, e propón un contínuum diversificado e variábel de diferentes graos de especialización dos usuarios dunha terminoloxía (o cal corrobora o presente traballo mediante as consultas ás fontes orais). Do punto de vista lingüístico, a TCT rexeita a limitación da teoría wûsteriana aos aspectos prescritivos dos termos e a distinción extrema entre estes e as unidades lexicais da lingua xeral. No plano sociolóxico ou comunicacional, a TCT rexeita a concepción tradicional idealista e homoxeneizadora dos termos, do coñecemento e da comunicación especializada.

Por outro lado, segundo a proposta comunicativa ou das portas, a terminoloxía ocúpase das unidades de comunicación do coñecemento especializado unicamente de carácter lingüístico, que aparecen no seo dunha lingua natural e participan por tanto das mesmas características formais que as unidades do léxico común, se ben se distingan delas polas súas calidades pragmáticas: as súas condicións de produción e recepción e os seus modos de significación (Cabré 2000: 14). As unidades lexicais, entre elas os termos, activan algunhas das súas numerosas informacións gramaticais, semántico-semióticas ou pragmáticas potenciais en función do contexto de utilización. Así, os termos son unidades lexicais que poden adquirir un valor pragmático terminolóxico, é dicir devir en termos, cando se utilizan como unidades de coñecemento especializado en contextos comunicativos caracterizados por unha temática e uns interlocutores especializados.

O obxectivo final da terminoloxía deberá ser a detección e a compilación das unidades lexicais de valor terminolóxico recoñecido, a súa análise e descrición formal, semántica e funcional, a explicación do seu proceso de activación como termos, o estabelecemento de relacións conceptuais entre os termos do corpus, a detección da sinonimia, etc.

2.2.4. Terminoloxía cultural

Polas características deste traballo, en que se lida cunha terminoloxía popular e non científico-técnica, pareceume pertinente (aínda que só para os efectos de busca de equivalencias) a análise destoutra teoría, a teoría culturalista, xa que ela propugna que a terminoloxía, tanto a nivel teórico como práctico, debe ter en conta non só as dimensións lingüística e técnica, senón tamén as dimensións socioculturais, históricas,

fenomenolóxicas e psicolóxicas, i. é, debe considerar a diversidade cultural do mundo e as necesidades identitarias particulares das diferentes comunidades humanas. Desenvolvida por Marcel Diki-Kidiri (2000: 27-30) e baseada na socioterminoloxía e na teoría sociocognitiva, algúns de cuxos principios teóricos, principalmente os relativos a cuestións culturais, elabora en máis profundidade, esta teoría baséase na importancia radical da cultura como a peneira que condiciona a maneira como cada pobo ou cada persoa percibe, nomea, categoriza, clasifica, concibe, etc. as realidades do mundo, incluídas experiencias novas que pasarán a integrar esa cultura, modificándoa e perdendo a súa novidade.

Segundo esta teoría, elaborada principalmente en aras da normalización de equivalencias estándar entre terminoloxías de linguas africanas dun lado e europeas doutro, a metodoloxía do traballo terminolóxico debe partir dunha perspectiva pluridisciplinar en varias áreas culturais e levar en conta os resultados das investigacións recentes no dominio das ciencias cognitivas e da antropoloxía cultural para identificar con clareza tanto as converxencias como as especificidades culturais entre as varias linguas confrontadas no traballo terminolóxico plurilingüe. É necesario tamén identificar con precisión os usuarios finais, pois con eles se deberá colaborar estreitamente para xerar ou validar os termos, así como realizar unha análise profunda de varios puntos de vista, incluído o diacrónico, dos termos compilados para discernir as súas implicacións culturais e a súa adecuación técnica.

3. METODOLOXÍA

Aínda concordando coa focaxe comunicativa, que si entende que existan termos polisémicos apelando á dimensión pragmática especial que adquiren os termos cando se utilizan en determinados contextos e por determinados usuarios, aquí decántome, en función do resultado final que pretendo alcanzar, por unha metodoloxía tradicional, baseada na asunción de que un termo é unha unidade composta da dupla vertente de denominación lingüística e contido conceptual e cumprirá falar, pois, de homonimia e non de polisemía, xa que aínda que mude só unha das dúas caras desa vertente o termo xa non será o mesmo senón outro. As implicacións metodolóxicas deste enfoque poden apreciarse na sección 3.2.3.5. Remisións.

En efecto, concordo, pois, con Faulstich (1996: 240) cando afirma que «les principes délimitant le lexème et le terme proviennent davantage des recours méthodologiques de la lexicologie et de la terminologie que des fondements conceptuels du lexème et du terme», é dicir que, aínda que a realidade sexa a mesma, cada disciplina estrutura os modelos lexicais dunha forma diferente obtendo por tanto produtos diferentes. A escolla dunha metodoloxía terminolóxica en detrimento da lexicografía especializada vén determinada non pola controvertida natureza desemellante de termos e palabras senón polo tipo de produto que desexo obter, é dicir, un dicionario provido dun sistema de representación conceptual para a súa consulta onomasiolóxica (vid. sección 3.1.3. Obxectivos).

En principio, pois, apesar de compartir coa TCT a concepción da terminoloxía como unha ciencia interdisciplinar e dos termos como unidades lexicais especiais (pero integrantes da lingua), estou até certo punto de acordo coa separación acérrima da TXT estabelecida no plano práctico entre terminoloxía e lexicografía especializada que as teorías modernas rebaten, se ben entenda que existe un contínuum e que en certos casos (os menos extremos) as fronteiras son ambiguas. Con todo, aplicar todos os preceptos da TXT ao meu traballo non podería resultar apropiado, dado que o que nos ocupa non é un contexto que requira de prescrición nin uns usos fortemente estruturados nin é o meu propósito prioritario garantir a univocidade comunicativa, senón que lidamos cunha terminoloxía popular utilizada nun contexto de comunicación natural, de base social e con pretensións identitarias (Wüster 1998: 12).

É importante, pois, procurar unha estratexia propia, adecuando ao proxecto específico a metodoloxía adoptada mais sen por iso desbotar aspectos vantaxosos doutras metodoloxías, sempre que non sexan incompatíbeis entre si. Adopto unha metodoloxía clásica pero non desboto, pois, que os enfoques lingüísticos ou mesmo o contributo da semántica cognitiva e da pragmática poidan ser de relevancia teórica para a sistematización do léxico especializado abordado neste traballo, dado o seu carácter de léxico patrimonial fixado no uso histórico da lingua xeral.

No plano metodolóxico, pero sempre considerando os principios comentados na sección precedente 2. PRINCIPAIS CORRENTES TEÓRICAS DA TERMINOLOXÍA, seguín as indicacións contidas en Cabré (1992) e en certas suxestións concretas da TCT en Cabré (2001). Ademais, adoptei, adaptándoa aos meus obxectivos e necesidades, a metodoloxía terminográfica proposta en Termcat (1990), que se basea no traballo realizado pola Office de la langue française no Quebec e nas normas e recomendacións do Comité de terminoloxía (CT/37) da ISO (International Standard Organisation).

3.1. PREPARACIÓN DA TERMINOLOXÍA

Previamente ao traballo terminolóxico *per se*, realicei unha análise da área e estabelecín os obxectivos, o corpus (conxunto de fontes orais e escritas) e a delimitación precisa da área de especialidade.

3.1.1. Exploración do campo de traballo

Previamente ao proceso de elaboración do traballo terminolóxico en si, realicei un estudo superficial preliminar, co obxectivo de obter unha visión xeral sobre a temática e a actividade dos especialistas que utilizan esta terminoloxía, a cantidade de documentación dispoñíbel, as características do medio profesional en que se desenvolve a actividade e a situación sociolingüística deste dominio especializado, mediante a consulta de documentos xerais de tipo enciclopédico e obras xerais sobre o tema, acompañada dunha sondaxe preliminar con visitas a asociacións culturais, museos, tendas, artesáns téxtiles, universidades, etc. Así mesmo, estas visitas tamén me serviron para reunir a información de contacto dun certo número de informadores que posteriormente me guiarían no coñecemento da área e aos que podería facer consultas

todo ao longo do traballo. Da competencia dos informadores depende en bo grao a calidade do traballo, polo que é preciso escollelos con tino.

3.1.2. Características da lingua de especialidade da VTG

A parte do léxico do galego que pretende cubrir este dicionario é o vocabulario especializado da área da vestimenta tradicional galega (para máis precisión vid. 3.1.7. Delimitación da área), que utilizan os investigadores (académicos ou, máis frecuentemente, amadores) da etnografía galega[6], concretamente dos aspectos indumentarios, os alfaiates artesáns ou integrantes doutros colectivos na súa actividade e na comunicación con colegas. Esta é unha terminoloxía popular no sentido de que este léxico, hoxe máis ou menos especializado en razón dos usuarios e dos contextos de uso, foi de uso estendido do pobo galego hai máis dun século, e por tanto é un léxico cunha evolución patrimonial non planificada que o achega máis do léxico común da lingua que das terminoloxías científico-técnicas. Daquela, pois, como a lingua xeral, a LVTG explota enormemente a polisemía, a metáfora e outros recursos da linguaxe figurada, e non a sintagmación, a composición culta etc. propias de terminoloxías modernas.

Dada o seu carácter popular, pois, a área de coñecemento escollida suscita a cuestión de se a lingua utilizada polos especialistas da VTG no seu discurso especializado cando tratan sobre ela (LVTG) é unha lingua de especialidade ou non, principalmente para decidir qué metodoloxía é mais apropiada de entre a terminolóxica e a lexicográfica. De acordo con Cabré (1992: 119), unha lingua de especialidade, en contraste coa lingua xeral, é un

> *subcodi (...) caracteritzat «específicament» en virtut d'unes determinades peculiaritats, com poden ser la temàtica, el tipus d'interlocutors, la situació comunicativa, la intenció del parlant, el medi en què es produeix un intercanvi comunicatiu, el tipus d'intercanvi* [p. ex. conferencias, sesións didácticas, charlas entre especialistas, etc.], etc.» (Cabré 1992: 119).

No caso que nos ocupa, o que individualiza o subcódigo que vehicula os coñecementos relativos á VTG é a presenza dunha serie de unidades léxicas, que, aínda aparecendo en baixa concentración, só poden ser descodificadas correctamente polos que posúen coñecementos desa área (é dicir os especialistas e, en menor medida, os

[6] A mor parte das veces amadores que compilan, procesan e difunden o coñecemento especializado sen máis medios que os propios ou os das asociacións culturais a que pertencen e no seu tempo de lecer.

semiespecialistas ou os amadores) ou, noutras palabras, o coñecemento especializado da VTG non é accesíbel ao falante leigo en función das súas meras facultades cognitivas normais ou da súa integración cultural na sociedade en que vive. A comprensión dun discurso ou dun texto sobre a VTG xerado por un especialista ou a participación nun acto comunicativo sobre a VTG requiren unha aprendizaxe previa: é dicir, a adquisición do vocabulario e dos criterios asociados que só son coñecidos polo subconxunto dos falantes que se dedican a ese sector de actividade. Con base nestes feitos, xulgo que a LVTG pode e debe ser considerada unha lingua de especialidade.

Por outra parte, mesmo naqueles casos de textos que se poderían clasificar como divulgativos que practicamente non diferen dos tipos comunicativos da lingua xeral, lembremos que a distinción categórica entre lingua de especialidade e lingua xeral da TXT está desacreditada polas teorías modernas, que demostran que existe un contínuum de especialización ou, noutras palabras, que un texto será máis ou menos especializado dependendo da súa densidade terminolóxica, é dicir, do seu grao de afastamento do vocabulario da lingua xeral. Nas palabras de Cabré (1999: 189), «resulta difícil, por no decir imposible, trazar una línea divisoria nítida entre la noción de lo que es general o especializado aplicada a cualquier campo relativo al conocimiento o al lenguaje».

3.1.3. Obxectivos

Tal como salienta Anger (1987: 14), non podemos fixar uns obxectivos precisos até que coñecemos o estado dos recursos terminolóxicos dispoñíbeis e as necesidades dos usuarios. En efecto, os obxectivos non se concretizarían de forma definitiva até dar cabo das operacións descritas en 3.1. Preparación do traballo mais, aínda así, a obtención dunha imaxe máis ou menos clara dos puntos enumerados en 3.1.1. Exploración do campo de traballo foi suficiente para efectuar un esbozo firme dos obxectivos que pretendía alcanzar este traballo, nomeadamente, a creación dunha ferramenta terminolóxica cuxas dimensións correspondan ao procesamento de ao menos un par de fontes de baleirado relevantes que fornecese informacións relativas á denominación, á categoría gramatical, á definición, aos contextos de aparición ou ás relacións con outros termos confluentes dos termos relativos ás pezas da vestimenta, ás súas partes e aos materiais principais de que se compoñen. Ademais, aínda que, como explicaba en 3.1.2. Características da LVTG, non a aplique ao pé da letra por o meu traballo non ser de natureza prescritiva, a principal razón para adoptar unha metodoloxía de enfoque

onomasiolóxico é o desexo de crear un sistema de representación conceptual que axude a clasificar sistematicamente os conceptos propios da área e que posibilite a súa consulta en sentido onomasiolóxico.

O meu traballo non ten como obxectivo dirixir o uso dos especialistas nin optimizar a LVTG senón describir o uso real conceptualmente para os non especialistas co fin de posibilitar ou facilitar a comunicación ou a súa comprensión de textos desta temática ou, por outra parte, para a resolución de dúbidas lingüísticas ou denominativas concretas para os especialistas, tentando así difundir a terminoloxía galega correcta e desprazar calcos e empréstimos do español, co fin de conservar os trazos identitarios da comunidade lingüística galega. Este traballo pretende, pois, ser unha ferramenta que sirva para modificar usos incorrectos entre especialistas e para os efectos de esclarecemento conceptual, é dicir, para reducir a confusión que poida existir, sobre todo entre os *non* especialistas (aínda que non se pode estabelecer unha división nítida entre especialistas e non especialistas, senón que, como dicíamos, o coñecemento se incrementa nunha especie de contínuum, de persoas con leves coñecementos até os máximos referentes no tema).

En segundo lugar de importancia, o traballo tamén quere servir á comunicación interlingüística e ao intercambio de información entre diferentes comunidades culturais. A este respecto, no esbozo preliminar do traballo contemplábase a conveniencia de incluír as equivalencias dos termos en linguas próximas (español ou portugués e inglés) pero finalmente por motivos de premencia esa parte do traballo non puido efectuarse. O produto final resultou un dicionario descritivo monolingüe en galego coa posibilidade, non obstante, de engadir equivalencias. Sobre os obxectivos non acadados, vid. 3.5. Liñas futuras.

Existen varias razóns para non realizar un traballo prescritivo. En primeiro lugar, porque só un documento elaborado por un organismo ou unha personalidade de recoñecida cualificación nun campo de coñecemento —que eu non son— pode ser utilizado como unha referencia de autoridade polos especialistas[7]. O meu traballo poderá eventualmente, se eles o avaliaren positivamente, se tornar un documento desas

[7] Non obstante, non debemos confundir a potestade que pode ter unha institución para lexislar sobre a corrección dunhas ou doutras formas lingüísticas coa autoridade que só un especialista cualificado ou un organismo formado por especialistas poden ter. Potestade e autoridade poden coincidir pero non o fan necesariamente. Rodríguez Río (1996: 63) afirma que «non se pretende xustificar a necesidade de que as obras terminolóxicas sigan ás cegas a norma léxica, xa que o peso do especialista na elaboración do léxico científico da súa disciplina debe ser decisivo».

características pero a priori a súa autoridade está por demostrar[8]. Segundo, porque, ao contrario do que acontece nas linguas científicas e técnicas, aínda das ciencias sociais, en que a normalización dos seus léxicos especializados contribúe sen ningunha dúbida para a capacitación da lingua como vehículo de comunicación culta, o vocabulario especializado albo do meu traballo non pertence a unha actividade en evolución permanente e non ten sentido pois malgastar esforzos en tentar normalizar un uso escaso do cal só en pequena medida depende directamente o desenvolvemento da lingua.

> *In effect, absolute uniformity is not always feasible, and its achievements can depend as much on the conceptual properties of the discipline as on the goodwill and good intentions of users.* (Sager 1990: 20)

Terceiro, porque no caso dunha terminoloxía popular como a obxecto deste traballo, en que a sinonimia, a polisemía e a variación son manifestas en tan alto grao, non sería realista e talvez nin sequera posíbel tentar padronizar e procurar relacións unívocas, aínda que si sexa conveniente estabelecer criterios para identificar a denominación principal dun concepto da cal as outras son variantes.

Non obstante, apesar de que este traballo non contribúe directamente para facer do galego unha lingua máis apta para vehiculizar a modernidade, como si acontecería caso lidase co léxico dunha disciplina técnica en emerxencia ou desenvolvemento, o dicionario si pode servir como un sólido acervo de onde os falantes en xeral, e os peritos do arrequentamento vocabular do galego en particular, tiren recursos para a construción de terminoloxías modernas[9]. Un exemplo de transformación do léxico téxtil tradicional en terminoloxía doutras áreas, ao longo da evolución da lingua, é o caso do *bureau* francés, que, segundo o Nouveau Petit Robert (1996), de significar «tapiz de mesa» ou, sob a forma *bure* ou *burel*, «tecido de la parda» (e, por metonimia, exactamente igual que acontece co galego *burel*, «roupa dese tecido») no século XII, pasou aos significados que lle concedemos hoxe de «mesa sobre a que se escribe ou traballa» e «cuarto onde está esta mesa» ou «lugar de traballo dos empregados» e resultou ser un recurso rendíbel na cuñación de novos termos como *bureautique* ou *bureaucratie*. Este

[8] A relevancia deste traballo radica na abordaxe da LVT como unha lingua de especialidade e no estabelecemento dun método sistemático para o seu estudo.

[9] «Il arrive souvent qu'on récupère des termes anciens, «oubliés», pour les réinvestir dans des réalités nouvelles» (Diki-Kidiri: Cabré 2001: 29)

tipo de transformación tamén pode darse, e de feito dáse, actualmente na creación neolóxica ad hoc en galego mediante o proceso de ampliación semántica.

3.1.4. Usuarios

O tipo de destinatario determina a forma de presentar os datos, o tipo de obra que se ha de editar, métodos de consulta, grao de especialización da información terminolóxica, etc. mais neste caso o dicionario está concibido e realizado de forma que non só un único colectivo de usuarios o encontren de fácil consulta, senón que a súa utilización sexa o suficientemente intuitiva tanto para un tradutor ou un lexicógrafo como para un etnógrafo non afeito a consultar obras lexicográficas ou terminolóxicas. O público a que se dirixe este traballo está constituído, pois, por un lado, por mediadores comunicativos (tradutores, redactores, intérpretes, xornalistas), lexicógrafos, documentalistas, asesores e planificadores lingüísticos e profesores de lingua e investigadores de lingüística galega e, por outro, etnógrafos ou estudiosos do folclore galego e costureiras e alfaiates artesanais.

3.1.5. Fontes escritas

Un traballo lingüístico que ten por fin describir a lingua, aínda sendo parcialmente, parte de datos empíricos, que en xeral proceden do discurso escrito ou oral dos usuarios da lingua e, en xeral, as unidades terminolóxicas, das producións discursivas dos especialistas, é dicir os textos especializados. Así, a documentación utilizouse en case todas as fases de elaboración do dicionario, servindo tanto de fonte de información conceptual de referencia como de base de detección e extracción dos termos. Para a documentación sobre a terminoloxía nos seus aspectos teórico e práctico, recorrín á consulta dos fondos da biblioteca da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo e da Internet. A referencia dos manuais e artigos utilizados pode ser examinada na sección 5. BIBLIOGRAFÍA.

Ao seu tempo, tras confrontar cun especialista a conveniencia e a factibilidade da elaboración deste traballo terminolóxico e tras un primeiro estudo das liñas mestras da súa metodoloxía, tamén foi preciso, seguindo as indicacións de Cabré (1992: 253-257), me informar sobre a documentación existente sobre a especialidade, especialmente sobre o traxe galego pero tamén do traxe en xeral, recorrendo aos especialistas no traxe galego e a varios centros de documentación, principalmente o Museo do Pobo Galego e

a Biblioteca Universitaria Xeral de Santiago de Compostela, que dispón dun dos acervos galegos máis importantes do país, e fóra del a biblioteca do Isle of Man College (na Illa de Man), a Local Studies Library de Barrow-in-Furness (en Inglaterra) e a Bibliothèque Nationale de France de París (en Francia).

Deseguido, despois dunha avaliación da documentación encontrada e da decorrente selección das obras de referencia máis relevantes para a investigación, case na súa maioría monografías e artigos en enciclopedias ou obras máis xerais, tanto en galego como en español, inglés e francés, así como obras lexicográficas e pequenos glosarios que acompañan como anexos as obras consultadas, servinme delas e dunha serie de consultas orais preliminares aos especialistas para, nun primeiro momento, aprehender os contidos nocionais da área, estabelecer con precisión a delimitación da área de coñecemento do sector de actividade especializado e estruturar un sistema conceptual provisional, alén de para os ulteriores efectos de referencia.

Así mesmo, de entre esa documentación de referencia escollín un corpus representativo de textos da materia para o baleirado dos termos en galego, que, na procura da máxima exhaustividade e debido á escasa produción existente en torno deste tema[10], resultou composto por todas as obras sobre o traxe galego encontradas, non só en galego, como sería de desexar para o baleirado dun traballo nesta lingua, senón tamén, de forma non sistemática, en español, xa que é común que en moitos casos, ademais da información conceptual, acheguen tamén as denominacións en galego[11]). O corpus de baleirado constituíu a base material de extracción dos termos, en canto que a documentación de referencia proporcionou información sobre distintos aspectos da área. Isto quere dicir que das fontes en español que tratan a VTG non podemos extraer as denominacións en galego mais si podemos localizar os conceptos, dos que logo procuremos a denominación nos textos en galego ou nas fontes orais.

Para as cuestións relativas ás denominacións nas diversas linguas, na última fase do traballo e por tanto unha vez estabelecido o resto das informacións terminolóxicas a

---

[10] «O primeiro problema que se atopa no estudo diste traxe é a falla de documentación, especialmente de datos iconográficos que nos permitisen albiscal-o sen desenrolo, millor dito, o dos seus elementos (...)» (Lorenzo 1983: 273). En efecto, non só iso, senón que cómpre apuntar que algunhas obras incluídas no corpus de baleirado, se ben son referentes constantes na área, presentan algún problema como por exemplo que o público que se destinan é xeral e non especializado (vid. Fraguas).

[11] Por exemplo: «Se calzaban no con media a la rodilla, sino con calcetín de lana sin suela, el *escarpiño* y encima ponían peales de sayal, el *chapiño* que sujetaban con unas cintas (...)» (TRG: 46).

respecto do galego, recorrín aos artigos e obras en inglés así como aos dicionarios monolingües e bilingües e aos glosarios que acompañan os anteditos artigos e obras. Tanto as súas referencias como as do corpus de baleirado pódense verificar na bibliografía en 5. BIBLIOGRAFIA.

3.1.6. Fontes orais

A comunicación especializada entre os profesionais dunha materia, que é a base para a extracción da información terminolóxica, materialízase en forma de comunicacións non só escritas senón tamén orais (como conferencias, presentacións, aulas, diálogos, etc.), polo que, alén de recorrer á documentación escrita, debemos destacar o feito de as fontes orais seren non só perfectamente válidas senón absolutamente imprescindíbeis, aínda que, como di Conceição (1994: 34), son «esquecidas na maior parte das metodologias de investigação terminológica». Neste respecto, convén recordar a Cabré (1992: 255, nota 12):

> *Per la resolució de dubtes específics i la recollida d'informacions puntuals, són d'una gran utilitat les consultes als especialistes. Les respostes que aquests proporcionen solen tenir un valor informatiu molt important (...). La documentació oral és tan valuosa com l'escrita si hi figura la font; per tant, s'ha de tractar com un document més.*

Ademais, aos especialistas podo dirixirlles preguntas específicas acerca de aspectos concretos da especialidade, o cal é imposíbel no caso das fontes escritas, xa que a información que nelas aparece é estática e, por tanto, non se pode manter interacción con ela.

O labor dos especialistas, que coñecen a fondo a materia, foi pois fundamental por tanto á hora de acometer este traballo, servíndome de guía, orientándome sobre qué fontes existen e sobre a fiabilidade e maior ou menor autoridade de cada unha delas, axudándome a completar os coñecementos sobre a área adquiridos mediante a lectura da bibliografía de referencia e de baleirado, axudándome a deseñar o sistema de representación conceptual da área, resolvendo as miñas dúbidas, confirmando ou rectificando as ideas que eu me ía formando e dirixindo a miña atención para os problemas denominativos e conceptuais máis relevantes con que se deparan os usuarios da terminoloxía do TTG e dándome o seu parecer de usuarios sobre as miñas propostas de solución para eses problemas.

Infelizmente só me foi posíbel asistir a unha pequena conferencia sobre o tema organizada pola Asociación do Traxe Galego e na Facultade de Historia da Universidade de Santiago de Compostela non existe ningún investigador dedicado a el, pero si puiden manter frecuentes entrevistas orais con algúns investigadores independentes e membros de asociacións folclóricas e culturais, sobre todo da A. C. F. «O Fiadeiro» de Vigo.

Con fundamento nas directrices de Corbeil (1994: 28), os inquéritos efectuáronse de forma non sistemática e non exhaustiva. Si se contou cunha pequena ficha cos datos persoais (nome, idade, lugar de nacemento, ocupación e domicilio) e con preguntas concretas sobre os conceptos problemáticos ou que nas fontes escritas se non expliquen suficientemente. Para facilitar ulteriores verificacións, revisións ou ampliacións, deime así mesmo o traballo de gravar as consultas aos especialistas e de rexistrar adecuadamente a fonte.

3.1.7. Delimitación da área de especialidade

Despois da selección do corpus documental, debín definir (é dicir, de-limitar, pór límites a) coa máxima precisión a área de especialidade obxecto do traballo terminolóxico conducente ao dicionario de termos da vestimenta tradicional galega (VTG) (Fedor 1995: 101). Sería cobizábel incluír neste dicionario (DVTG) conceptos afíns a esta área, como operacións de fiazón, tecelaxe, costura etc. pero as expectativas respecto tanto ás dimensións deste traballo como á súa duración no tempo, xunto coa xa de por si abondo enmarañante complexidade da parcela de realidade escollida como área de especialidade, tornan realista cinxirse unicamente ao vocabulario específico da VTG. Rompo esa limitación só a favor dos materiais, que dado que aparecen sempre nas definicións das pezas de roupa si convén que sexan incluídos na macroestrutura do dicionario para os usuarios comprenderen mellor as explicacións terminolóxicas[12].

Pero debemos explicar o que abranxe exactamente o sintagma «vestimenta tradicional galega» e os conceptos xenéricos relacionados, considerando as definicións que proporcionan os dicionarios DLE, DXL, DEHLP, DCLG, DLG, DdD e o WordNet, así como as informacións recollidas do corpus de referencia e o uso que fan *de facto* os usuarios deste vocabulario. Aquí adoptei, como obxecto do dicionario, non o traxe

[12] Con todo, no futuro este traballo poderá ser ampliado con novas informacións tanto da área do TTG como das citadas áreas afíns, dependendo da miña disponibilidade e da aceptación que obtiver esta primeira achega.

senón a *vestimenta*, que, aínda que en sentido estrito se refere ás pezas de roupa de vestir, na práctica esténdese até alcanzar tamén as pezas de calzado, de toucado, etc., é dicir, todo o conxunto de pezas en xeral e non só, á diferenza do 'traxe', ás vestidas simultaneamente por unha persoa.

A vestimenta é, pois, o conxunto das pezas de roupa de vestir, de toucados e de calzados das persoas, mentres que, no sentido que nos ocupa e non no sentido de traxe moderno que é de uso hoxe nas situacións formais, o 'traxe' sería a vestimenta máis os accesorios, os complementos e demais elementos típicos, como por exemplo o peiteado, que unha persoa porta simultaneamente e/ou como exemplo representativo, e por tanto aglutinante da variedade, dun país, dun tempo ou dunha clase social (léase traxe típico, traxe nacional, traxe rexional, etc.)[13] e que non interesa incluír neste traballo dado que aí se inseren obxectos, como as pezas de xoiaría ou os reloxios, de moi variada índole, polo que incluílos daría lugar non a un complemento para a vestimenta senón até a unha desviación dos obxectivos deste traballo para outra área de especialidade cuxa sistematización e procesamento teñen a súa propia problemática particular.

Talvez sexa de relevancia destacar que as pezas de roupa incluídas neste traballo comprenden só as roupas do corpo, é dicir, as pezas de roupa e vestir das persoas, ou, por oposición, todas aquelas roupas que non son nin roupa da cama (sabas, cobertores, colchas...), nin roupa do baño (toallas...), nin roupa da cociña ou da mesa (manteis, panos...), nin tecidos de mobilia (alfombras, tapetes...) ou da casa en xeral. Por outro lado, cómpre destacar que a roupa do corpo non só abranxe as pezas de composición estritamente téxtil (é dicir compostas por algún tipo de tecido) senón que, seguindo a definición de vestiario como roupa que se *veste*, tamén incluiremos artigos como polainas de xunco, corozas, etc. no seu alcance conceptual.

Por outro lado, *tradicional* quere dicir, no noso contexto, fundado ou conservado na tradición popular, é dicir, os modos de obrar que o uso repetido e prolongado no tempo tornou usos e costumes propios do pobo ou da cultura popular: no contexto da vestimenta, tradicional alude aos modos de produción téxtil artesanais (da época preindustrial), aos usos indumentarios colectivos populares previos ao uso ou á

[13] Segundo o Diccionario de la Lengua Española da Real Academia Española, o «traje» é o «vestido peculiar de una clase de personas o de los naturales de un país».

importación xeneralizados de roupa de fabricación industrial, etc.[14] Finalmente *galego* fai mención a unha elaboración ou un uso común[15] na Galiza histórica polo *groso* dos galegos e galegas, o cal implica non só a súa orixe ou localización xeográfica senón tamén, combinado co atributo de *tradicional*, outras características propias da maior parte do pobo galego, é dicir de hábitat rural, de condición civil e traballadora (sobre todo vinculada aos labores agrícolas), ficando pois excluída a vestimenta dos militares, dos cargos monásticos ou eclesiásticos, da nobreza, doutros oficios alén dos directamente ou indirectamente vencellados á agricultura, etc. ou aínda dos labregos pero de ocasións especiais como os traxes de entroido de Laza, etc.

A VTG é, pois, unha indumentaria, no sentido de ser un conxunto de vestimentas usadas nunha época determinada e por un pobo –o galego– e unha clase social determinados, e que hoxe en día se utilizan para representar esa época e ese pobo[16]. Para apreciar con maior clareza cál é a fracción de realidade, marcada por tons encarnados, que abarca o TTG e a, marcada en azul, que abarca a VTG e distinguir entre os conceptos propios da parcela de realidade escollida, os de parcelas veciñas e os do tronco común da área, obsérvese o seguinte esquema, deseñado entendendo por entidade algo que ten existencia, por obxecto calquera entidade material tanxíbel, por artefacto calquera obxecto manufacturado, por cobertura calquera artefacto que serve para cobrir (tellado, tampa, preservativo, etc.) e por roupa o conxunto, desglosado máis arriba, de coberturas téxtiles para adorno ou cobertura no ámbito doméstico máis o conxunto de pezas de vestir das persoas. No esquema, inspirado na organización da rede lexical semántica do Princeton Wordnet (consultado na Internet en http://www.cogsci.princeton.edu/~wn/) e do MultiNet paradigm (Helbig, H.; Gnörlich, C. 2002: 74), e seguindo a Sager (1990: 27) na súa proposta de catro clases conceptuais, enténdese que só aparecen as entidades encadrados na época e país de que se ocupa este

[14] Pénsase que a orixe do TTG non sexa moi anterior, no seu conxunto, ao século XVIII e probabelmente comeza a desaparecer a principios do século XX, cando xorde outro, de transición, que dá paso ao actual, homoxéneo en todo o mundo, uniformándose o traxe de acordo coa moda doutros países, tanto nos homes coma nas mulleres (Lorenzo 1983: 274).

[15] Analogamente ao que acontece na música, hoxe ne día existen pasodobres, rumbas ou valses galegos aínda que o pasodobre, a rumba, o valse, etc. sexan orixinariamente danzas ou ritmos traídos doutras partes do mundo.

[16] O TTG sería o equivalente do que en inglés comunmente se denomina *national costume*, facendo referencia á identificación da poboación dun determinado país co seu traxe nacional, ou *regional costume*, desde unha óptica máis globalizada, para denotar unha indumentaria marcada culturalmente que diverxe do que hoxe impón a cultura occidental como traxe moderno.

traballo. Como indica a lexenda, as celas correspondentes ás partes que se inclúen no dicionario mostran un fondo gris e as das que se non inclúen móstrano branco.



Figura 1: *Representación da localización da VTG na realidade*

3.2. ELABORACIÓN DA TERMINOLOXÍA

Nesta fase elaborouse un sistema de representación conceptual así como a lista dos termos da área previamente delimitada, mediante as operacións de baleirado e procesamento, que como veremos consistiron na elaboración e no correcto preenchemento do ficheiro terminolóxico.

3.2.1. Clasificación e representación conceptual

No traballo terminolóxico, sempre que se utilizar un enfoque onomasiolóxico, a área de especialidade organízase con anterioridade ao desenvolvemento do traballo de acordo cunha clasificación conceptual, un sistema de conceptos relacionados que forman un todo coherente con base nunha serie de criterios definitorios e considerando as relacións que os conceptos forman entre si. A representación gráfica desa organización chámase

sistema de representación conceptual (Nuopponen 1994), árbore de campo (Termcat 1990), estrutura de conceptos (Sager 1990: 28) ou inclusive clasificación de conceptos (Feliu 2001: 148). Para a construción deste sistema conceptual é vital a consulta ás obras de referencia relevantes pero sobre todo aos especialistas, co fin de reproducir os seus esquemas organizativos (Lorente 2001: 109).

A partir do esquema deseñado por Wüster (1989: 8-14), que distingue simplemente entre relacións lóxicas e ontolóxicas, os teóricos adeptos do enfoque wüsteriano (Arntz & Picht 1995: 106-108; Nuopponen 1994) utilizan unha teoría tradicional modificada e clasifican as relacións entre os conceptos en dous grandes grupos: hierárquicas e non hierárquicas. Entre as primeiras, por un lado encóntranse as ontolóxicas, baseadas nas relacións de contigüidade no espazo entre os obxectos conceptualizados, dentre as cales tres tipos: as de subordinación partitiva (en que un concepto individual comprende outros como as súas partes), as de coordinación partitiva (en que dous ou máis conceptos representan partes dun todo común) e as diagonais (en que se estabelece unha relación entre un concepto e o cohipónimo dun dos seus hipónimos) e, por outro lado, as relacións lóxicas, ou de abstracción, das que existen tres tipos: as de subordinación (xenérico-específico), as de coordinación (específico-específico) e as diagonais (xenérico-cohipónimo do específico).

As relacións non hierárquicas inclúen as pragmáticas, as secuenciais (de entre as cales as funcionais, as causais, as xenéticas, etc.) e outros tipos, dependendo dos autores e do prisma de análise. No entanto, , tal como indica Sager (1990), as posibilidades do complexo abano de relacións non hierárquicas aínda están por explotar e ampliar.

Con frecuencia entre as diversas epígrafes do SRC existe, no eixo horizontal, unha relación de subordinación lóxica, é dicir, dos conceptos máis xenéricos (ou hiperónimos) pasamos aos máis específicos (ou hipónimos) a medida que avanzamos no sentido das bifurcacións. Os conceptos que se encontran no mesmo nivel de xeneralidade, e que teñen por tanto o mesmo concepto xenérico, forman un campo semántico e manteñen entre si unha relación de cohiponimia ou coordinación lóxica. Analogamente as relacións ontolóxicas ou meronímicas (todo-parte) poden ser representadas no sistema conceptual de forma similar (Termcat 1990: 17, 70; Cabré: 1992: 281-283).

Obviamente cando falamos de enfoque onomasiolóxico estámonos a referir ao feito de que non procuramos unha denominación para coñecer todos os sentidos que pode ter

en función do contexto, do rexistro, da comunidade etc. como acontece nas obras lexicográficas senón que partimos da información conceptual, como quer que ela sexa representada, para coñecer as posíbeis denominacións que poden facelo. Isto apesar de que no traballo lexicográfico de enfoque onomasiolóxico se parta de denominacións lingüísticas, xa que son elas as que representan os conceptos nos textos. A denominación é simplemente a forma visíbel que xunto co contexto temático nos permite localizar de forma clara e precisa a substancia invisíbel que vehicula, o concepto. Nas palabras de Sager (1990: 21) cando se refere á función ideacional da linguaxe, «by means of the linguistic form of the term we operate with concepts both for communicating with others and for formulating our own thoughts».

A elaboración do SRC é unha parte esencial do traballo, de forma que permita visualizar de forma simple o complexo sistema de relacións conceptuais que dá sentido á materia, é unha parte esencial do procesamento terminolóxico, como se verá, tanto pola súa utilidade á hora de procesar e definir (= delimitar) os termos como para a posterior recuperación da información por parte do usuario potencial do dicionario terminolóxico. Así, calquera termo pode localizarse de forma precisa neste esquema e pode así mesmo conseguirse información máis xeral ou máis específica en torno ao termo dado simplemente ascendendo ou descendo un ou varios niveis de xeneralidade[17].

Con todo, tamén é a parte máis esixente, tanto do punto de vista do consumo de tempo como da precisión que debe reflectir, xa que require un excelente coñecemento do dominio de especialidade. A ausencia dun modelo de clasificación temática[18] dificulta a creación do SRC mais, malia iso, dediquei o tempo necesario ao seu deseño, tal como recomenda Cabré (1993: 301):

> *Es importante que el terminólogo dedique el tiempo preciso para establecer el campo nocional del área temática en cuestión, ya que cuanto más detallada y rigurosa sea la estrutura conceptual, más fácil resultará el trabajo posterior sobre los términos.*

A operación mesma da súa construción é un medio de pór a proba o noso coñecemento da materia e de enxergar cales son as lagoas conceptuais que nos cómpre encher. Nas palabras de Lorente (Cabré 2001: 110), «la elaboración progresiva de

[17] «A concept (...) can be represented and identified uniquely by references to its coordinates along each axis» (Sager 1990: 15).

[18] «There is concern about the absence of a generally accepted subject classification scheme which theorists have so far failed to provide» (Sager 1990: 10).

mapas conceptuales es una técnica de aprehensión de conocimiento especializado a partir de lecturas y consultas específicas (...)».

3.2.1.1. Sistemas de representación conceptual pluridimensionais

Apesar de o meu traballo ter unha orientación eminentemente práctica e non pretender facer disquisicións teóricas, si me teño deparado longamente co problema da representación das relacións terminolóxicas na estrutura conceptual. Desde o inicio do traballo, observei que os modelos suxeridos pola bibliografía consultada (Cabré 1992 e Termcat 1990), baseados nos instrumentos de indización das linguaxes documentais, só consideraban un criterio de clasificación[19] simultaneamente, o cal parecía insuficiente para a representación de todas as relacións da estrutura conceptual do TTG ou mesmo das propias áreas de especialidade á que están aplicadas nos devanditos exemplos.

Os modelo que máis se aproximaban, ao meu ver, a unha representación comprensiva das relacións eran algúns dos propostos por Wüster (1989: 211, 212), chamados esquemas conceptuais combinatorios (sexa do tipo esquema en forma de árbore, cadea de ángulos provisional ou tabela portadora de características, vid. figuras 2 e 3), ou, en menor medida, o modelo polihierárquico ou polidimensional, semellante aos anteriores, proposto por Fedor (1995: 48-49).

[19] «A great deal of attention has also been devoted to the structure of conceptual systems and the best way of representing them on paper. In this area in particular, conventional thinking is still largely dominated by pen and paper processing techniques and by the relatively simple relationships that suffice for structuring documentation thesauri (...)». (Sager 1990: 9)



Figura 2: *Tabela portadora de características* (Wüster 1998: 211)



Figura 3: *Esquema en forma de árbore e cadea de ángulos provisional* (Wüster 1998: 208, 212)

Aínda que estes modelos non me convencían totalmente por causa da acumulación sucesiva de niveis de división, que resulta un pouco pesada xa que desa forma un concepto se sitúa ao mesmo tempo en varias ramificacións do SRC, o que equivale en realidade a ter varios SRC xustapostos, as miñas primeiras tentativas de elaboración do sistema conceptual seguiron estes modelos (vid. figura 4).



Figura 4: *Esquema arbóreo combinatorio.*

Para decidir qué características do concepto debía utilizar como criterios guieime en grande medida, alén de polo sentido común e as indicacións dos especialistas consultados, polas suxestións que Wüster nos dá na súa Teoría Xeral da Terminoloxía (Wüster 1998: 46) cando nos fala das características clasificadoras dos conceptos, así como polas obras *Système descriptif du costume traditionnel français* (Duflos-Priot 1988), que na súa introdución explica os criterios seguidos para a súa descrición vestimentaria, e *Traje, Gentileza e Poesia* (Morán Cabanas 2001: 124-200), para os aspectos concretos da organización das pezas de roupa atendendo á súa orde de colocación sobre o corpo, dos elementos accesorios e do calzado. Por meras razóns prácticas (é dicir, facilidade de observación), o criterio de clasificación principal, é, pois, o da localización anatómica, xa que me parece o criterio máis definitorio e directo porque recolle os trazos visíbeis que permiten recoñecer o obxecto.

Desta forma, elaborei un SRC utilizando unicamente ese criterio, apesar de que non me parecía o sistema máis apropiado para unha representación abranxente da área[20]. Nese sentido, Lorente (Cabré 2001: 110) propón unha organización pluridimensional, sometida a diversas condicións de acordo coa TCT, sen dar máis detalles que a conveniencia de ser representada através dalgún artefacto non lingüístico e simulada através de mecanismos hipertextuais. Ora, por outra parte, foron verdadeiramente esclarecedoras as contribucións de Sager (1990: 31-35) e sobre todo de Bowker (1997: 133-143), que explican un modelo alternativo, os chamados SRCs pluridimensionais,

[20] Por exemplo, algúns especialistas considerarían unha clasificación tomando como criterio de clasificación o material de confección ou a función das pezas do traxe e non a súa localización sobre o corpo humano.

para representar varios planos de relación entre os conceptos da área. De feito, no decurso do traballo o volume de dedicación foise desprazando cara este aspecto do traballo terminolóxico, coa idea de encontrar un sistema de representación conceptual que dese conta de todos os criterios de clasificación simultaneamente.

Tal como propoñen os autores mencionados cando explican o seu modelo pluridimensional, clasificar consiste, xa que logo, en agrupar conceptos similares baixo unha mesma clase con base nunha característica común. Por exemplo, *cirolas* e *refaixo* poden ser agrupadas na clase 'pezas de roupa que cobren da cintura cara abaixo', como mostra a representación unidimensional da Figura 5a).

Figura 5: *A mesma realidade clasificada de formas diferentes*

Enténdese que un concepto se compón dun conxunto de características que se poden especificar de diferentes puntos de vista (no caso da roupa, a súa función, o seu material, a súa morfoloxía etc.)[21] ou utilizando diferentes criterios de clasificación (así denominados máis comunmente nas ciencias da información). Se se pode usar máis de unha característica para distinguir entre os diferentes conceptos, daquela poden ser clasificados de varias maneiras, é dicir, en máis de unha dimensión (Bowker 1997: 133). A pluridimensionalidade xorde, pois, cando os conceptos poden ser clasificados de máis dunha forma no SRC. Por exemplo, atendendo a xénero da persoa que as veste, as *cirolas* estarían na clase 'masculina' e o *refaixo* na clase 'feminina' (na Figura 5b) ou, atendendo á súa orde de colocación, as *cirolas* estarían na clase 'roupa interior' e o *refaixo* estaría na clase 'roupa exterior' (Figura 5c). Estes casos serven para exemplificar as diferentes posibilidades de clasificación que ofrece un concepto en virtude das súas características.

[21] Parece claro que dependendo do suxeito pensante, a área da VTG pode ser clasificada de acordo con criterios moi díspares: por exemplo, unha tecedeira tenderá a aplicar o criterio do material da composición, un sociólogo atenderá á función das pezas (traballo, misa, festa, etc) ou un escenógrafo clasificará a VTG con base en calquera dos criterios posíbeis (orde de colocación, función, localización anatómica...)

Ora ben, un sistema conceptual só vira realmente pluridimensional cando nel se combinan *simultaneamente* as diversas dimensións que se poden aplicar na clasificación dos seus contidos. Seguindo co mesmo exemplo, trátase, pois, de achar un modelo de representación simultánea das tres dimensións referidas. A Figura 6 representa unha adaptación do modelo proposto por Bowker (1997: 134) para exemplificar a pluridimensionalidade do concepto vehículo (por medio, propulsión, tipo de carga etc.)



Figura 6: *Sistema pluridimensional das pezas da roupa*

Se ben un sistema pluridimensional require un traballo considerabelmente maior do que o precisado por un sistema unidimensional convencional, si parece conveniente aplicar a pluridimensionalidade, cando posíbel, a un traballo terminolóxico, polas seguintes razóns. Por un lado, un terminólogo nunca sabe a priori qué punto de vista utilizará o usuario potencial e por tanto debe reflectilas todas (ou todas as que sexa pertinente) para dar opción a que o usuario escolla. Por outro lado, un sistema pluridimensional permite obter unha visión moito máis rica do campo e en consecuencia adquirir un entendemento substancialmente maior. Así mesmo, para lograr unha representación pluridimensional correcta, é preciso recoñecer as diferentes dimensións, discernir cáles delas merecen ser representadas e encontrar un modo de facelo.

O criterio de clasificación principal utilizado para a construción do sistema conceptual, plasmado na dimensión principal do SRC, i. é o criterio de localización anatómica, foi escollido, como xa foi dito, con base no interese da discriminación que fornece. Os outros criterios (a orde de colocación unicamente para a roupa, o uso-función e o xénero do portador para a vestimenta e os materiais, e a composición e a orixe só para os materiais), plasmados noutras dimensións do SRC, como se pode

apreciar na lexenda da figura 6, utilizáronse, para afinar a clasificación ao máximo, só a medida que decorreu a tarefa de extracción de información conceptual da bibliografía e de definición dos termos e que fun identificando con precisión o resto das relacións. Analogamente, só unha vez concluído o traballo puiden incorporar todas as dimensións ao SRC para os efectos de consulta do dicionario (vid. 3.3. Presentación e consulta do dicionario) mais non, pois, para guía da súa construción.



Figura 7. *Árbore conceptual pluridimensional*

Por outra parte, dado que este sistema é estático e non se pode modificar á vontade do usuario, deseñei outro sistema de representación conceptual dinámico en formato hipertextual que unicamente se pode utilizar en liña, no cal o usuario vai escollendo, por oposición, os conceptos específicos da rama que desexa ver (vid. 3.3. PRESENTACIÓN E CONSULTA DO DICIONARIO) até chegar ao concepto que lle interesa. Cómpre sinalar que ningún destes dous sistemas permite nas súas consultas a aproximación a un concepto por medio dunha combinación de criterios de clasificación

ou de dimensións, senón que simplemente permite *observar* a existencia simultánea das diversas dimensións

Sexa como for, coa tecnoloxía utilizada neste traballo para a implementación do SRC dinámico (PHP, vid. 3.3. Presentación e consultado do dicionario) si sería posíbel desenvolver un sistema que combine os diversos criterios de clasificación do campo de forma simultánea ou sucesiva. Infelizmente por razóns obvias non resulta oportuno que este traballo se estenda no tempo máis do que xa o fixo e, por tanto, simplemente nun futuro estudarei esa vía, coa axuda de técnicos informáticos, como posíbel ampliación do traballo (vid. 3.5. Liñas futuras, cando fala de «sesións» con PHP). Evidentemente hai outras opcións que ofrecen as tecnoloxías de visualización da información e representación do coñecemento, para idear e executar un sistema máis sofisticado, pero unha investigación que seguise eses roteiros excedería tamén tanto as miñas limitacións técnicas como as expectativas que se teñen acerca dun traballo de fin de licenciatura de Tradución e interpretación, como é o caso.

Aínda, talvez sexa necesario explicar algunhas partes da clasificación que poden suscitar críticas á primeira vista, como é a rama 'elementos accesorios da vestimenta' en que incluín cinto, faixa, botón, faltriqueira, etc., así como mantón e pano en canto complementos funcionais da vestimenta. Seguindo unha lóxica derivada da categorización proposta na figura 1, os mantos e os panos, e aínda, se cadra en menor medida, as faixas ou outras pezas, son coberturas de roupa do corpo e por tanto deberían ser incluídas na árbore conceptual como conceptos específicos das pezas de roupa pero, debido á súa condición accesoria, é dicir o seu uso non é obrigado, corroborada polos especialistas consultados, parece máis acaída a súa inserción na árbore como accesorios.

3.2.1.2. Relacións conceptuais

Tal como propugnan as teorías modernas, as relacións entre conceptos son múltiplas e variadas e, entre elas, as lóxicas e ontolóxicas non son as únicas que existen entre os conceptos (Sager 1990: 29)[22]. Non obstante, para a construción da dimensión principal do SRC, que foi utilizada para acompañar e guiar o procesamento terminolóxico, cinxinme unicamente ás relacións lóxicas xenéricas por seren as máis notábeis e por o meu coñecemento da materia non ser aínda o suficientemente profundo como para

[22] «The simplistic view of the past that conceptos are adequately represented by three types of relationships (generic, partitive, other) has been generally abandoned» (Sager 1990: 29).

considerar as relacións non hierárquicas (como, por exemplo, de función, de implantación xeográfica, de orixe, de xénero dos usuarios, de orde de colocación sobre o corpo, de composición etc.). Partindo da miña visión xeral sobre o tema antes de abordar o groso do traballo, érame posíbel nalgúns casos intuír algunhas destas posíbeis relacións alternativas mais non mo era ter un coñecemento sistemático de todas elas abondo como para atribuílas aos conceptos na construción do SRC.

Cabe destacar, como proba da existencia de múltiplas maneiras de interpretar a mesma realidade, que as devanditas relacións secundarias, aínda que de natureza non hierárquica, na árbore conceptual se mostran como relacións xenéricas. É dicir, en lugar de existir unha relación funcional entre a función e a peza de roupa (garda-mantela), existe unha relación aparentemente xenérica entre un concepto xenérico e outro específico (peza da vestimenta de garda-mantela). Acontece o mesmo coas relacións de orixe, de composición etc. De igual modo, pero á inversa, a relación xenérica existente entre os conceptos xenéricos da dimensión principal (toucado, calzado e peza de roupa) e os termos máis específicos das pezas da vestimenta (sombreiro, zoca, calzón) pode, alternativamente, concibirse tamén como unha relación asociativa entre partes do corpo e pezas da vestimenta (cabeza-sombreiro en lugar de toucado-sombreiro). Sobre lexicalización espontánea de entidades conceptuais, vid. 3.2.3.4. Definición [(a) descritor].

3.2.1.3. Validez do sistema conceptual

Por outra parte, convén elucidar que unha característica do traballo terminolóxico é a dificultade de fixar a estrutura de coñecemento dunha área de especialidade porque os sistemas conceptuais, como ben apunta Sager (1990: 14), son entidades fluídas que experimentan cambio continuo. O perfeccionamento e a fixación do SRC do TTG discorreron, pois, paralelos ao tratamento das fontes documentais (documentación e baleirado de termos), é dicir, estabelecino primeiro de forma provisional, tras da primeira fase de documentación, e funo revisando constantemente ao longo do traballo, a medida que decorría o procesamento das fontes documentais.

Ora, todas as clasificacións son artificiais e transitorias, inclusive en campos restrinxidos do coñecemento científico e das cousas materiais, ou, nas palabras de Sager (1990: 13), «knowledge strutures are not absolute entities but reflect the current state of knowledge of an individual or a group of specialists», neste caso eu mesmo e os

especialistas consultados. Así pois, non foi, nin penso que deba ser, o meu propósito construír un sistema conceptual absoluto á semellanza das taxonomías utilizadas nas ciencias naturais[23], senón que procurei crear un sistema para o propósito específico deste traballo e da súa consulta por parte dos presumíbeis usuarios. En tanto que subxectiva, a miña organización de conceptos é impugnábel e outras organizacións, quizás máis atinadas, son por tanto tamén posíbeis. Nas palabras de Lorente (2001: 109):

> *La organización conceptual (...) no puede ser única; en realidad hay tantas organizaciones conceptuales posibles como percepciones de un tema o como consensos funcionales relativos a una disciplina o una actividad regulada. La manera de organizar un tema también está en relación con la finalidad de la organización.*

3.2.2. Almacenamento no ficheiro terminolóxico

Un dos aspectos máis importantes á hora de aplicar unha metodoloxía a un traballo concreto é saber adaptar os principios teóricos abstractos ás necesidades reais dese caso particular: neste sentido, co fin de economizar tempo e esforzo, eu decidín fundir nunha soa fase dúas operacións, o baleirado de denominacións e contextos de aparición e o procesamento, cuxa separación me parece máis acaída para traballos en que as dúas fases sexan realizadas por máis dunha persoa. Ademais, para a elaboración das fichas terminolóxicas considero de máis utilidade o texto orixinal en si do que unicamente os contextos de aparición, de onde os manuais de metodoloxía terminográfica din que hai que tirar as informacións pertinentes unha vez concluída a fase de baleirado (Termcat 1990: 20).

Así pois, simultaneamente á operación de baleirado, fóronse recollendo as informacións conceptuais que se incluirían na definición, os contextos de aparición e outras informacións que se inclúen na ficha terminolóxica. O baleirado consiste en tirar das obras bibliográficas que compoñen o corpus de baleirado as denominacións dos termos propios do campo de especialidade en que se traballa. Para isto, en primeiro lugar, identifiquei nos textos do corpus de baleirado os segmentos lingüísticos que corresponden a un concepto da área especializada, ao mesmo tempo que determinaba a

[23] De feito, para desmitificar a clasificabilidade das ciencias naturais, baste lembrar que existen, no campo da bioloxía, tres métodos diferentes e mutuamente excluíntes de clasificación dos seres vivos (a metodoloxía fenética, o sistema filoxenético e a sistemática evolutiva).

súa pertinencia contrastándoos co SRC[24], seleccionando aqueles segmentos que xulguei que deben formar parte da macroestrutura do dicionario. A ficha terminolóxica é unha pauta estruturada que permite consignar de forma ordenada as informacións sobre cada termo.

Convén expor que levei a cabo dous tipos de baleirado: por un lado, o baleirado convencional, é dicir, sistemático, que consiste en detectar e extraer todos os termos relevantes que se encontren nunha fonte escrita seleccionada para integrar o corpus de baleirado; e, por outro lado, o baleirado específico, que consiste en facer procuras adicionais de denominacións concretas en fontes externas ao corpus de baleirado (incluíndo a internet e as fontes orais) para encontrar exemplos reais complementares.

3.2.2.1. Terminografía de córpora

Como explica Bowker (1996), dispor dun corpus electrónico de referencia e baleirado supón vantaxes claras para o traballo terminográfico: permite o recoñecemento e a extracción automáticos de termos, a velocidade de procesamento de grandes cantidades de información é moito maior que nos tradicionais métodos manuais etc. Con todo, neste traballo preferín utilizar técnicas tradicionais de baleirado polos seguintes motivos:

a) os córpora electrónicos (*machine-readable corpora*) poden servir para recoñecer unidades terminolóxicas de áreas científico-técnicas con base na súa estrutura morfosintáctica (ademais da súa frecuencia de aparición, etc.), pero o léxico do meu traballo é patrimonial, non moderno, e só pode ser detectados mediante unha lectura selectiva;
b) os córpora revélanse especialmente útiles cando existe un grande volume de documentación especializada (centos de textos de millares de palabras) ou cando o proxecto de construción do dicionario especializado se prevé que teña unha longa duración e o resultado pretende ser un dicionario dunha extensión ambiciosa, o que non ocorre coa nosa área (o número de referencias bibliográficas existentes sobre a VTG mal superan a ducia) nin co meu proxecto;
c) os córpora son ferramentas útiles para a elaboración de estatísticas de frecuencia de aparición cando as fontes de referencia existentes no corpus son numerosas e

[24] «Le fet de situar cada terme dins un conjunt estructurat és el primer element de definició de les unitats terminològiques» (Anger 1987: 15)

variadas, pero as obras que compoñen o meu corpus non son representativas dun grande número de autores, polo que a información estatística sobre a ocorrencia dos termos aparecidos no meu corpus non nos indicaría se se trata dun uso de aceptación xeral ou produto da idiosincrasia do autor;

d) dado que a terminoloxía de córpora electrónicos é unha disciplina emerxente, aínda non existen, ou non dispomos de, ferramentas de construción e aproveitamento de córpora electrónicos que se poidan aplicar directamente nun traballo terminolóxico como o meu e por tanto a decisión de utilizar un corpus automatizado carrexaría a necesidade de deseñalas ad hoc e subsecuentemente un investimento excesivo e por tanto baldío, considerada a pouca extensión do meu corpus;

e) o resultado obtido cun escáner e un OCR na escaneaxe dos textos que deben formar parte do corpus de levantamento é pouco satisfactorio, porque no formato electrónico aparecen numerosos erros tipográficos que esixen a súa corrección manual posterior, tarefa que consume moito tempo e esforzo.

3.2.2.2. Automatización do ficheiro terminolóxico

A informática faise omnipresente no ambiente dun tradutor, debendo dominar unha serie de ferramentas, indo desde procesador de textos e dicionarios electrónicos até correo electrónico, útiles de publicación na rede, programas de edición gráfica, redes, memorias de tradución, sistemas de tradución asistida, pre-tradución ou tradución automática, etc., nos casos máis avanzados. Outrosí, a informática asiste e modifica a actividade terminolóxica e a súa metodoloxía de traballo e, neste traballo, pois, debín aprender a manexar unha serie de ferramentas informáticas, como son, para un almacenamento e procesamento óptimos da información, os sistemas de xestión de bases de datos (SXDB) como MS Access e MySQL e, para os efectos de edición dinámica en internet, as linguaxes de marcación de hipertexto e de automatización web HTML e PHP, respectivamente[25].

Tal como ben indican Cabré (1990: 290) ou Schaetzen (1989: 259), o formato automatizado permite tanto unha flexibilidade de tratamento, organización e actualización dos dados moi superior ao das fichas manuais como a recuperación da información por criterios selectivos homoxéneos (controlando así a sistematicidade das

[25] Véxase a sección 5.3. Presentación e consulta do dicionario.

consultas). Por esta razón, para a elaboración do ficheiro de baleirado optei, pois, polo soporte automatizado, almacenando así a información relativa aos termos en cadanseu rexistro dunha base de datos. Outra vantaxe é o feito de que permite almacenar, ademais de texto, imaxes e arquivos de son ou vídeo.

Unha base de datos é un conxunto estruturado e automatizado de informacións organizadas en campos, rexistros e tabelas no que, mediante un SXBD, se poden almacenar, organizar, modificar e extraer os datos desexados. Un campo contén un dato, un rexistro contén unha fileira de datos estruturados en cadanseu campo e unha tabela é un conxunto de rexistros. Inicialmente comecei o traballo con MS Access[26], que é un sistema de xestión de bases de datos relacionais (SXBDR) cunha interface gráfica intuitiva que permite deseñar as bases de datos e manipular facilmente os datos sen necesidade de aprender a programar código complexo.

3.2.2.3. Estrutura da base de datos

A base de datos está composta, por un lado, por unha tabela principal 'termos' que posúe campos para o almacenamento dos atributos únicos do termo, é dicir, aqueles de cuxa clase só existe un para cada termo, p. ex.: a categoría gramatical (cada termo só pode ter unha). Pola súa vez, a tabela 'fontes' almacena a información relativa ás fontes de baleirado (de onde están tiradas as remisións, as equivalencias e as denominacións dos termos con cadanseu co-texto) e de referencia (de onde está tirada a información conceptual dos termos).

Por outro lado, existe, de parte, unha serie de tabelas secundarias que almacenan datos referentes aos termos pero que non son únicos, é dicir, que un só termo pode corresponder a varios datos dun mesmo tipo, p. ex.: cada termo pode aparecer en máis de un contexto e para poder rexistralos debe existir unha tabela 'contextos' independente de 'termos' (para alén doutra que as relacione). Por dar outro exemplo, un termo só pode ter unha definición, por iso a definición introdúcese no campo 'definicion' da tabela 'termos', pero pode ter máis de un contexto, por iso os contextos se introducen no campo 'contexto' da tabela 'contextos'. En cambio, a información contida en cada definición si pode proceder de varias fontes e non de unha só, polo que

[26] Vid. http://www.microsoft.com/office/access/default.asp ou http://www.tayuda.com/ayudainf/aprendainf/msoffice.htm

as fontes de onde se tira información contida na definición se rexistran na tabela ‘ref_definicion’ e non nalgún campo da tabela ‘termos’.

As tabelas secundarias, como as correspondentes aos contextos de aparición dos termos, a referencia bibliográfica da súa definición, as remisións, as equivalencias ou o autor da ficha, mostran o termo a que son relativas as informacións que almacenan e as fontes de onde estas foron extraídas mediante os campos correspondentes ‘id_termo’ e ‘id_fonte’, respectivamente, que se ligan pola súa vez ás tabelas ‘termos’ e ‘fontes’ mediante os campos de igual nome. Cómpre expor que, de igual modo que no campo ‘id_fonte’ se almacena un código que identifica univocamente a fonte, no campo ‘id_termo’ non se introduce a denominación do termo, xa que os casos de homonimia impedirían a correcta asignación de informacións ao seu termo correspondente, senón un número identificador que non se repite e, por tanto, identifica univocamente o termo, como se aprecia na sección 3.2.2.3. Campos da base de datos.

No seguinte esquema poden apreciarse as relacións entre as tabelas principais e secundarias da BD que acabo de enumerar.



Figura 8: *Mapa de relacións e estrutura da base de datos*

3.2.2.4. Campos da base de datos

A seguir explícase superficialmente o contido dos campos de cada tabela da BD do ficheiro terminolóxico do dicionario:

a) tabela 'termos', en que se almacenan as informacións únicas dos termos:

campo	*contido*
'id_termo'	Número identificador autonumérico[27] do termo.
'termo'	Denominación lingüística extraída no proceso de baleirado.
'id_cat_gramatical'	Categoría gramatical.
'id_subarea'	Código da subárea, que corresponde a unha das ramificacións do SRC da VTG (pezas, elementos ou materiais).
'definicion'	Definición do termo.
'nota'	Informacións relevantes que non aparecen no campo da definición.
'nota_traballo'	Anotacións que non aparecerán nas consultas dos usuarios.
'imaxe'	Rota no sistema de ficheiros do ficheiro da imaxe correspondente ao termo.
'validado'	Marca a validez do termo (vid. 3.4 Avaliación do dicionario e actualización interactiva).

b) tabela 'autor', en que se almacenan os datos de quen introduce información terminolóxica na base de datos:

campo	*contido*
'id_autor'	Número identificador autonumérico do autor.
'autor'	Nome e apelidos do autor .
'correoe'	Correo electrónico ou teléfono.
'data'	Data de introdución da información.
'id_termo'	Número identificador do termo a que son relativas as informacións introducidas.

c) tabela 'cat_gramatical', onde se rexistran os valores que se poden escoller para encher o campo 'id_cat_gramatical' da tabela 'termos':

[27] O número identificador autonumérico, que serve para poder distinguir univocamente un rexistro, increméntase nunha unidade automaticamente cada vez que se introduce un novo rexistro.

campo	*contido*
‘id_cat_gramatical’	Código identificador non numérico da categoría gramatical.
‘cat_gramatical’	Categoría gramatical.

d) tabela ‘subarea’, onde se rexistran os valores que se poden escoller para encher o campo ‘id_subarea’ da tabela ‘termos’:

campo	*contido*
‘id_subarea’	Código identificador non numérico da subárea.
‘subarea’	Subárea.

e) tabela ‘ref_definicion’, en que se almacena a información relativa ás fontes de referencia de que se extraíu a información conceptual sobre o termo:

campo	*contido*
‘id_ref_definicion’	Número identificador autonumérico da referencia á fonte de referencia.
‘id_termo’	Número identificador do termo a que son relativas as informacións introducidas.
‘id_fonte’	Código identificador da fonte de onde foron tiradas as informacións introducidas.
‘paxina’	Número de páxina na fonte de onde foron tiradas as informacións introducidas.

f) tabela ‘contextos’, en que se almacena o contexto e a información relativa á fonte en que aparece:

campo	*contido*
‘id_contexto’	Número identificador autonumérico do autor.
‘id_termo’	Número identificador do termo a que son relativas as informacións introducidas.
‘contexto’	Segmento de texto (frase ou parágrafo) en que aparece o termo recollido.
‘id_fonte’	Código identificador da fonte de onde foron tiradas as informacións introducidas.
‘paxina’	Número de páxina na fonte de onde foron tiradas as informacións

	introducidas.
‘data’	Data de introdución da información.
‘nota’	Nota sobre o contexto ou a denominación que aparece nel.

g) tabela ‘fontes’, en que se rexistran os datos das fontes utilizadas:

campo	*contido*
‘id_fonte’	Código identificador non numérico da fonte.
‘autor’	Apelidos e iniciais do autor ou autores da obra ou do artigo, caso de selo. Non se confunda co autor das informacións terminolóxicas.
‘titulo_artigo’	Título do artigo, caso de selo. Se non o é, queda baleiro.
‘autor_obra’	Apelidos e iniciais do autor ou autores da obra en que aparece o artigo, caso a fonte o sexa. Se non o é, o autor rexístrase no campo ‘autor’ e ‘autor_obra’ queda baleiro.
‘titulo_obra’	Título da obra monográfica ou da publicación en que aparece o artigo.
‘edicion’	Número de edición, a non ser a primeira.
‘publicacion’	Cidade, editora e ano e publicación ou enderezo url no caso dos documentos www.
‘data’	Data de acceso á fonte para os casos de documentos www.
‘coleccion’	Colección en que se insere a obra.
‘id_tipo_fonte’	Tipo de fonte, é dicir artigo, monografía, documento www, obra lexicográfica etc., rexistrado mediante o seu codigo identificador.
‘id_lingua’	Lingua da fonte, rexistrada mediante o seu código identificador.
‘id_tipo_bibliografia’	Tipo de bibliografía, é dicir de referencia ou de baleirado, rexistrado mediante o seu código identificador.
‘paxinas’	Páxinas do artigo.
‘vtg’	Variábel booleana (si/non) que indica se a fonte ten relación directa coa vestimenta tradicional galega ou non.

h) tabela ‘tipo_fonte’, onde se rexistran os valores que se poden escoller para encher o campo ‘id_tipo_fonte’ da tabela ‘fontes’:

campo	*contido*
‘id_tipo_fonte’	Código identificador non numérico do tipo de fonte.
‘tipo_fonte’	Explicación do tipo de fonte.

i) tabela ‘tipo_bibliografía’, onde se rexistran os valores que se poden escoller para encher o campo ‘id_tipo_bibliografía’ da tabela ‘termos’:

campo	*contido*
‘id_tipo_bibliografía’	Código identificador non numérico do tipo de bibliografía.
‘tipo_bibliografía’	Explicación do tipo de bibliografía.

j) tabela ‘lingua’, onde se rexistran os valores que se poden escoller para encher o campo ‘id_lingua’ das tabelas ‘termos’ e ‘equivalencias’:

campo	*contido*
‘id_lingua’	Código identificador non numérico da lingua.
‘lingua’	Lingua.

k) tabela ‘equivalencias’, en que se almacenan as denominacións propostas como equivalencias para os termos da VTG xunto con informacións relevantes:

campo	*contido*
‘id_equivalencia’	Número identificador autonumérico da equivalencia.
‘id_termo’	Número identificador do termo para o que se propón a equivalencia.
‘equivalencia’	Denominación da equivalencia proposta.
‘id_lingua’	Lingua da equivalencia.
‘id_fonte’	Código identificador da fonte de onde se tirou a equivalencia.
‘paxina’	Número de páxina na fonte de onde se tirou a equivalencia.

l) tabela ‘ramas_src’, en que se almacenan as asignacións dos termos a cadansúas ramas do sistema conceptual:

campo	*contido*
‘id_rama’	Número identificador autonumérico da asignación dun termo a unha rama do sistema de representación conceptual.
‘id_termo’	Número identificador do termo asignado á rama.
‘id_tipo_rama’	Tipo de rama á que se asigna o termo, rexistrado mediante o seu código identifiador.

m) tabela ‘tipo_rama’, onde se rexistran os valores que se poden escoller para encher o campo ‘id_tipo_rama’ da tabela ‘ramas_src’’:

campo	*contido*
‘id_tipo_rama’	Código identificador non numérico do tipo de rama.
‘tipo_rama’	Rama do SRC.

n) tabela ‘remisions’, onde se almacenan os denominacións secundarias para as que remete a denominación principal:

campo	*contido*
‘id_remision’	Número identificador autonumérico da remisión.
‘id_termo’	Número identificador do termo para o que se propón a remisión.
‘remision’	Denominación da remisión proposta.
‘id_tipo_remision’	Tipo de remisión, rexistrada mediante o seu código identificador.
‘id_fonte’	Código identificador da fonte de onde se tirou a equivalencia.
‘paxina’	Número de páxina na fonte de onde se tirou a equivalencia.

o) tabela ‘tipo_remision’, onde se almacenan os valores que se poden escoller para encher o campo ‘id_tipo_remision’ da tabela ‘remisions’:

campo	*contido*
‘id_tipo_remision’	Código identificador autonumérico do tipo de remisión.
‘tipo_remision’	Explicación da remisión.

3.2.2.5. Introdución dos datos

Para a creación do ficheiro automatizado guieime principalmente pola ficha terminolóxica proposta por Termcat (1990: 34), cos cambios oportunos para adaptala ás características deste traballo e á natureza dunha BD automatizada de forma que cada información se introduza na tabela correspondente conforme se explica máis arriba. O formulario de introdución de datos na BD baseado na tabela ‘termos’ inclúe un subformulario ligado á tabela ‘ref_definicion’ para poder rexistrar nel as varias fontes das que pode estar tirada cada definición sen necesidade de saír dese formulario nin de introducir manualmente o ‘id_termo’ de cada termo que estamos definindo. Por exemplo, na figura 9 pode verse como, ao situármonos no rexistro número 38 correspondente a ‘camisa de dúas partes’ do formulario ‘termos’, no campo ‘id_termo’ do subformulario ‘ref_definicion’ aparece automaticamente o número de rexistro (seta

a), de modo que só é necesario introducir a referencia da fonte de onde está tirada a definición (ou parte dela) no campo 'id_fonte' (seta *b*) (e a páxina caso se trate dunha obra especializada, seta *c*). O mesmo acontece co enchemento do campo 'id_tipo_rama'.



Figura 9: *Formulario de introdución dos datos.*

3.2.3. Procesamento terminolóxico

Unha vez localizados os termos, procedín á fixación da súa definición e a seguir á compleción dos campos correspondentes a todas as informacións sistemáticas da ficha terminolóxica. Nos casos de variación denominativa, estabelecín as relacións de sinonimia entre termos principais e secundarios. Paralelamente fun determinando os termos que se incluirían na versión final do dicionario e os que ficarían excluídos. A seguir, explico o valor de cada tipo de información.

3.2.3.1. Verbete

No verbete de cada ficha figura, en letra minúscula, a denominación do termo, é dicir, o segmento lingüístico que representa o termo na súa forma lexemática (é dicir, os nomes represéntanse pola súa forma singular masculina, consignando tamén a terminación feminina no caso dos nomes substantivos que aparentemente presenten unha forma de

xénero dupla), recollido nun texto real mediante o proceso de baleirado e non inventado nin creado (Cabré 1992: 247).

Observarase, como se pon de manifesto na árbore conceptual, que no dicionario só teñen entrada propia os conceptos verbalizados por substantivos nomes, ficando excluídas, pois, operacións ou atributos dos conceptos si incluídos (representados á súa vez por verbos ou adxectivos). Con todo, algunhas desas operacións ou atributos si teñen cabida no dicionario, de maneira indirecta, ao se tratar de conceptos poliédricos que en galego poden ser representados por varias categorías gramaticais: como acción ou proceso (verbo), como resultado desa acción (nome) ou como atributo do obxecto que experimentou esa acción (adxectivos). Véxase, por exemplo, 10 bordado (na macroestrutura do dicionario non aparece nin bordar nin bordado –adxectivo–).

> 10 **bordado** s m [1EA.2OO]
> Labor de relevo sobre tecido, feito á mán ou á máquina, en que se crean figuras ou ornatos con fíos de diferentes tipos, introducidos por medio de agulla, ás vezes con aplicación doutros materiais, como abelorios, canutillo, pedras etc. [TRG: 18] [TRG: 55]

É importante destacar que na macroestrutura (é dicir, o conxunto dos verbetes do dicionario, en contraposición ao resto das informacións, que constitúen a microestrutura) tamén se inclúen os termos que aparecen na definición dos termos extraídos na fase de baleirado e é preciso, por tanto, definir para así mantermos un sistema pechado que non obrigue a consultar outras obras para entender a información que contén.

No que respecta á dicotomía homonimia vs. polisemía, hai que dicir que se partimos dos presupostos de que conceptos diferentes se encontran en lugares diferentes da árbore conceptual e de que cada concepto é representado por unha denominación, para aqueles casos de conceptos que teñen a mesma denominación fica excluída a opción de rexistrar as descricións correspondentes a cada concepto na mesma entrada como se adoita facer nos dicionarios de orientación lexicográfica e, polo contrario, sexan termos homónimos ou un termo polisémico, é necesario estabelecer unha denominación por cada concepto e, por tanto, verbetes distintos para todos os conceptos aínda tendo a mesma denominación lingüística. Con isto non pretendo tirar razón ao argumento da terminoloxía moderna, ao meu ver acertado, de que os termos aparecen en contextos lingüísticos e que, sen mudar de campo de especialidade, teñen variantes condicionadas por eses contextos e por iso pode ser conveniente reunir todas as acepcións, ás veces diferentes unicamente nalgún matiz na súa caracterización pragmática, baixo unha

mesma entrada (e, por tanto, denominación ou termo), é dicir, considerándoas polisémicas. Simplemente para este traballo este método non parece vantaxoso (véxase burel ou mandil).

Ao meu ver, a análise lingüística que se poida realizar deste tipo de fenómeno, segundo a cal pode ser máis apropiado ou correcto falar de polisemía e non de homonimia, non necesariamente debe ser reflectida pola forma de representalo nun traballo terminolóxico. O feito de aplicar neste traballo dous verbetes (ou cantos foren), en lugar de dúas acepcións no mesmo verbete, para termos que teñen a mesma denominación (ou para diferentes significados do mesmo termo, conforme os autores) responde, pois, non ás recomendacións dun enfoque wüsteriano senón a unha razón de índole práctica. Dado que as remisións e as equivalencias remiten para a denominación que representa un determinado concepto, é claro que esta remisión non pode ser tan exacta se se usa unha única denominación nun único verbete para representar varios conceptos, en lugar de utilizar varias denominacións, formalmente iguais pero con distintos números de identificación (a mesma denominación distribuída en varios verbetes, un por cada concepto). O mesmo acontece coa localización do concepto (representado pola súa denominación) no SRC.

3.2.3.2. Categoría gramatical

A categoría gramatical dedúcese do uso que se fai da forma terminolóxica no texto de onde se extrae.

3.2.3.3. Subárea

Serve para aglutinar todos os termos da mesma subárea do campo, neste caso catro (materiais, pezas da vestimenta, accesorios e partes das pezas) co fin de poder traballar cos listados de maneira áxil.

3.2.3.4. Definición

A definición terminolóxica é unha expresión complexa que equivale semanticamente ao concepto, ao cal describe mediante conceptos coñecidos, expresados verbalmente, e en referencia exclusiva ao dominio de especialidade. A súa función é representar o concepto, de forma análoga a como o faría unha imaxe ou a propia denominación pero, á diferenza delas, serve para delimitar con precisión un concepto na área de

especialidade e determinar verbalmente os seus trazos semánticos pertinentes, é dicir aqueles que delimitan o concepto en relación a outros da mesma área[28] (Termcat 1990: 45; Wüster 1998: 65).

Concordo, pois, con Sager (1990: 21) cando afirma que «a close link can (...) be established between definition and placing a term in its environment, and defining a term can be considered to be synonymous with fixing its identity in relation to other terms» e que «the process of defining as performed by terminologists is conveniently seen as an extension of the work involved in establishing relationships among terms». Unha vez, pois, que o concepto queda situado no sistema conceptual baixo o seu concepto xenérico e as súas relacións cos demais conceptos están estabelecidas[29], procédese á súa descrición mediante a formulación verbal desa posición no SRC e desas relacións (Fedor 1995: 53, 104), tal como se mostra na seguinte ecuación:

{ concepto = concepto xenérico + características restritivas }

Así pois, a definición do termo vén dada tanto, por un lado, pola posición do concepto no sistema conceptual, indicada polos seus xenéricos e específicos (se os tiver) e expresada na definición polo descritor, como, por outro lado, polas súas características conceptuais pertinentes[30], algunhas das cales, no caso dos conceptos clasificábeis en varias dimensións do SRC, tamén se poden deducir (ou reflectir) da posición do concepto nesas dimensións secundarias. Obviamente, a esta «definición» tirada do sistema conceptual tamén se acrecentan outros elementos para conseguir unha maior intelixibilidade, así como outras características alén das estritamente pertinentes que poida resultar conveniente incluír. Por outro lado, a aparición destas características está

[28] Serían trazos semánticos non pertinentes aquelas informacións meramente explicativas ou descritivas da realidade designada polo termo, que a terminoloxía tradicional insiste en non incluír no corpo da definición, senón na nota. A este respecto, vid. 3.2.3.4. Definición [(c) Redacción].

[29] Como ben indica a Cabré (1993: 207), a necesidade de referencia dun concepto ao conxunto a que pertence manifestase claramente nos casos en que un mesmo obxecto da realidade orixina conceptos diferentes conforme o prisma conceptual adoptado. Por exemplo, un ovo dá lugar a conceptos diferentes nos ámbitos da dietética e da embrioloxía. Ou, por exemplo, na química, o azúcar é o nome dado xenericamente aos glícidos e en troca, en alimentación, é unha substancia doce, cristalina, hidrosoluble.

[30] Analogamente ao resultado da análise componencial nos estudos de lingüística xeral, que se basea «en que o significado dun lexema non é un bloque unitario, senón un complexo de componentes que admiten a análise e a segmentación. A análise componencial consiste, pois, na descomposición do significado das unidades lexicais nos seus elementos constituíntes ou trazos distintivos mínimos de significado» (Freixeiro 1999: 37).

evidentemente supeditada á existencia de información conceptual ao respecto na bibliografía de referencia, ou sexa, que en ocasións haberá definicións que carezan dalgúns dos trazos que na fixación da metodoloxía se decidiu incluír.

Existen dous procedementos para a descrición conceptual, a comprensión e a extensión, dos cales escollemos o primeiro, é dicir, a enumeración ordenada, da máis xeral á mais específica, de todas as características que describen o concepto. Opcionalmente, cando foi pertinente, tamén se describiu o concepto através do proceso de extensión, consistente en enumerar todas as súas posíbeis realizacións ou especies, mediante exemplos.

> 147 **zoca** s f [1VA.2PC.3CB] [1VX.2AX]
> Calzado de diario e ambos os sexos xer. sen roma e con tacón, elaborado a partir dunha soa peza de madeira de forma e deseño variábel en función do gusto persoal e da comarca (natural, branqueada ou pintada de negro ou vermello, lisa ou tallada á imitación dun zapato ou con motivos, etc.), coa función de protexer da lama e da auga. [TC: 25] [TRG: 44] P. ex. madreña, galocha, chinela.

a) Descritor

O descritor dun termo é, pois, non simplemente a palabra que introduce a definición, senón tamén a denominación correspondente ao concepto inmediatamente superior na escala de xeneralidade, é dicir, o seu hiperónimo, que indica o apartado temático dentro da árbore de campo en que se clasifica o termo e normalmente é, en boa lóxica, o mesmo para as definicións dos termos cohipónimos.

> 154 **galocha** s f [1VA.2PC.3CB] [1VX.2AX]
> Zoca de roma bastante afiada us., xer. na montaña de Lugo, calzada por encima da chiruca ou do escarpín (vid. galocha de carpín). [MHPP]
>
> 270 **chinela** s f [1VA.2PC.3CB] [1VX.2AX]
> Zoca bastante escotada ou mesmo sen calcañar us. no verán. [TRG: 43] [TC: 26] [TRG: 49]
>
> 355 **madreña** s f [1VA.2PC.3CB.4_147] [1VX.2AX]
> Zoca con tres tarugos (dous na pala e un no calcañar) dunha altura de 3 cm para dar maior altura e illamento da humidade do chan e facilitar o camiñar pola neve e cun grande escote para podela calzar con facilidade sobre a media, o escarpín ou a chiruca. [TC: 25] [TRG: 58]

Como explico con máis detención na sección 3.2.3.4. Definición [(b) Características conceptuais], o criterio máis importante para a clasificación das pezas de roupa foi o da súa localización anatómica, tomando para nomear as partes desa

clasificación as unidades lexicalizadas que xa ofrece a lingua común[31], é dicir, é esa clasificación de subordinación lóxica, baseada principalmente, pero non só, en criterios anatómicos, a que determina os descritores para as pezas do traxe: «toucados» para as pezas que cobren a cabeza (e parte do pescozo), «pezas de roupa» para as pezas de cobren o corpo e «calzados» para as pezas que cobren os pés e, ademais, están confeccionadas nun material resistente de acordo coa súa función específica[32].

Non obstante, existen artigos de roupa que non son considerados vestimenta xa que por metonimia ou por extensión semántica o termo «roupa» tamén fai referencia a calquera peza de tecido de uso doméstico ou que sirva para adorno ou cobertura, mentres que a vestimenta é simplemente o conxunto de artigos (entre eles os de roupa) de vestir das persoas. Con todo, para as pezas de roupa de vestir utilizo como descritor a denominación xenérica «peza de roupa»[33] para lograr unha maior concisión, dado que este é un dicionario mormente de vestimenta e por tanto todas as pezas de roupa contidas no dicionario son de vestir e dado tamén que na práctica esa distinción se ve embazada polo contexto referíndose a unha peza ou ao conxunto de pezas de vestir simplemente como roupa.

Tal como afirma Sager (1990: 22) cando di que «[sometimes it might] be necessary to introduce artificial levels for concepts which are not lexicalised in a language», para niveis máis específicos de xeneralidade, a lingua non proporciona lexicalizacións análogas ás anteriores polo que se fai necesaria a construción *ad hoc* de sintagmas preposicionais que caractericen e vehiculen o contido conceptual dese nódulo concreto do SRC. Por exemplo, as ramificacións dentro de «pezas de roupa» deberon chamarse «pezas de roupa de corpo enteiro», «pezas de roupa de tronco e membros» e «pezas de roupa dos membros», e o mesmo acontece con outras ramas do SRC.

---

[31] Con todo, para estabelecer estas categorías, a lingua común non utiliza un criterio puro porque, por exemplo, non só se consideran calzado os artigos que se poñen nos pés senón que interveñen outros factores como externabilidade ou material de confección: é isto o que permite dicir que un zapato é calzado pero unha media non.

[32] Valla como observación que estas lexicalizacións que ofrece o galego encontran unha equivalencia case simétrica noutras dúas linguas fóra da órbita cultural ibérica, isto é en inglés e en francés: *headwear*, *clothing*, *footwear* e *couvre-chefs*, *vêtements, chaussure*, respectivamente, o que serve para respaldar a súa validez.

[33] Pola contra, cumpriría utilizar «peza de vestir», e non «peza de roupa», para aquelas pezas de vestir que estrito senso podemos non considerar obxectos téxtiles, como polainas de xunco, corozas, etc., mais en realidade non é necesario por que as definicións destes termos posúen descritores menos xenéricos do que «peza» (polaina e capa, respectivamente).

b) Criterios de clasificación e características conceptuais esenciais

Tal como se pode apreciar na lexenda da figura 7, os criterios aplicados na construción do SRC están baseados nas características dos conceptos incluídos nel, que tomei, en parte, de Duflos-Priot et al. (1988: 15), como xa explicaba en 3.2.1. Clasificación e representación conceptual. As informacións relativas a cada obxecto que na obra referida se toman en consideración para incluír nas rubricas das súas fichas documentais teñen moita relevancia para o meu traballo á hora de discernir os criterios de clasificación conceptual e por tanto tamén para redactar a definición de cada concepto. As características esenciais son os trazos suficientes e necesarios para a identificación dun concepto, en contraste coas non esenciais, que son observábeis no obxecto individual (pero que poden tornarse esenciais no hiperónimo dun concepto que os tiña como non esenciais).

Entón, escollidas tentando conseguir un fácil manexo do sistema e poder combinar sistematicidade e comodidade, as características esenciais, que na definición son enumeradas na descrición verbal do concepto, de acordo coa división de Wuster (1989: 46), son as seguintes:

b.1) características intrínsecas ou inherentes, é d, as relativas a calidades tanxíbeis como a forma, as dimensións, o material, a dureza, a textura, a cor etc. (aspectos materiais):

i) morfoloxía ou estrutura da peza: describen a forma da peza (o corte, a amplitude, etc.), as dimensións (longura, largura e grosor) e outras características secundarias, como a enumeración das súas partes ou de trazos decorativos, xa que: a) a ornamentación pode ser inherente á morfoloxía da peza (como resultado da propia confección, do proceso de tecedura dos tecidos utilizados, do seu modo de combinación, etc. como no caso no encaixe), b) nalgunhas ocasións se embaza a distinción entre o carácter utilitario e decorativo-simbólico de certos trazos (como bastas, dobras, remontas etc. ou no caso do encaixe, en que tecido e ornamentación son unha mesma cousa) c) a especificidade dalgúns conceptos ou a súa diferenciación en relación a outros radica unicamente na súa ornamentación (bordado no mantón de Manila etc.)

ii) material de composición: enuméranse por orde decrecente de importancia ou frecuencia os materiais que entran ou poden entrar na composición de un obxecto.

iii) fabricación: no caso dos materiais, figura o procedemento técnico que se utiliza para elaboralos (xer. tecelaxe, talla, espita etc.), e, no caso das pezas da vestimenta ou os elementos accesorios, o usuario deberá consultar a definición dos materiais de que están compostos.

iv) elementos ornamentais: indícase o seu lugar de aplicación na peza da vestimenta ou no corpo (e na definición de cada elemento ornamental indícanse feitura, elementos de que se compón, motivos decorativos, cores, etc.)

b.2) características extrínsecas ou relacionais, como as de uso –a citada localización anatómica[34]–, de xénero (quen veste a peza da vestimenta), de función (en que circunstancias veste para pezas da vestimenta ou os accesorios) e de orixe (para os materiais). Existen outras características relacionais para as pezas da vestimenta (aplicación, posición no conxunto –traxe–, localidade de uso concreta, proceso de fabricación, época de auxe etc.) pero optei por non incluílas de forma sistemática porque a información dispoñíbel a respecto delas é moi variábel e, en todo o caso, insuficiente.

c) Redacción

Para a redacción das definicións coidei de seguir a serie de indicacións enumeradas en Termcat (1990) e Cabré (1992), consensuadas pola maioría dos autores, como son non introducir o termo definido no corpo da definición, evitar as definicións circulares, manter un ton impersoal e obxectivo e unha orde sintáctica correcta, etc. en suma, de respectar os principios en xeral da descrición terminolóxica. Outro dos principios que pretendín respectar foi o que obriga a que todos os conceptos utilizados nunha definición sexan conceptos pertencentes a termos presentes na macroestrutura ou que,

[34] Polo xeral a localización anatómica correspóndese á forma da peza, é dicir a partir da súa forma podemos intuír en que parte do corpo se veste esa peza. Existen, non obstante, algunhas excepcións, como por exemplo o caso do mandil, algunhas de cuxas variedades son formalmente idénticas pero son usadas sobre a parte frontal da saia ou sobre os ombros e o lombo, dependendo da rexión e outros factores.

no seu defecto, sexan termos dos cales o coñecemento previo polo usuario estea fóra de toda a dúbida (Fedor 1995: 54).

Así mesmo, tentei, por unha banda, adaptar o grao de complexidade e tecnicismo o máximo posíbel aos obxectivos do dicionario e aos usuarios a que se dirixe e, por outra, respectar o principio metodolóxico de «elaborar la definició en una sola frase [amb la intenció de] visualitzar globalment els trets fonamentals d'una única noció» (Termcat 1990: 51), o que por veces produciu definicións algo longas e complexas mais que, por outra parte, coadxuvou na cohesión e na coherencia lóxica entre as partes da definición. O obxectivo xeral perseguido na redacción das definicións foi dar un todo harmónico.

O proceso de redacción presentou unha certa complicación principalmente polas características das fontes de referencia, que con moita frecuencia son contraditorias entre si, mesmo sendo obras do mesmo autor ou partes da mesma obra, ou coas versións dos especialistas consultados, ou teñen unha redacción e un estilo que resultan confusos, encontrándomos frases como «La chaqueta era de bayeta o de paño pardo o negro, *muy frecuente en Ordenes*, la de paño verde con vueltas en las mangas y remondas en los codos de terciopelo negro (...)», na que non se sabe se o «muy frecuente» en Ordes é unha referencia anafórica ou catafórica.

Así mesmo, a complicación da extracción da información conceptual dos termos tamén radica no feito de algunhas das fontes mellor valoradas polos especialistas (como De Hoyos 1971) non explicaren o que é cada peza senón qué particularidades ten cada peza en cada rexión galega, ao contrario do que eu pretendo, que é dar unha definición que represente o concepto común ás pezas do conxunto de rexións do país sen renunciar, cando é necesario, a introducir, a modo de «extensión», os trazos distintivos desa peza nunha determinada rexión.

d) Fonte das informacións

As informacións presentadas na forma estruturada acabada de referir proceden principalmente da bibliografía de referencia e dos especialistas na materia.

3.2.3.5. Remisións

Tal como indica Cabré (1992: 259), a tarefa do terminólogo consiste en compilar os termos propios da materia de especialidade e debe, por tanto, procurar e adoptar as unidades terminolóxicas que utilizan efectivamente os especialistas para se

comunicaren[35], aceptando e reflectindo numerosos casos de variación denominativa ou conceptual e podendo chegar mesmo a cuestionar os dicionarios normativos. A atribución de rangos na escala de preferencia pasa, pois, por coñecer o uso que fan os especialistas e as opinións que teñen a respecto dese uso (Conceição 1994: 34), en detrimento do criterio do propio terminólogo ou das autoridades lingüísticas, para, só despois nunha fase posterior, e só se for preciso, é dicir, só en casos de idiomaticidade precaria flagrante do termo (por calco ou por excesiva vulgarización), propor unha forma alternativa de recambio para algunhas denominacións (na nota).

A remisión, que é unha relación recíproca entre dous termos, neste dicionario sempre ten unha finalidade informativa: para ampliar información, especificar relacións con outras formas do mesmo campo ou contrastar con equivalentes semánticos parciais ou totais, destacar variantes dialectais, destacar hipónimos, etc., por medio dos códigos seguintes:

véxase	**vid.**
confróntese con	**cfr.**
sinónimo absoluto	**sin.**
sinónimo complementar	**sin. comp.**
variante dialectal	**var.**
exemplo (hipónimo)	**ex.**

Nos casos de dous termos perfectamente sinónimos, a información completa figura na entrada do primeiro termo por orde alfabética (vid. chapeu vs. sombreiro), e na ficha dos termos remitidos para el só se inclúen as informacións peculiares deles, é dicir, categoría gramatical, contexto, fonte, remisións propias (variantes gráficas) e nota. No caso das fichas de termos sinónimos en relación de desigualdade (dos cales un é considerado como principal ou prioritario), na ficha dos termos remitidos para este, é dicir, os secundarios ou complementares, a información completa só figurará na ficha do termo preferente.

As remisións de tipo prescritivo, pois, foron postas de parte neste traballo, limitándome a sinalar o uso prioritario do termo preferente nos casos en que cumpre evitar unha denominación polo motivo que for ou sinalar a existencia de alternativas a

[35] «Les comunicacions (...) orals i escrites són la font bàsica d'extracció dels termes» (Cabré 1992: 259).

un nivel superior de consideración sociolingüística, sempre mediante a asignación dos códigos sin. comp. ou var. ao termo remitido non preferente (sinónimo complementar) e do código vid. ao termo preferente.



Figura 10: *Relacións estabelecidas pola remisións*

Se ben é certo que un traballo destas características, producido nunha sociedade como a galega, non pode ignorar a presión que exerce a lingua española sobre a galega e, subsecuentemente, a masiva incorporación de termos alleos en todas as áreas do coñecemento, incluída a que nos ocupa, en detrimento de formas propias ou de mecanismos propios de creación de denominacións, non obstante, á parte a ortografía, non considero lexítimo un control externo aos especialistas deste campo (intervención na terminoloxía usada por eles). A razón de considerar os termos non priorizados como sinónimos complementares e non como termos rexeitábeis radica en que, lonxe das preocupacións de imposición dos termos da terminoloxía wüsteriana ou tradicional e polas razóns esgrimidas na sección 3.1.3. Obxectivos, o que eu pretendo é describir a terminoloxía que é funcional na comunicación dos especialistas e só preocuparme nun segundo plano de valorar súa idiomaticidade, que sinalo, cando é dubidosa, unicamente ofrecendo advertencias ou recomendacións de uso por medio dos códigos sinalados.

Só despois de fixar a definición dos conceptos (ao mesmo tempo que ía desbotando aqueles termos que non encaixan no SRC) procedín a considerar o nivel de preferencia entre as diversas denominacións concorrentes (Fedor: 104), estabelecendo as remisións pertinentes, sempre no seu campo propio e non no texto da definición, xa que son denominacións diferentes do mesmo concepto. Os criterios utilizados para a marcación da prioridade son, en orden de preferencia ou importancia, (1) o criterio normativo, (2) o de aproximación ao portugués e (3) o da forma maioritaria. É dicir, nalgúns casos

prioricei unha denominación que non é maioritaria para facela coincidir coa forma estándar pero nunca modifiquei a denominación para adaptala á forma estándar nin a substituín por outra forma non recollida nin creei formas novas. Noutros casos en que nos dicionarios galegos non aparece ningunha das formas concorrentes, optei por escoller a máis próxima ao portugués ou, se tamén son inexistentes en portugués, escollín a forma máis frecuente no corpus de baleirado. En todo caso, podo facer recomendacións de uso pero a denominación aparecida no verbete sempre é documentada no corpus de baleirado.

3.2.3.6 Equivalencias

Apesar de que este dicionario quería ser (non un dicionario plurilingüe senón) monolingüe con equivalencias en inglés e español, por motivos de tempo e da especificidade da área obxecto do dicionario, non foi posíbel estabelecer as equivalencias de *todos* os termos, como esixe un traballo terminolóxico sistemático, e o dicionario finalmente quedou incompleto e a súa sistematicidade restrinxida unicamente ao galego, aínda que, con todo, o acrécimo das equivalencias restantes sempre será posíbel no futuro mediante a compleción dos campos para elas destinados (vid. tabela 'equivalencias' e sección 3.5. Liñas futuras).

Considerando os tradutores, ao mesmo nivel que os especialistas, como os usuarios prioritarios, poderá argumentarse que este traballo de construción dunha ferramenta terminolóxica ou lexicográfica deberá lidar con dúas ou máis linguas. Se ben sería ideal producir unha ferramenta o máis completa posíbel en todos os sentidos, este dicionario non presenta equivalencias noutras dúas linguas alén do galego como era inicialmente a miña intención debido, infelizmente, ás limitacións de tempo e doutras índoles. Alén diso, é cuestionábel que un traballo terminolóxico presentado como PFC da licenciatura de tradución sexa válido só se adopta un enfoque plurilingüe xa que, por un lado, os licenciados en tradución non raramente acaban traballando tamén como terminólogos (non necesariamente plurilingües) e, por outro lado, como se esforza Cabré (1992: 245-246) en destacar, "fer terminologia no és en cap cas traduir (...)", sendo diferentes as competencias que deben demostrar coñecer un tradutor e un terminólogo aptos.

Os tradutores, especializados ou xeneralistas, na súa actividade diaria utilizan, entre outras moitas ferramentas, os dicionarios especializados tanto bi ou plurilingües como monolingües e, neste sentido, se ben é certo que os segundos non proporcionan

equivalencias noutras linguas de traballo, non por iso deixan de ser elementos imprescindíbeis para a comunicación interlingüística, sexa especializada ou non, xa que, en particular na comunicación especializada, é vital que o mediador coñeza ou teña opción de coñecer a estrutura de coñecemento da área. Sager (1990: 20) aclárao á perfección cando afirma que «terms can, of course, only be used as such if the user already possesses the configuration of knowledge which determines the role of the term in a structured system. (...) A term acquired without awareness of the conventional configuration of knowledge to which it relates is communicatively useless».

Por outra parte, un dicionario terminolóxico, quer monolingüe quer bi ou plurilingüe, se axuntar contexto, definición e sistema de representación conceptual, proverá o tradutor tanto de datos sobre como utilizar lingüisticamente cada unidade como de información conceptual do campo temático da especialidade, que, xunto coa bibliografía especializada e a consulta aos especialistas, xoga un papel de suma importancia na súa aprehensión do coñecemento especializado.

> *Al traductor especializado le interesa especialmente cómo y dónde encontrar información para superar los escollos que puede plantearle un texto por el hecho de tratar un tema especializado, que son fundamentalmente (...) conocer la materia (conceptualización de la realidad, estructura interna, dimensiones conceptuales que posee, relaciones entre los conceptos, etc.)* [e encontrar equivalencias]. (Cabré 1999: 203).

É dicir, os coñecementos que necesita o tradutor non se limitan ás equivalencias interlingüísticas dos termos que aparecen nos textos que debe traducir senón que tamén inclúen os contidos no plano cognitivo da materia que trata o texto que ten que traducir. Sería desexábel contar sempre coa equivalencia precisa dun termo pero non sempre dispomos de dicionarios bi- ou multilingües sen que isto impida que a tradución se leve a cabo con éxito e, por outra parte, cando si dispomos dun, a información nel aparecida debe sempre ser cotexada en obras terminolóxicas monolingües para comprobar que a definición nunha e noutra lingua é a mesma.

Porén, é interesante deixar aquí algunhas reflexións que suscita esta parte do traballo. Para a procura e atribución das equivalencias en inglés e español que efectivamente correspondan ao concepto en cuestión, consultei obras lexicográficas bilingües, enciclopédicas e terminolóxicas partindo da lista dos termos en galego unha vez estabelecida a súa abranxencia nocional. Convén dirixir a atención cara ao feito de que,

se ben «un terme és precís si materializa sense ambigüitats en la llengua d'arribada el contingut que la denominació en la llengua original transmetia» (Cabré 1992: 247), na práctica, no caso de conceptos culturalmente moi específicos (denominados *culture-bound terms* en inglés), é dicir, a práctica maioría do corpus deste dicionario, ese postulado é moi difícil de satisfacer, xa que con frecuencia non é posíbel encontrar termos en inglés ou español que vehiculen exactamente o mesmo concepto.

Isto obriga en numerosas ocasións a utilizar a denominación correspondente a un concepto hiperónimo, a unha paráfrase ou mesmo á manutención do termo orixinal en galego a modo de xenismo. «Une réalité donnée [peut] existe[r] dans un pays, dans une région, dans une entreprise, etc., mais pas dans l'autre. Dans ce cas-là, la paraphrase sert à décrire cette réalité inconnue» (Schaetzen 1989: 231).

3.2.3.7. Contexto

Os termos van acompañados de cada un a súa definición, que fornecen o significado do termo, pero a información suplementaria que os contextos de aparición proporcionan sen dúbida axuda os usuarios a comprender e a usar os termos con maior eficacia. Ademais normalmente os tradutores (que de entre o abano de usuarios potenciais son os que máis probabelmente teñan que utilizar o termo na redacción dun texto) non só precisan dunha definición ou dunha equivalencia noutra lingua senón tamén de indicacións sobre cómo se utiliza correctamente o termo, é dicir, exemplos reais de textos que o conteñan.

O contexto de aparición é o contorno lingüístico do termo nun enunciado, é dicir, o segmento de texto onde aparece o termo, preferentemente en galego mais tamén en español dado que en realidade os conceptos deste dominio son independentes da lingua en que se realice a súa verbalización. O contexto, de preferencia, escóllese de entre os contextos que achegan información sobre o significado ou o uso real do termo no discurso especializado, que son máis útiles do punto de vista terminolóxico que aqueles meramente testemuñais. Normalmente, o contexto represéntase entre aspas ou en cursiva, pero eu optei por aplicar ambas marcas, para acentuar así a distinción das diferentes seccións dentro da ficha terminolóxica. Así mesmo, algunhas veces modifiquei o contexto para facilitar a súa lectura, indicando as supresións ou adicións da maneira habitual por medio dos signos pertinentes: (...) e [*adición*], e consignei a referencia completa do documento fonte mediante un código, que polo xeral

corresponde á sigla composta polas iniciais das palabras que forman o título da obra, que se descodifica no sitio web do dicionario, na hiperligazón <Bibliografía>.

A vantaxe dos córpora electrónicos é que, á diferenza dos dicionarios terminolóxicos convencionais, proporcionan non un ou dous senón tantos contextos de aparición como foron recollidos neles e, por outra parte, o usuario pode modificar a súa lonxitude, desde unha única liña até o texto completo. O meu dicionario, porén, non dispón de corpus electrónico integrado (vid. sección 3.2.2.1. Terminografía de córpora). Isto non obsta para que o número e a calidade dos contextos fornecidos en cada verbete sexa apto e suficiente, dentro das posibilidades do propio corpus que manexo.

3.2.3.8. Nota

A nota consigna datos de carácter non sistemático que non é posíbel ou adecuado rexistrar en ningún dos outros apartados, como por exemplo o grao de normalización ou a extensión de uso do termo, indicacións sobre o seu uso, as causas da variación denominativa (p. ex. variación xeográfica), motivos para rexeitar ese termo en favor doutro, termo de dubidosa idiomaticidade, etc. As notas poden ser, pois, de carácter lingüístico, sociolingüístico, pragmático, normativo, técnico ou enciclopédico e poden referirse ao termo, ás remisións ou á definición e son precedidas da indicación *Nota:*.

Dado que as definicións pretenden non só proporcionar un simple inventariado de características senón tamén en boa medida capturar o universo cultural e cognitivo representado pola LVT, a nota pode aproveitarse para rexistrar a información que non se incluría no campo da definición por ser considerada enciclopédica e non terminolóxica, que ao meu xulgar é indiscutibelmente de utilidade para o usuario.

3.2.3.9. Ilustracións

A representación do concepto pode realizarse, ademais de pola denominación, mediante unha definición verbal ou unha ilustración, mais o ideal é, cando for posíbel, unha combinación de ambas. A inclusión de ilustracións suple a deficiencia de non ter acceso físico aos obxectos a que fan referencia os termos, contribuíndo, por unha banda, para unha comprensión máis efectiva da definición do termo e eliminar os posíbeis erros de interpretación e, por outra, para a uniformización e a fixación da propia terminoloxía.

3.2.3.10. Outros datos non terminolóxicos

Nas notas internas é onde se pode consignar, durante as fases de elaboración ou revisión, calquera dúbida ou outras informacións de interese que non serán reveladas ao usuario na súa consulta. Así mesmo, tal como se indicaba na descrición das tabelas da BD, existen algúns campos destinados ao rexistro de datos relativos ao autor da revisión, á data do rexistro, etc.

3.3. PRESENTACIÓN E CONSULTA DO DICIONARIO

A recuperación dos datos terminolóxicos está determinada pola especificidade do traballo, é dicir, polos seus destinatarios, pola función que pretende cumprir e polos obxectivos que se pretende atinxir. Así, a presentación do dicionario debe ser considerada desde o mesmo momento da súa concepción orixinal, así como no proceso de deseño posterior, dado que está fortemente condicionada pola estruturación da información que fai quen concibe e desenvolve a base de dados. Neste sentido, este traballo pretende ser unha ferramenta útil no sentido non só de atinxir un certo nivel de calidade senón tamén de que poida ser utilizado por quen for que estiver interesado.

Así pois, para lograr un alto grao de accesibilidade ao dicionario, a publicación en internet, á que cada vez máis persoas en todo o mundo teñen acceso, parece ser a opción obvia, dado que posibilita que calquera persoa do mundo teña acceso a el. Desde o primeiro momento, pois, as diversas tarefas que compuxeron o traballo de creación e desenvolvemento desde dicionario dirixíronse cara a construción dun sitio web que albergase o dicionario. Cómpre indicar que, ademais, alén de supor a dispensa de encontrar un editor disposto a correr coas custas que incluír este traballo nos seus catálogos carrexaría, a publicación en internet posibilita unha mellor representación da pluridimensionalidade que se explora no SRC do dicionario e posibilita a interacción entre o usuario e a BD, como explicarei máis adiante.

O sitio web, aloxado no enderezo URL http://dvtg.f2o.org e deseñado coa linguaxe de marcación de hipertextos HTML[36], cumpre basicamente a función de mostrar a información dispoñíbel sobre un termo determinado a partir dunha consulta determinada. Por outra parte, ademais da linguaxe HTML, para a edición web dinámica do dicionario utilicei PHP, unha linguaxe de programación de código aberto para a xeración de páxinas web dinámicas, entre outras moitas aplicacións, co fin de

[36] Para máis información sobre HTML, vid. http://www.w3c.org/ ou http://www.w3schools.com/

estabelecer unha interacción entre o sitio web e a base de datos, podendo así através da páxina facer consultas ou introducir nova información nela[37]. PHP permite que, se temos, por exemplo, 100 termos, non teñamos que facer 100 páxinas en HTML para mostralos, co conseguinte derroche de tempo e esforzo se houber que actualizar algún dato de todos os rexistros, senón que permite crear unha soa páxina que mostre os contidos da BD dependendo da consulta realizada.

Dado que PHP non pode interrogar unha base de datos deseñada MS Access, foi necesario utilizar un outro sistema compatíbel como por exemplo MySQL, que é un sistema de xestión de bases de datos relacionais (SXBDR) de código libre[38] que utiliza SQL (Structured Query Language), a linguaxe estándar de interrogación de bases de datos[39]. Así, debín transferir a base de datos a MySQL mediante ODBC e un programa *front end* (concretamente eu utilicei o SQLyog, pero existen outros que realizan aproximadamente as mesmas funcións). ODBC é un método estándar de acceso a BDs creado por Microsoft Corporation que fai posíbel o acceso a calquera SXBD desde calquera aplicación[40]. Por último, SQLyog é unha ferramenta de xestión de servidores dc MySQL[41].

Desta forma, por tanto, como páxina de inicio do sitio web deseñei unha interface intuitiva e de fácil manexo que permite que o usuario non teña que interrogar directamente a BD, senón que simplemente deba realizar a súa consulta por medio dun formulario sinxelo á maneira de calquera buscador do tipo do Google ou Yahoo, como se pode apreciar na seguinte figura:

---

[37] «PHP (officially 'PHP: Hypertext Preprocessor') is a server-side HTML-embedded scripting language». Para máis información ao respecto, vid. http://www.php.net.

[38] Para máis información sobre código libre, vid. http://www.gnu.org/

[39] Para máis información sobre MySQL, vid. http://www.mysql.com/

[40] Para máis información sobre ODBC, vid. http://www.microsoft.com/

[41] Para máis información sobre WEByog, vid. http://www.webyog.com/



Figura 11: *Páxina inicial do sitio web do dicionario.*

Este formulario a modo de buscador posibiliza a consulta en sentido semasiolóxico, realizada tanto a partir dunha denominación lingüística para acceder a todas as informacións relevantes para esa entrada, incluída a conceptual, como mediante o acceso ao listado dos termos ordenados alfabeticamente mediante a hiperligazón <Listados>. Por outra parte, o usuario pode acceder á páxina do sistema conceptual mediante a hiperligazón <Sistema conceptual>, que se mostra na figura anterior, onde poderá realizar consultas en sentido onomasiolóxico, tanto desde a árbore estática que se mostraba na figura 7 como desde un esquema conceptual a modo de tesauro que permite ir visualizando unicamente as ramas da árbore conceptual do nivel concreto (e, claro é, das dos niveis superiores) que interesa en cada caso particular. Por exemplo, se o que nos interesa é ver en qué lugar do SRC están inseridos os termos relativos aos panos, deberemos "navegar" polo esquema clicando, sucesivamente, en 'Elementos accesorios da vestimenta', 'Complementos funcionais da vestimenta' e 'Pezas de abrigo e protección'.



Figura 12 *Esquema de representación conceptual dinámico para a consulta onomasiolóxica en liña.*

Sexa como for, é posíbel chegar a toda a información relativa a unha ou a varias entradas por calquera das dúas vías. Esa información estrutúrase da seguinte maneira, como se presenta na figura 13: na primeira liña, o número de identificación e a denominación en negrito, seguidos do código da categoría gramatical e a notación entre corchetes e, a seguir, cada un na súa liña correspondente, a definición, as remisións, as equivalencias, os contextos de aparición con cada un a súa referencia bibliográfica codificada; a nota; e a imaxe se a houber. A descodificación das referencias bibliográficas fornécese ao clicar na hiperligazón que coincide coa propia referencia. A descodificación da notación non se fornece, limitándose só a servir de hiperligazón entre a páxina do/s termo/s e a páxina que mostra a localización no SRC dese termo dado.



Figura 13: *Resultado da consulta e distribución dos datos*

Así mesmo, por medio da hiperligazón <Bibliografia> é posíbel acceder á lista de referencias bibliográficas completas das obras relativas ao traxe e á vestimenta tradicionais galegos, ao traxe en xeral ou das obras lexicográficas utilizadas na elaboración do traballo ou de probábel relevancia para os efectos de documentación.

3.4. AVALIACIÓN DO DICIONARIO E ACTUALIZACIÓN INTERACTIVA

O elemento que permite a avaliación directa do dicionario e a interactividade cos usuarios é o mecanismo de introdución de novos datos na BD por parte do usuario, ao que se accede mediante a hiperligazón <Achega> (vid. figuras 11, 12 ou 13), que permite que os usuarios acrecenten novos datos à base de datos ou corrixan os que xa se

mostran, así como que consignen a súa información de contacto para se poder contactar con eles e esclarecer posíbeis datos obscuros ou ambigüidades.

As informacións introducidas por medio deste mecanismo de retroalimentación deben ser contrastadas ou completadas por min ou a persoa encargada de o facer antes de seren validadas (mediante a selección do campo 'validado' da tabela 'termos' tal como explicaba na sección 3.2.2.3. Campos da base de datos) e exhibidas co resto da información, se for apropiado, polo que este sitio web require, pois, atención permanente e periódica para que as contribucións da comunidade de usuarios se tornen efectivas no dicionario. Adicionalmente existe a posibilidade de os usuarios contactaren directamente comigo, através da hiperligazón <Contacto>, para me faceren chegar as súas observacións a respecto de calquera aspecto relativo ao dicionario ou ao sitio web.



Figura 14: *Formulario de achega para introducir novos termos na base de datos do dicionario.*

3.5. LIÑAS FUTURAS

Dado que non conseguín atinxir todos os obxectivos que me marquei neste traballo e dado que hai aspectos que permitirían mellorar o dicionario que inicialmente non foran propostos senón que foron xurdindo ao longo do traballo, darei aquí unha breve explicación de posíbeis vías de traballo para completar o dicionario do futuro, sempre dependendo de que a súa aceptación sexa boa no seu estado actual.

En primeiro lugar, sería óptimo continuar explorando as posibilidades de PHP (a linguaxe de programación utilizada para a construción do sitio web e o esquema conceptual dinámico) para conseguir desenvolver un sistema dinámico máis completo que permita combinar as dimensións utilizadas nunha busca. Con PHP é posíbel estabelecer un sistema de sesións, o cal, por medio de información que se almacena nunha cookie no ordenador do usuario cada vez que este accede ao sitio web ou ao esquema conceptual, permite conservar datos mentres se navega ao longo de accesos subsecuentes ás ramas do esquema conceptual dinámico, de maneira que se poden ir superpondo os diferentes criterios de clasificación até chegar ao termo como resultado da confluencia de todos eles.

Por outro lado, tanto a inclusión de máis fotografías ou debuxos como o estabelecemento de equivalencias en inglés e español son tarefas prioritarias (sobre todo as equivalencias) que é preciso acometer para arredondar o dicionario e tornalo unha ferramenta máis útil. Así mesmo, é preciso tamén manter novas entrevistas cos especialistas consultados e con outros aínda por consultar para esclarecer algúns puntos que non quedaron definitivamente resoltos. Pode apreciarse que o labor de manutención deste sistema non termina en ningún momento, dado que a listaxe de termos ou das informacións asignadas a cada un non son un ente fechado, senón que sempre non só é posíbel incluír novas informacións senón que é inevitábel que xurda a necesidade de facelo.

Outras iniciativas das que se beneficiaría o dicionario no seu conxunto serían a creación, no sitio web, nun foro de discusión (ou *bulletin board*) no que os especialistas poidan contrastar e pór en común os seus coñecementos, con frecuencia tan diverxentes; a máxima difusión do dicionario por medio de correo electrónico e cartas a asociacións culturais e folclóricas galegas, da distribución de follas co enderezo URL co gallo de mostras do traxe, conferencias, concentracións etc; o perfeccionamento do operador de

busca para dar a opción de buscar o termo tal cal ou os termos que conteñan o segmento introducido; a inclusión dos textos que compoñen o corpus de baleirado, de forma que se poida acceder a eles através da referencia da fonte; etc.

4. DICIONARIO

A seguir figura a corpus do dicionario por orde alfabética ao lado dos esquemas conceptuais correspondentes ás diversas dimensións conceptuais utilizadas para a estruturación da área de especialidade. É de regra nos traballos terminolóxicos presentar o dicionario de acordo a unha ordenación sistemática acompañado das listas alfabéticas (unha para cada lingua) que remiten para os verbetes do dicionario por medio de números de orde. Neste caso, o dicionario está pensado para ser consultado en internet, que é a única forma de poder explotar a fondo todas as súas posibilidades, daí que aquí só se presente a súa ordenación alfabética, ao meu ver suficiente para os efectos de avaliación. De calquera maneira, para ligar o corpus e os esquemas conceptuais, cada verbete principal (é d., excluíndo os termos non preferentes) exhibe unha ou varias notacións ao lado da categoría gramatical, que sitúan o termo nalgunha das dimensións do esquema conceptual.

«*En sus cuadros [Dionisio Fierros Álvarez] podemos conocer con detalle toda la indumentaria desde la alta montera hasta los zuecos o zuecas y también zapatos pasando por las piezas de hombres y mujeres en quietud o movimiento y así lo mismo vemos al mozo apoyado en su varapu o bailando la muiñeira, la familia descansando, la pareja de lucenses sentados o la moza y la rueca, con su peinado de raya al medio, la cofia, el lujoso pañuelo de vivos colores y el blanco brillante de la lana con su bordado contenedor para sujetar la lana.»* [TG: 27]

Nota: A cor da fita de seda que forma lazo na parte alta da cabeza era diferente conforme o estado marital da portadora (encarnado ou verde para as mozas, morado para as noivas, branco para as casadas e negro para as viúvas). Comezou a ser substituída aprox. a finais do s. XIX polo pano da cabeza mais aínda na 2ª ½ do s. XX non fora totalmente desterrada das Rías Baixas, das montañas próximas a Santiago, de Muros e dos vales da Mahía e Padrón.

107 **colete** s m

vid. chaleco

sin. comp. colete

var. chaleque

«*Logo o chaleque ou colete, que soía ser moi diferente tanto en feitura como na tea empregada.»* [VGE: 12]

228 **coleto** s m [1VA.2PR.3TM.4TMS.5s.6_108] [1VX.2H] [1VA.2PR.3EX]

Chaleco de Lugo marítimo de pañete encarnado ou de pano de Béjar xer. pardo, coas voltas e os remates dos bolsos de cor negra. [TRG: 39]

sin. chulete

101 **colo** s m [PP_37] [PP_219] [PP_236]

Tira de tea unida á parte superior dunha peza de roupa, para cubrir máis ou menos o pescozo. [TRG: 9] [TRG: 18] [DLE] [DCLG] [DEHLP]

«*Igual que na muller, a camisa era o primeiro que poñían no corpo, aínda que era máis curta cá dela, e podía ser de estopa ou de lenzo reservando o liño máis fino para a peiteira, os puños e a tira do pescozo ou para o colo se o tiña.»* [VGE: 12]

Nota: es cuello pt colarinho

353 **copete** s m

vid. lingüeta [TRG: 56] [DCLG]

261 **corbata** s f [1EA.2CF.3PRO.4_59]

Pano de tres puntas ou medio pano vestido en Lugo central por encima do xustillo e, ás veces en inverno, debaixo do dengue. [TRG: 43]

Nota: Aparente castelanismo.

345 **coroza** s f [1VX.2AX] [1VA.2PR.3C.4_287] [1VA.2PR.3EN]

Capa feita con xuncos ou palla trigueira, entretecidos de modo que a auga de chuvia escorrega por ela, e formada por unha esclavina e dous ou tres volantes para atinxir unha longura até a perna. Pode ir acompañada dun carapucho e unhas polainas do mesmo material. [TRG: 56]

«*Como pezas de máis abrigo tiñan os mantos, a coroza e a capa entre outros.*» [VGE: 12]

«*Coa palla e o ficucho facían sombreiros, corozas, polainas.*» [VGE: 10]

«*Para cubrirse empregaban a capa, mantos ou panos de lá abatanados ós que lles podían facer un burato para mete-la cabeza, e a coroza que era unha capa usada para gardarse da chuvia, feita de palla ou fiuncho e que podía levar esclavina e capucha.*» [VGE: 13]

«*Referímonos ós xuncos, cos que se fan as corozas e as polainas.*» [O: 267]

«*A coroza átase no pescozo con dúas barazas. A algunhas destas prendas agrégaselles unha capucha pra cubri-la cabeza.*» [O: 267]

«*As corozas úsanse para se gardar da chuvia, pois cobren ben e son quentes, mais teñen dúas dificultades no seu uso: o moito que pesan cando están molladas e o perigo que presentan preto do lume cando están enxoitas por coller lume doadamente.*» [O: 267]

«*Cando [os xuncos] están ben secos, mázanse, o mesmo que o liño, máis somentes pola punta, deica que quedan ben esfiañados. Entón vanse collendo un a un e entretecéndoos pola base deica faguer un a xeito de lenzo ou cortina dun longo bastante pra que díe a volta ó corpo dun home. Diste xeito fanse varias que logo se van unindo unhas por baixo das outras armándoas sobre cordas feitas tamén de xuncos entretecidos. Prós hombreiros faise unha armadura semellante, deixando unhas buratas para pasál-os brazos, que se cobren logo cunha esclavina, todo nunha peza.*» [O: 267]

«*Como o feitío das corozas presenta certas dificultades, é corrente que algúns que teñen xeito pra esto se adiquen a faguelas e logo as vaian vender ás feiras.*» [O: 267]

«*A coroza é unha capa feita con xuncos e que pode ter varias formas, anque a máis corrente é a de capa con esclavina; tamén se fan capuchas soias e corozas con capucha na mesma peza; as corozas serven indistintamente pra homes e mulleres anque tamén se fan especiás prás derradeiras.*» [O: 285]

Nota: Us. en toda Galiza aínda que é máis frecuente nos labregos da montaña, que a vestían desde o outono até mediados da primavera.

54 **corpiño** s m [1VX.2M] [1VA.2PR.3EX] [1VA.2PR.3TM.4TMS.5S]

Especie de chaqueta de muller curta e cinxida á cintura, xer. con mangas longas e rematadas en puño de veludo, igual que o amplo colo, que baixa até a cintura q non queda solto senón que vai cosido ao pano do corpiño.

«*Co liño (estopa, lenzo, fío) e tamén no algodón confeccionaban sabos, sabas e roupa interior, como camisas de home e de muller, cirolas, xustillos...*» [VGE: 10]

«*Co picote elaboraban mandís, saias, chaquetas, corpiños, calzóns, mantelos, mantelas...*» [VGE: 10]

«*De la e pano eran dengues, chaquetas, mantelos, corpiños, saias, refaixos, calzóns, polainas, chaleques, puchos, monteiras, panos de cabeza, panos do pescozo, medias, carpíns, mantos...*» [VGE: 10]

«*Sobor dil [do xustillo] puñan, ás veces, o corpiño, mais no caso contrario, a camisa tiña as mangas longas, que pechaban onda a man, rematando nun puño de encaixe máis ou menos adornado, e desaparecía o escote pra vir pechal-a camisa no arrinque do pescozo, adornándose de xeito semellante ós puños.*» [O: 275]

«*Denantes, e prós días de festa, era corrente o uso do corpiño, especie de chaqueta cinguida, curta, con solapas, mangas longas e adornos de terciopelo, que remataron por empregar somentes as costureiras e que, en cabo, desaparecéu de todo.*» [O: 276]

110 **cortina** s f [PP_106]

Cada unha das dúas bolsas de que dispón o xustillo para conter os seos da muller que o veste.

93 **cos** s m [PP_37]

Parte superior da camisa da muller, á que se engadía a faldra.

«*No corpo a primeira prenda que se poñía era a camisa, longa ata debaixo dos xeonllos, que tiña dúas partes: o cos, que corresponde ó tórax, feito de lenzo, e a faldra, que corresponde ó abdomen e pernas, que era de estopa.*» [VGE: 11]

«*Polo xeral, [a camisa de muller] era de dúas pezas: a superior ou cós, cinguida, e a aba, longa, con vó, de lenzo máis ruin.*» [O: 274]

Nota: O cos desempeñaba a función da chambra e por eso era moi coidada a manga.

429 **crespón** s m [1MC.2TF.3LA] [1MO.2PF]

Tecido feito de la de textura crespa como resultado do uso dunha trama de fíos moi enroscados ou frouxos ou outros tratamentos. [DCF] [DLE]

«O traxe da terra de Muros tiña unha certa persoalidade que o distinguía dos demáis: (...) chaqueta de raso negro e, por riba dela, un pano de crespón que cruza sobor do peito e ata as súas puntas na cintura, por detrás, deixando dependural-o sobrante.» [O: 277]

181 **crica** s f [1EA.2CF.3PRE]

Lazo con que as mulleres suxeitaban as trenzas. [TRG: 13]

256 **damasco** s m [1MC.2TF.3SE] [1MC.2TF.3LA] [1MC.2TF.3AL] [1MO.2PF]

Tecido forte de seda ou la ornado con ricos deseños en alto relevo en forma de ramaxes. [XVTG: 15]

«*[Os traxes] adornábanse con terciopelos de algodón, de seda, telas de damasco ou de raso, xeralmente enriquecidos con bordados en contas de cristal (...).*» [XVTG: 15]

Nota: Recibe o seu nome do feito de os primeiros seren orixinarios da cidade de Damasco.

53 **dengue** s m [1VA.2PR.3TM.4T] [1VX.2M] [1VA.2PR.3EX]

Especie de capa pequena de baeta ou pano que se prolonga polos ombros para diante, cruzándose sobre o peito, e se prende nas costas á altura da cintura cun broche de prata ou outro metal. [TRG: 42]

Nota: Pode levar unha franxa de veludo negro ou a ton co mantelo adornada cun pequeno bordado en pasamanaría. Menos frec. tamén se usou de lenzo branco.

50 **devantal** s m [1VA.2PR.3TM.4TMI.5nS.6_60]

Avantal moi amplo de pano forte e bon us. para abrigo.

«*[no traxe de diario] el mantelo se sustituye por un amplio delantal al que llaman devantal si era de paño de Tarazona y lenlla si le hacían de picote o de paño basto del país.*» [TRG: 17]

295 **enagua** s f [1VA.2PR.3IN] [1VX.2M] [1VA.2PR.3TM.4TMI.5nS]

Especie de saia interior de uso xeral vestida polas mulleres baixo as outras saias, xer. de lenzo ou algodón industrial, branca e con roda moi amplo, asegurada por medio da fita de tea chamada cintura, que soe levar vistosos encaixes en dous ou tres pregos, ademais do volante de tea fina no baixo, adornado con tira aberta ou puntilla e entredous. [TRG: 34] [DLE] [TRG: 47]

«*As anaguas o anauguas 'combinación' (según la R.A.E. de 'nagua', palabra del haitiano). EN muchas partes sustituido por 'combinación' que vale conjuntamente para el 'justillo' y 'enaguas', pero que perdura aún en otras muchas, así en Villacidayo: enagua; en Sisterna sinauguas, asturiano occidental senaguas, enaguas, etc. 'visos blancos', etc.*» [EVA: 87]

Nota: Circundando a enagua pola puntilla do volante, ou máis raramente en dous trozos curtos verticais laterais da anchura do volante, pasaba unha fita de cor que indicaba o estado da portadora (vermello se era solteira, branco se era casada e negro se era viúva).

42 **enaguas** s f pl

vid. enagua

«*Se falamos dun día de festa, de xente da vila ou de clase social alta xa atopamo-las enaugas, os dengues e mantelos adornados con veludo e azabache, ou polo menos cun zócalo de pano sedán, e aparecen tamén as basquiñas que son saias con moito vó, de teas ricas e elegantes, igual que as capas ou parlamentas.*» [VGE: 11]

«*As anaguas o anauguas 'combinación' (según la R.A.E. de 'nagua', palabra del haitiano). EN muchas partes sustituido por 'combinación' que vale conjuntamente para el 'justillo' y 'enaguas', pero que perdura aún en otras muchas, así en Villacidayo: enagua; en Sisterna sinauguas, asturiano occidental senaguas, enaguas, etc. 'visos blancos', etc.*» [EVA: 87]

98 **encaixe** s m [1EA.2OO] [1MC.2TF.3AL] [1MC.2TF.3LI] [1MC.2TF.3SE] [1MO.2TG] [1MO.2PF]
Tecido transparente de malla aberta, fina e delicada, formando deseños variados con entrelazamentos de fíos de liño, seda, algodón, ouro etc. aplicado como gornición de vestidos, roupa branca, cofias, alfaias, paramentos etc. [TRG: 9] [XVTG: 14]
«*Chegou[se] a prohibi-lo uso de determinadas prendas ou cores a unha clase social, tal foi o caso da basquiña, "os picos pardos", os encaixes, etc.*» [VGE: 9]
«*Como adornos usáronse os pendientes, sapos, broches, etc., que traballaban os noso orfebres, aínda que podían vir de fora dependendo da moda do momento, e por suposto o azibeche e os encaixes de bolillos.*» [VGE: 10]
«*Os bordes das mangas, o escote e o rodo da aba podían levar encaixe.*» [O: 274]
«*A cabeza cobríase coa cofia, de liño ou encaixe, cinguida por meio dunha fita de seda de cór viva.*» [O: 276]
«*Atado á cintura ía un pequeno mandil de seda negra con encaixes e bordados darredor; chámase tamén sabenlo.*» [O: 276]
Nota: A súa procedencia podía ser tanto autóctone, ppal. da costa da prov. da Coruña aínda que nalgún tempo foi industria presente en todo o país, como doutros países introducido por mar.

507 **entredous** s m [1EA.2OO]
Tira bordada o de encaixe que se cose entre dúas teas dunha peza de roupa.

492 **escarpín** s m [1VA.2PR.3M.4MI] [1VX.2AX]
Calcetín de la sen sola us. polos pastores da montaña lucense para calzar a zoca. [TC: 25]
«*As zocas tamén podían ser máis grandes e abertas para poder introducir outro calzado por dentro (a parte dos "escarpíns", calcetíns de la que se soían empregar).*» [TC: 25]

289 **escarpiño** s m
vid. escarpín [TRG: 46]

326 **esclavina** s f [1VX.2M] [1VA.2PR.3TM.4TMI.5nS]
Especie de capa curta feminina que cobre o pescozo e os ombros.
cfr. 329 esclavina
«*O picote emprégase como mandil, pró que se ata á cintura coas fitas de que vai provisto, mais tamén se pode usar, a xeito de capa ou esclavina, sobre dos hombreiros, atando as fitas adiante do pescozo; serve esí de abrigo pra ir ó monte ou pra traballar nas terras.*» [O: 278]

329 **esclavina** s f [PP_287]
Peza sobreposta á capa, unida ao pescozo, cubríndoo e caendo sobre os ombros. [DLE]

cfr. 326 esclavina

«*Para cubrirse empregaban a capa, mantos ou panos de lá abatanados ós que lles podían facer un burato para mete-la cabeza, e a coroza que era unha capa usada para gardarse da chuvia, feita de palla ou fiuncho e que podía levar esclavina e capucha.*» [VGE: 13]

«*Prós hombreiros faise unha armadura semellante, deixando unhas buratas para pasál-os brazos, que se cobren logo cunha esclavina, todo nunha peza.*» [O: 267]

«*En Pontevedra e Vigo estaba feito por meio de varias pezas a xeito de esclavinas, e incruso se atopaban dengues de lenzo branco nos arredores de Mondoñedo.*» [O: 276]

«*A coroza é unha capa feita con xuncos e que pode ter varias formas, anque a máis corrente é a de capa con esclavina; tamén se fan capuchas soias e corozas con capucha na mesma peza; as corozas serven indistintamente pra homes e mulleres anque tamén se fan especiás prás derradeiras.*» [O: 286]

253 **estameña** s f [1MC.2TF.3LA] [1MC.2TF.3SE] [1MO.2TG]

Tecido de abrigo sinxelo e ordinario, de la ou seda torcidas,us. para a confección de saias. [TRG: 42]

«*Nos pés e pernas poñían as medias de la, carpíns e zocas ou zocos nos días de traballo, e tamén polainas de coiro, estameña ou palla.*» [VGE: 12]

«*En 1867 se editaba en Santiago la obra de Don Ramón Otero, "Galicia Médica" y al hablar del vestido escribe: "en el interior usan un paño ordinario tejido en el país en telares caseros con la lana áspera de sus carneros hilada a mano por las mujeres. Los de la costa gastan las panas, panillas, granas, paños y telas inglesas introducidas por la raya de Portugal o compradas en los puertos a los que desembarcan procedentes del extranjero; aquí los percales pintados sustituyen en las mujeres a las estameñas gruesas y bayetas de que hacen las sayas las de montaña: la lana entre las primeras es muy poco usada y como indicando su escasez de rebaños, solo la tejen mezclada con el lino, formando una tela particular de que hacen ropa para las labores del campo.*» [TG: 28]

487 **estampado** s m [1EA.2OO]

Conxunto de motivos ornamentais en cores diferentes, por separado ou repetidos, reproducidos nun tecido por medio de diversas técnicas, xer. impresión ou queimado. [DCF] [DEHLP] [DLE]

274 **estopa** s f [1MC.2TF.3LI] [1MO.2TG]

Tecido basto obtido da planta do liño us. para a confección da roupa de verán e da época dos labores. [TRG: 44]

«*Igual que na muller, a camisa era o primeiro que poñían no corpo, aínda que era máis curta cá dela, e podía ser de estopa ou de lenzo reservando o liño máis fino para a peiteira, os puños e a tira do pescozo ou para o colo se o tiña.*» [VGE: 12]

«Aínda que a planta é doada de conseguir, son moitas e moi pesadas as labouras que lle hai que facer desde o cultivo --a arriga, a ripa, o enriado, a maza e remaza, a tasca, o rastrelado, a fiada, o branqueado, o tinguido, tec.-- Ata consegui-las

distintas modalidades --estopa, lenzo, liño fino-- e logo tecelas no tear, proceso que ocupaba todo o ano» [VGE: 9]

«*Co liño (estopa, lenzo, fío) e tamén no algodón confeccionaban sabos, sabas e roupa interior, como camisas de home e de muller, cirolas, xustillos...»* [VGE: 10]

«*Así, os [chaleques] de diario eran de picote, baieta, estopa..., e os de festa de pano de lá con adornos de veludo ou de xénero brocado.»* [VGE: 12]

«*Nos dentes do restrelo vai quedando a estopa, que se retira a un lado e que logo se emprega non só para faguer un tecido basto, senón tamén pra outros moitos usos.»* [O: 236]

«*Sobor da camisa, o chileque, de pano roxo, branco ou verde, e coaparte traseira delenzo, case sempre de estopa.»* [O: 280]

«*Ribadeo con más de 200 telares que hacían al año 106.000 varas de lienzo, estopilla y estopa y 10.000 de somonte, buriel, picote, mantelería y colchas.»* [TG: 16]

96 **estopilla** s f [1MC.2TF.3LI] [1MC.2TF.3OU] [1MO.2TG]

Tea feita coa parte máis fina da estopa do liño ou o cáñamo, us. para a faldra da camisa, a enagua, etc. [TRG: 8]

«*Ribadeo con más de 200 telares que hacían al año 106.000 varas de lienzo, estopilla y estopa y 10.000 de somonte, buriel, picote, mantelería y colchas.»* [TG: 16]

276 **faixa** s f [1EA.2CF.3C]

Banda de la fina de cor azul, encarnada, tella, mostaza, negra, etc., que dá varias voltas arredor do corpo pola cintura, podendo os flocos dun dos extremos pendurar no lado dereito. [TRG: 51] [DLE]

«*Para abrigarse e suxeta-los calzóns levaban unha faixa de la, liño ou seda con frecos nos extermos, posta por riba ou por baixo do chaleque ou xubón.»* [VGE: 13]

«*O calzón ía suxeto cunha faixa roxa, negra, azul ou doutras córes, mais coas puntas dependurando un pouco nun dos costados.»* [O: 281]

Nota: Podía ser vestida por debaixo ou por encima do chaleco, conforme a zona. Us. ppal. no traballo, para protexer os riles ou, as de gala, como adorno, en cuxo caso ían bordadas.

246 **faldón** s m

vid. faldra [TRG: 41]

94 **faldra** s f [PP_37]

Parte inferior da camisa da muller, de tea máis basta que a superior, p. ex. de estopa ou tomentos, que servía de saia interior ao tempo que de camisa. [TRG: 38] [TRG: 8]

«*No corpo a primeira prenda que se poñía era a camisa, longa ata debaixo dos xeonllos, que tiña dúas partes: o cos, que corresponde ó tórax, feito de lenzo, e a faldra, que corresponde ó abdomen e pernas, que era de estopa.»* [VGE: 11]

«Os restos da espadela, tomentos, eran denantes aproveitados pra faguer despóis de fiados e tecidos, un xénero duro e áspero que se empregaba prás faldras das camisas das mulleres e as cirolas dos homes, máila súa baixa calidade fixo que fosen abandoados.» [TG: 13]

365 **faldriqueira** s f
vid. 364 faltriqueira

310 **falla** s f [PP_308]
Puntilla aplicada ao bobiné que serve de marco á cara. [TRG: 48]

193 **faltriqueira** s f [1EA.2CF.3T]
Bolsa de forma redondeada ou cadrada, cunha abertura na súa cara externa para acceder ao interior, que se levaba atada á cintura xer. oculta por baixo das saias, pero tm. por encima do mantelo (se era de gala), us. ppal. polas mulleres para gardar o diñeiro, o pano, amuletos etc. [VGE: 12] [EVA: 90] [0: 279] [DdD] [DLE]
cfr. 364 faltriqueira
«*Usaban sempre faltriqueira para garda-los cartos, amuletos e outros obxectos de valor que portaban de xeito habitual. Xeralmente ía gardada debaixo das saias.»* [VGE: 12]
«*Compremento do traxe da muller é a faltriqueira e a falchoca, bulsas, pequena a primeira e grande a outra, que ían colgadas da cintura, por baixo da saia ou do mantelo.»* [O: 279]
«*O calzón vai provisto de faltriqueira ou de alxibeira, gran bulsa ista derradeira que pode chegar ós xoenllos e incruso, coma socedía nas Mariñas, saír pola botoadura da perna.»* [O: 281]

364 **faltriqueira** s f [PP_37]
Bolsa ou prego que a camisa da muller, ao quedar frouxa, pode formar á altura do ventre. [EVA: 90]
cfr. 193 faltriqueira
«*La camisa puede, por quedar floja en la cintura, formar un gran pliegue o bolsa a la altura del estómago, que se llama la faltriqueira (faltriqueira también en Tras-os-Montes), que responde a la etimología de *falt (ant. alto alemán) 'pliegue, seno' y no, como hoy en castellano, 'bolsillo que se atan las mujeres a la cintura y que llevan colgando debajo del vestido o delantal'.»* [EVA: 90]
Nota: Este sentido podería explicar unha posíbel etimoloxía que atribúe a procedencia do termo ao ant. alto alemán *falt ('prego, seo').

453 **fatelo** s m [1VA.2PR.3TM.4TMS.5nS] [1VX.2AX] [1VA.2PR.3EN]
Especie de picote feito á espita presente na parte meridional da prov. de Pontevedra, us. de maneira semellante ao picote. [FJAF]
Nota: Existe unha variante con carapucho, moi pouco estendida, presente nalgunhas áreas da parte meridional da prov. de Ourense.

376 **feltro** s m [1MC.2TF.3LA] [1MO.2PF]
Tecido groso e duro feito xer. de la e pelos e obtido através da acción da calor, da humidade e da presión. [DCLG] [DEHLP] [DCF]
«*O labor do folón tén por obxecto bater ben o pano até transformalo nunha especie de fieltro.*» [O: 266]

174 **fibela** s f [PP_342] [PP_229]
Obxecto formato variado (redonda, retangular etc.) que, provida dunha pequena púa montada sobre un eixo, serve para unir as dúas extremidades do cinto ou para aprochar o zapato. [TRG: 29]
«*La prenda más importante son os pantalõis ('pantalones'), quizá antiguamente llamados calzõis (...) que se sujetan a la cintura con un cincho o cinto (a cincha es una tira larga de cuero para las caballerías), el cual abrocha por medio de una fibela o fibeleta ('hebilla'). No obstante hay muchos hombres que usan los tirentes, o 'tirantes'.*» [EVA: 89]

127 **fío** s m [1MC.2TF.3LI] [1MC.2TF.3LA] [1MC.2TF.3SE] [1MC.2TF.3OU]
Fibra longa e delgada de liño, la, seda, cánabo ou outra materia téxtil que foi fiada, us. para coser e facer tecidos. [TTG: 5]

414 **fita** s f [1EA.2CF.3C] [1EA.2OO]
Faixa longa e estreita de tecido us. para ornamentar, cinxir ou amarrar. [DEHLP] [DLE]
«*La parte superior del cuerpo, dese la cintura, la visten los ancareses con as camisas de fita (...). Tal tipo de camisa, muy larga (como la de Matosinhos), se caracteriza por no tener cuello, sino una fita o cinta de la propia tela de la camisa, que hacía sus veces y servía para abrocharla.*» [EVA: 90]
«*A cabeza cobríase coa cofia, de liño ou encaixe, cinguida por meio dunha fita de seda de cór viva.*» [O: 276]
«*Un dos lados menores está algo fruncido por meio dunha fita que sobresai dos lados prá atar cando se quer.*» [O: 278]
«*O picote emprégase como mandil, pró que se ata á cintura coas fitas de que vai provisto, mais tamén se pode usar, a xeito de capa ou esclavina, sobre dos hombreiros, atando as fitas adiante do pescozo; serve esí de abrigo pra ir ó monte ou pra traballar nas terras.*» [O: 279]
«*As monteiras eran castañas, ou negras, ou verdes, etc., e ían ribeteadas con fita negra ou verde.*» [O: 282]
« *Trátase dun chapéu de copa troncocónica, aba ancha e unha fita ancha e negra que, despois de arrodear a copa, colga un pouco por detrás.*» [O: 286]

277 **flanela** s f [1MC.2TF.3LA] [1MC.2TF.3AL] [1MO.2PF]
Tecido leve de algodón ou la, lixeiramente cardado e de textura felpuda por unha ou polas dúas caras, us. para pezas interiores de abrigo. [TRG: 44] [DLE] [DEHLP] [DdD]

«*Coa revolución industrial chegaron novas teas tales como dril, franela, mahón, villela, ... que pasan pouco a pouco a ocupa-lo lugar das de fabricación caseira.*» [VGE: 11]

415 **floco** s m [PP_205] [PP_59] [PP_114]
Adorno composto por unha serie de fíos pendurantes dunha tira de tea ou de pasamanaría, p. ex. das beiras do pano, engadidos cunha dobra ou feito cos fíos da propia tea. [DLE] [DCLG]
«*Para abrigarse e suxeta-los calzóns levaban unha faixa de la, liño ou seda con frecos nos extermos, posta por riba ou por baixo do chaleque ou xubón.*» [VGE: 13]
«*Unha vez que se rematóu unha colcha, compre porlle o freco pra acabala de todo.*» [O: 262]

422 **floreado** s m [1EA.2OO]
Ornamentación de motivos florais, xer. estampados.
«*Por riba da camisa poñían o xustillo, que cinguía e levantaba o peito, e logo, según a ocasión, a chambra ou o xubón, o dengue ou a chaqueta, ou ben mantón de la merina, floreado, de cachemir... cruzado ó mesmo xeito que o dengue ó que foi substituíndo.*» [VGE: 11]

154 **galocha** s f [1VA.2PC.3CB] [1VX.2AX]
Zoca de roma bastante afiada us., xer. na montaña de Lugo, calzada por encima da chiruca ou do escarpín (vid. galocha de carpín). [MHPP]
«*Pero el calzado exterior más generalizado no sólo en tiempo de lluvia y nieve, sino, incluso, cuando está seco, son as galochas.*» [EVA: 95]
«*El calzado más popular en todas las zonas rurales españolas, especialmente en las que, por llover mucho, son las más húmedas, sigue siendo la madreña o galocha.*» [EVA: 214]

497 **galocha de carpín** s f [1VA.2PC.3CB.4_154] [1VX.2AX]
Galocha ancaresa que se calza directamente por encima do escarpín. [EVA: 95]
«*Las galochas se calzan, de ordinario, con zapatilla o alpargata, pero existe, sin embargo un modelo llamado galochas de carpín, que son las que se calzan sólo con el calcetín de lana (carpín) anteriormente citado.*» [EVA: 95]
«*En Ancares (...), las galochas pueden ser: galochas de carpín (se calzan directamente sólo con calcetín), y galochas de zapatilla (se calzan con calcetín y zapatillas)*» [EVA: 215]

498 **galocha de zapatilla** s f [1VX.2AX] [1VA.2PC.3CB.4_154]
Galocha que se calza por encima do escarpín e a chiruca ou zapatilla. [EVA: 215]
«*En Ancares (...), las galochas pueden ser: galochas de carpín (se calzan directamente sólo con calcetín), y galochas de zapatilla (se calzan con calcetín y zapatillas)*» [EVA: 215]

146 **galocha ferrada** s f [1VX.2AX] [1VA.2PC.3CB.4_154]

Galocha con reforzo de ferro para andar pola neve, a lama ou o chan moi mollado.
«Por otra parte, pueden ser: galochas lampas (si están desherradas y con los talõis o turucos muy gastados), frente a las galochas ferradas (férralas o furruleiro), ferradas de lata para facer ruxíu, 'para hacer ruido'. (En Oseja, p. 148, las hay desbocadas: abiertas y para zapatilla; soletas 'si es bajina'; tarninas: 'madreña o abarca cerrada, para andar por casa en escarpinos' y sin dibujos, simplemente pintada de negro; son los gasapos en Lena, p. 149, y además suele estar mal hechas, muy rudimentarias y corresponden a los galochos, galochallos, galochallas ancaresas).» [EVA: 215]

243 **gorro** s m [1VA.2PT] [1VX.2AX]
Toucado de abrigo, de tecido flexíbel, la ou tea, axustada á cabeza, sen aba nin viseira e podendo cubrir as orellas. [TRG: 40] [DEHLP]

244 **gorro de Foz** s m [1VA.2PT.3_243.4_245] [1VX.2AX]
Especie de barretina de cerca de media vara que usaban en Foz, composto pour dous panos, un verde e outro encarnado, deixando caer unha punta sobre o ombro. [TRG: 40]
Nota: Tamén era usado polos pescadores de Nazaré (Portugal).

240 **gorro de Mondoñedo** s f [1VA.2PT.3_243s] [1VX.2AX]
Gorro utilizada en Mondoñedo, do cal existían dous tipos: un era unha especie de pucho e o outro era a modo de monteira de pastor. [TRG: 40]

294 **inagua** s f
vid. enagua [TRG: 47]

397 **la** s f [1MC.2TF.3LA]
Tecido castizo feito con la para a confección de roupa de abrigo pola súa espesura, quentura e suavidade. [DEHLP] [DLE]
«*De la e pano eran dengues, chaquetas, mantelos, corpiños, saias, refaixos, calzóns, polainas, chaleques, puchos, monteiras, panos de cabeza, panos do pescozo, medias, carpíns, mantos...»* [VGE: 10]

217 **la** s f [1MC.2NT.3AN]
Material procedente do pelo de ovinos fiado e tecido. [XVTG: 15]
«*Non nos podemos esquecer da la traballada na casa como materia básica»* [VGE: 9]
«*O fío retorcido, case sempre de lá, úsase en xeral pra calcetar coas agullas correntes que o mercado proporcioa; esí se fan chaquetas, chambras, medias, etc.»* [O: 250]

486 **labrado** s m [1EA.2OO]
Ornamento consistente nun deseño de motivos florais ou doutro tipo realizado no propio fío ao ir engadindo a trama. [FJAF]

171 **laire de canario** s m [1EA.2CF.3PRO.4_59]
Denominación que daban en Noia ao pano de seda cruzado dese concello, que vestían debaixo do corpiño e era un pouco máis pequeno que o de Muros. [TRG: 28]
cfr. pano de seda

17 **lapela** s f [PP_236]
Parte anterior e superior dunha chaqueta ou un chaleco, correspondente ao peito, xer. con forma triangular e dobrada para fóra sobre a mesma peza. [DLE] [DEHLP]
«*Denantes, e prós días de festa, era corrente o uso do corpiño, especie de chaqueta cinguida, curta, con solapas, mangas longas e adornos de terciopelo, que remataron por empregar somentes as costureiras e que, en cabo, desaparecéu de todo.*» [O: 276]
«*A chaqueta, de pano verde, castaño ou azul, moi pouco aberta de solapas, ía case sempre sobor dun hombreiro.*» [O: 281]

301 **lella** s f
Denominación atribuída en certas comarcas de Lugo meridional ao mantelo de diario. [TRG: 48]
sin. lello

303 **lella** s f [1MC.2TF.3LA] [1MO.2TG]
Tecido groseiro de la us. para a confección de lellas, mantas para as cabalgaduras etc. [TRG: 48]

302 **lello** s m
sin. lella 301 [TRG: 48]

458 **lenlla** s f
Denominación atribuída ao mandil de picote na Fonsagrada. [FJAF]
vid. mandil de picote

51 **lenlla** s f
vid. lera

457 **lenza** s f
Denominación atribuída ao mandil de picote en Monfero e noutros lugares do linde das prov. da Coruña e Lugo. [FJAF]
vid. mandil de picote
Nota: Xer. pronunciada con seseo (lensa).

222 **lenzo** s m [1VA.2PR.3TM.4TMI.5nS] [1VA.2PR.3EX] [1VX.2M]
Denominación atribuída na Mariña lucense ao refaixo de la.

vid. refaixo
cfr. 91 lenzo

91 **lenzo** s m [1MC.2TF.3LI] [1MO.2TG]
Tecido de liño.
cfr. 222 lenzo
«*Igual que na muller, a camisa era o primeiro que poñían no corpo, aínda que era máis curta cá dela, e podía ser de estopa ou de lenzo reservando o liño máis fino para a peiteira, os puños e a tira do pescozo ou para o colo se o tiña.*» [VGE: 12]
«*Aínda que a planta é doada de conseguir, son moitas e moi pesadas as labouras que lle hai que facer desde o cultivo --a arriga, a ripa, o enriado, a maza e remaza, a tasca, o rastrelado, a fiada, o branqueado, o tinguido, tec.-- Ata consegui-las distintas modalidades --estopa, lenzo, liño fino-- e logo tecelas no tear, proceso que ocupaba todo o ano*» [VGE: 9]
«*Co liño (estopa, lenzo, fío) e tamén no algodón confeccionaban sabos, sabas e roupa interior, como camisas de home e de muller, cirolas, xustillos...*» [VGE: 10]
«*Diste xeito temos urdido o fío para tecer unhas tres varas de lenzo.*» [O: 253]
«*En Pontevedra e Vigo estaba feito por meio de varias pezas a xeito de esclavinas, e incruso se atopaban dengues de lenzo branco nos arredores de Mondoñedo.*» [O: 276]
«*O traxe faise entón máis sinxelo: saia oscura ou crar, aínda con bastante vó, longa até os pés. Sobor dela o mandil de lenzo corrente, grande que non sempre se puña, senón somentes pró traballo.*» [O: 277]
«*Sobor da camisa, o chileque, de pano roxo, branco ou verde, e coa parte traseira de lenzo, case sempre de estopa.*» [O: 280]
«*O calzón pasaba un pouco dos xoenllos e tiña as parte laterás inferiores abertas, deixando saír as cirolas ou calzurras, feitas de lenzo de liño.*» [O: 281]
«*Os nenos, namentras son pequenos, embrúllanse en panos e mantas cobríndolles a cabeza con cufetes, xeito de gorriñas feitas de lenzo.*» [O: 285]
«*Os nenos usan pantalón curto, polos xoenllos ou algo máis abaixo, sendo curioso o emprego de mandil, que eiquí é unha peza pequena de lenzo que vai suxeta á cintura, pola parte traseira, coma se fose unha cortina, e que tapa o que ó pantalón lle falla por detrás; diste xeito, os rapaces non precisan axuda ningunha, bastándolles agacharse e voltar a se erguer.*» [O: 285]
«*Ribadeo con más de 200 telares que hacían al año 106.000 varas de lienzo, estopilla y estopa y 10.000 de somonte, buriel, picote, mantelería y colchas.*» [TG: 16]
«*El lienzo gallego era pieza fundamental dentro de la alta costura española y este prestigio no fue posible sostenerlo por causas sencillas, de empobrecimiento, abandono y una política económica de otros lugares con sorda rivalidad muy bien administrada.*» [TG: 17]

95 **lenzo caseiro** s m [1MC.2TF.3LI] [1MO.2TG]
Lenzo de elaboración caseira para camisas etc. que podía ser máis ou menos groso, conforme a posición social de quen o usase. [TRG: 41]

cfr. lenzo do comercio

247 **lenzo de Padrón** s m [1MC.2TF.3LI] [1MO.2TG]
Lenzo fino que se utilizaba para facer as enaguas de encima, chambras e outras pezas, moi estimado pola súa alta calidade. [TRG: 41]

264 **lenzo de tres puntas** s m [1EA.2CF.3PRO.4_59]
Pano us. para protexer a cabeza na montaña lucense, vestido ao cacherulo, que foi substituído cara 1870 polo pano francés de la fina de cor albaricoque, peiteándose con moño e non trenzas. [TRG: 43]
Nota: Chamábanlle tamén "cofia".

445 **lenzo do comercio** s m [1MC.2TF.3LI] [1MO.2PF]
Lenzo feito en fábrica e comprado na tenda ou na feira..
«*Xa a finais do século pasado e primeiros deste século se foi trocando o uso do liño feito na casa polo "lenzo de comercio" e outras teas*» [VGE: 9]

446 **lenzo labrado** s m [1MC.2TF.3LI] [1MO.2TG]
Lenzo que presenta altos e baixos que se logran apertando máis ou menos en certos sitios o fío conforme se vai tecendo.
«*A técnica é a mesma pra todos [os tecidos] máis tamén se fan outros que, polas súas caracteristicas, presentan certas novidades na fabricación. Figuran antre iles os lenzos labrados, que non son totalmente lisos senón que presentan algúns altos e baixos que se logran apretando máis ou menos en certos sitios o fío consonte se vai tecendo.*» [O: 259]

451 **lera** s f
vid. lera raiada [FJAF]
sin. lera raiada
cfr. 462 lera
«*As leras raiadas, dependendo da súa riqueza, eran ribeteadas os seus laterales, dereita e esquerda, non o fondo, o fondo estaba xa ribeteado por esa mostra, entre comillas, de levantados, tapieces e cores, pero os laterales moitas veces eran ribeteados por terciopelo, ou sexa, mezclaban elementos artesanais e confeccionados na casa, aínda que moi elaborados como liño e la, con elementos comprados como terciopelo, ou sedas, lle metían unha tira que lle chamaban a tira bordada de seda, e que era unha tira comprada na feira, de seda, e que logo bordaban por encima, a man, con fíos tinguidos de seda sacada do liño, moi finiña, e bordaban por riba motivos, ou terciopelo negro, ou la merina negra, ou pelo de cabra, etc.*» [FJAF]

462 **lera** s f [1VA.2PR.3TM.4TMS.5nS] [1VX.2M] [1VA.2PR.3EN]
Peza de festa semellante á lera raiada pero feita con tecidos comprados como pano sedán, pano de Béjar, etc., ribeteada con veludo ou con fitas de seda e adobiada con pedraría bordada ao ar con pasamanarías de cordón, us. encima dos ombros para ir

ás festas e ás cerimonias relixiosas importantes, sobre todo no sur de Pontevedra. [FJAF]
cfr. 451 lera
Nota: É unha posíbel evolución da lera raiada.

52 **lera** s f
Avantal xer. de picote [nas Mariñas: ou de pano basto do país].
var. lenlla

460 **lera raiada** s f [1VA.2PR.3TM.4TMS.5nS] [1VX.2M] [1VA.2PR.3EN]
Especie de picote de festa (us. para feiras e romarías) pero coa la ben fiada e asedada, de riscas verticais paralelas de cores vivas sobre fondo xer. negro e un tapiz paralelo ao extremo inferior, a unha distancia del de aprox. unha cuarta, consistente nunha franxa de levantados e deseños xeométricos de moitas cores e grande creatividade, presente ppal. nas Rías Baixas pontevedresas e na metade meridional de Pontevedra e Ourense. [FJAF]
sin. 451 lera
Nota: O fondo da parte inferior entre o tapiz e o extremo, dunha cuarta aprox. de largura, era xer. de cor vermella e tiña riscas de cores con el contrastantes. Así mesmo, o número de tapices non se limitaba a un, senón que dependía, ao igual que o seu feitío, do poder adquisitivo da portadora, da habilidade ou da creatividade da tecedeira, etc. Nos exemplares máis ricos, os laterais, que ao se vestir a lera cobren o peito tocándose entre si, tamén podían ir ribeteados por veludo negro, la merina negra, pelo de cabra, unha tira bordada de seda, etc. Peza de posíbel influencia ou procedencia portuguesa.

2 **liga** s f [1EA.2CF.3C]
Fita elástica en forma de anel que aperta a boca da media, prendéndoa na perna, a fin de manter as medias ben esticadas. [DCLG] [DEHLP]
«*Las mujeres se sujetan las medias con ligas (...) y también las polainas, que servían tanto para hombres como para mujeres (así en Tras-os-Montes y Orense: polainas de xunco, etc.)*» [EVA: 95]

220 **liña** s f [1MC.2TF.3LI] [1MO.2TG]
Fío da estopa. [TRG: 38]

351 **lingüeta** s f [PP_141] [PP_229]
Pequena aba, nos zapatos ou nos zocos, situada na altura do peito do pé e baixo os amallós ou a fibela. P. ex. porta. [DCLG] [TRG: 56] [DEHLP]
sin. comp. copete

251 **madilete** s m
vid. mantela [TRG: 42]

355 **madreña** s f [1VA.2PC.3CB.4_147] [1VX.2AX]
Zoca con tres tarugos (dous na pala e un no calcañar) dunha altura de 3 cm para dar maior altura e illamento da humidade do chan e facilitar o camiñar pola neve e cun grande escote para podela calzar con facilidade sobre a media, o escarpín ou a chiruca. [TC: 25] [TRG: 58]
sin. comp. tamanco
sin. comp. tamanca
«*Logo podían poñé-los carpíns, xocas, madreñas ou zocos. Nos días de garda levaban zapatos.*» [VGE: 12]
«*Como calzado poñían zocas e madreñas de madeira, zocos, botas e chalancas de madeira e coiro e, por último, zapatos e botinas feiros soio de coiro.*» [VGE: 10]
«*Sin embargo, hemos de señalar que [las galochas] se llaman madreñas en todo el leonés y otros muchos puntos de nuestra dialectología.*» [EVA: 95]
«*El calzado más popular en todas las zonas rurales españolas, especialmente en las que, por llover mucho, son las más húmedas, sigue siendo la madreña o galocha.*» [EVA: 214]

359 **madreña** s f [1VA.2PC.3CB.4_147] [1VX.2AX]
Zoca asturiana, coa parte de arriba vernizada en castaño avermellado e cun deseño xeométrico na punta.

357 **madroña** s f
Denominación atribuída á zoca na rexión de Verín. [TRG: 58]

153 **madroña** s f
vid. madreña [TC: 25]

401 **mallós** s m pl
vid. amallós [TRG: 57]

450 **mandil** s m [1VA.2PR.3TM.4TMS.5nS] [1VX.2AX] [1VA.2PR.3EN]
Denominación atribuída ao mandil de picote nos Ancares e no Courel. [FJAF] [O: 278]
sin. comp. mandil de picote
sin. comp. candil
sin. comp. lensa
sin. comp. lenlla
sin. comp. mantelo
cfr. 459 mantelo
vid. mandil de picote
«*De feito, mandil, en Galicia, é de poñer polos ombros. Ou sexa, normalmente, antigamente o mandil era de poñer polos ombros. E o de poñer por diante, así como o que nós entendemos por mandil hoxe en día se chamaba mantela ou delantal.*» [FJAF]

60 **mandil** s m [1VA.2PR.3TM.4TMI.5nS] [1VX.2M] [1VA.2PR.3EN]
Peza de roupa de encima feito de múltiplos materiais e us., dependendo do tipo, como protección ou adorno ora sobre a parte frontal da saia da cintura para abaixo (tm. chamado máis frec. mantela, avantal, devantal etc.), ora sobre os ombros e o dorso do corpo (tm. chamado mandil de picote, mantelo, candil etc.). [DCF] [DdD]
«*De feito, mandil, en Galicia, é de poñer polos ombros. Ou sexa, normalmente, antigamente o mandil era de poñer polos ombros. E o de poñer por diante, así como o que nós entendemos por mandil hoxe en día se chamaba mantela ou delantal.*» [FJAF]
«*Por riba da faldra da camisa poñía o refaixo de lá ou baieta, logo outra saia baixeira tamén de baieta e por fin a saia de riba, a que se vía, e por tanto a de mellor feitura e tea, e, por último o mandil, mantelo ou mantela.*» [VGE: 11]
«*Por delante de la falda, rodo o faldón se pone la mujer ancaresa un mandil, mandilello, mandil raso o de raso (según la calidad), es decir, un delantal, que recibe el mismo nombre en todas partes, así es mandil raso en Aller, mandil en Aller, mandil en Andiñuela, mantiedu en Sisterna, etc.*» [EVA: 87]
«*O refaixo ía cuberto co mantelo, que semella un gran mandil de pano, algo máis curto que o refaixo e con menos vó, aberto por detrás e dun feitío semellante ó do dengue, co mesmo pano e franxas e bordado de canutillo.*» [O: 275]
«*Atado á cintura ía un pequeno mandil de seda negra con encaixes e bordados darredor; chámase tamén sabenlo.*» [O: 276]
«*O traxe faise entón máis sinxelo: saia oscura ou crar, aínda con bastante vó, longa até os pés. Sobor dela o mandil de lenzo corrente, grande que non sempre se puña, senón somentes pró traballo.*» [O: 277]

366 **mandil** s m
vid. alzapón [O: 281]
«*O calzón é tamén de pano, de cór escura, provisto nalgúns sitios de mandil, peza situada na parte outa da dianteira e que se pode desabotoar por riba cando fai falla.*» [O: 281]
«*Os nenos usan pantalón curto, polos xoenllos ou algo máis abaixo, sendo curioso o emprego de mandil, que eiquí é unha peza pequena de lenzo que vai suxeta á cintura, pola parte traseira, coma se fose unha cortina, e que tapa o que ó pantalón lle falla por detrás; diste xeito, os rapaces non precisan axuda ningunha, bastándolles agacharse e voltar a se erguer.*» [O: 285]

416 **mandil de mostra** s m [1VA.2PR.3TM.4TMS.5nS] [1VX.2M] [1VA.2PR.3EN]
Mandil de picote de gala que presenta unha ou varias mostras, dependendo da súa riqueza, us. para ir a misa en case toda a provincia de Lugo, no interior da de Pontevedra e na parte setentrional da de Ourense, sobre todo na parte da montaña. [FJAF]
«*Para ir á misa, cobrían o pano ou a cofia coa manetilla ou mantelica, ou senón co mandil de picote con ou sen "mostra".*» [VGE: 11]

61 **mandil de picote** s m [1VA.2PR.3TM.4TMS.5nS] [1VX.2AX] [1VA.2PR.3EN]
Mandil rectangular de aprox. 1 x ½ m, feita xer. de picote de cor natural ou tinxido de negro e us. xer. por ambos os sexos como abrigo contra a chuvia, para ir ao monte ou traballar a terra, vestido a modo de capa curta, sobre os ombros, atando diante do pescozo os extremos dunha fita que france un dos lados menores e sobresae polas puntas dese lado, ou tamén dobrado sobre a cabeza para levar encima un feixe de herba húmida ou carga semellante. [VGE: 11] [O: 230]
sin. 450 mandil
«*Co picote elaboraban mandís, saias, chaquetas, corpiños, calzóns, mantelos, mantelas...*» [VGE: 10]
«*Para ir á misa, cobrían o pano ou a cofia coa manetilla ou mantelica, ou senón co mandil de picote con ou sen "mostra".*» [VGE: 11]
«*O mandil de picote tamén se usaba posto na cabeza cando chovía, ou colocado nos ombreiros contra o frío.*» [VGE: 11]
«*Transcorridos os corenta días que debe o liño de estar a cocer na poza, vaise buscar. Como os feixes sán mollados, os portadores levan na cabeza un mandil de picote que os defenda da i-auga que deitan os feixes.*» [O: 230]
«*Compre sinalal-a existencia dunha curiosa prenda que vai tamén camiño de se perder: o picote ou, millor mandil de picote. Trátase dunha peza de forma rectangular, duns 0,90 mts. de longo por 0,50 de ancho, tecida na casa con fío de lá e traballada ás veces no folón. Un dos lados menores está algo fruncido por meio dunha fita que sobresai dos lados prá atar cando se quer. Algunhas veces vai da súa cór natural, misturada a lá branca coa negra, mailo corrente é que logo de feita seña tinguida de negro. O picote emprégase como mandil, pró que se ata á cintura coas fitas de que vai provisto, mais tamén se pode usar, a xeito de capa ou esclavina, sobre dos hombreiros, atando as fitas adiante do pescozo; serve esí de abrigo pra ir ó monte ou pra traballar nas terras. Cando chove, ou se hai que traguer na cabeza herba húmida ou cousa semellante, pódese pór pola cabeza e protexela da i-auga. Coístes dous derradeiros fitos, emprégana tanto as mulleres coma os homes.*» [O: 278]

57 **mandileta** s f [1VA.2PR.3TM.4TMS.5nS.6_287] [1VX.2M] [1VA.2PR.3EN]
Especie de capa de la us. polas mulleres como protección do frío e a chuvia.

102 **manga** s f [PP_37] [PP_236] [PP_219] [PP_206]
Parte da camisa, da chaqueta e doutras pezas que cobre o brazo. [TRG: 9]
vid. camisa
«*Noutras ocasións en lugar do chaleque levaban o xubón con ou sen mangas e máis ou menos rico e vistoso, según a ocasión.*» [VGE: 12]
«*Até fai pouco, as mulleres usaban camisa de manga curta, con escote cadrado.*» [O: 274]
«Os bordes das mangas, o escote e o rodo da aba podían levar encaixe.» [O: 274]
«*Non embargantes, aínda iste traxe chegóu a ter unha certa persoalidade polo emprego das remontas, especie de mendos de terciopelo ou pana que, dun xeito simétrico, enfeitaban a beira inferior e as costas da chaqueta, os puños e parte traseira das mangas, bocas dos pantalóns, xionlleiras, etc.*» [O: 283]

360 **manga perdida** s f [PP_332] [1PP_102]
Manga é ampla, longa e sen puño. [DLE] [DEHLP]

278 **manta** s f [1VA.2PR.3C] [1VX.2AX] [1VA.2PR.3EN]
Peza de roupa xer. de la que serve para se abrigaren ocasional ou permanentemente as persoas, especialmente á intemperie ou de viaxe, moi us. en Lugo central: ás raias lonxitudinais e de cores, con borlas nos extremos, de un metro de largo por dous de longo. [TRG: 44]
«*No obstante, es muy frecuente también el uso de una manta para envolverse en días de frío, mientras apacientan las vacas.*» [EVA: 91]
«*[A terra] sentia cada verán a peregrinaxe de centos de seitureiros que marchaban ás segas a Castela, ataviados de traxe branco de estopa, fouciña na man e manta de cores e saco ao lombo.*» [RA3: 72]
Nota: Non confundir cun cobertor de cama.

226 **mantela** s f [1VA.2PR.3TM.4TMI.5nS] [1VX.2M] [1VA.2PR.3EN]
Modalidade de mantelo de pano negro cunha franxa moi larga de veludo e adornada con agremán de acibeche que, no plano transversal, cobre só a parte dianteira do corpo e, no plano lonxitudinal, pode cubrir a saia na súa totalidade, é dicir chegando case ao tornecelo ou ser algo máis curta. [TRG: 38] [TRG: 39] [TRG: 42] [TRG: 47]
cfr. mantelo
«*Tal é o caso das mantelas tecidas na casa e ribeteadas de rico "pano de ortigosa"*» [VGE: 9]
«*Por riba da faldra da camisa poñía o refaixo de lá ou baieta, logo outra saia baixeira tamén de baieta e por fin a saia de riba, a que se vía, e por tanto a de mellor feitura e tea, e, por último o mandil, mantelo ou mantela.*» [VGE: 11]

267 **mantela** s f [1VA.2PR.3TM.4TMI.5nS.6_60] [1VX.2M] [1VA.2PR.3EN]
Mandil de uso doméstico feito xer. de burel que cobre a parte frontal da saia. [TRG: 43] [FJAF]
sin. comp. delantal
vid. 60 mandil
«*Co picote elaboraban mandís, saias, chaquetas, corpiños, calzóns, mantelos, mantelas...*» [VGE: 10]
Nota: O denominación de mandil para esta peza é propia de tempos recentes.

255 **manteleta** s f [1VA.2PR.3TM.4TMS.5nS] [1VX.2M] [1VA.2PR.3EN]

Peza de pano negro en forma de semicírculo que cae desde a cabeza até a cintura da muller e lle serve para entrar na igrexa e se abrigar nos días de moito frío. [TRG: 42]

459 **mantelo** s m
Denominación atribuída ao mandil de picote nos Ancares e no Courel. [FJAF]

cfr. 450 mandil
vid. mandil de picote

45 **mantelo** s m [1VA.2PR.3TM.4TMI.5nS.6_60] [1VA.2PR.3EN] [1VX.2M]
Avantal ou mandil (ou especie de saia aberta) de pano de cor xer. castaña, verde escura, azul mariño ou, menos frec., negra que cobre á saia ou ao refaixo case por completo (á excepción da parte posterior, xa que vai aberto detrás, e a beira inferior), suxeito/cinxido á cintura por medio de broches posteriores. P. ex. mantelo de gala, mantelo mariñán [TRG: 67]

«*Por riba da faldra da camisa poñía o refaixo de lá ou baieta, logo outra saia baixeira tamén de baieta e por fin a saia de riba, a que se vía, e por tanto a de mellor feitura e tea, e, por último o mandil, mantelo ou mantela.*» [VGE: 11]

«*Se falamos dun día de festa, de xente da vila ou de clase social alta xa atopamo-las enaugas, os dengues e mantelos adornados con veludo e azabache, ou polo menos cun zócalo de pano sedán, e aparecen tamén as basquiñas que son saias con moito vó, de teas ricas e elegantes, igual que as capas ou parlamentas.*» [VGE: 11]

«*De la e pano eran dengues, chaquetas, mantelos, corpiños, saias, refaixos, calzóns, polainas, chaleques, puchos, monteiras, panos de cabeza, panos do pescozo, medias, carpíns, mantos...*» [VGE: 10]

«*As teas máis finas tales como o pano sedán, veludo, etc. usábanas xeralmente para adornar dengues, mantelos, chaquetas, calzóns, etc.*» [VGE: 11]

«*Outras veces dobraban os mantelos ou os mantos e colocabanos na cabeza por non levalos postos ou na man.*» [VGE: 11]

«O refaixo ía cuberto co mantelo, que semella un gran mandil de pano, algo máis curto que o refaixo e con menos vó, aberto por detrás e dun feitío semellante ó do dengue, co mesmo pano e franxas e bordado de canutillo. Pecha por baixo do dengue e do mesmo modo, con broche e cadea de prata. Os das festas son, craro está, máis ricos que os de cotío. Son famosos aínda os empregados na terra de Muros, dos que pasóu o nome, hoxe xeralizado, de muradanas que tamén se dá a estas prendas.» [O: 275]

«*O traxe da terra de Muros tiña unha certa persoalidade que o distinguía dos demáis: mantelo de pano negro con franxas de terciopelo moi anchas cobrindo a saia de cór crara; chaqueta de raso negro e, por riba dela, un pano de crespón que cruza sobor do peito e ata as súas puntas na cintura, por detrás, deixando dependural-o sobrante.*» [O: 276]

«*O refaixo sustituiuse por unha saia de cór crara nas mozas e oscura nas vellas, desaparecendo o mantelo e o dengue.*» [O: 277]

«*Compremento do traxe da muller é a faltriqueira e a falchoca, bulsas, pequena a primeira e grande a outra, que ían colgadas da cintura, por baixo da saia ou do mantelo.*» [O: 279]

«*Está llena una caldera (sella) y cubre su cabeza blanca cofia. Viste chambra, chaquetilla, saya, mantelo, media blanca y zapatos.*» [TG: 27]

Nota: Podía tm., de camiño, levarse dobrado sobre a cabeza, como protección do sol ou da chuvia.

47 **mantelo de gala** s m [1VA.2PR.3TM.4TMI.5nS.6_60.7_45] [1VX.2M] [1VA.2PR.3EN]
Mantelo ricamente adobiado con broches de prata con cadea e unha ampla faixa de veludo negro que recorre o bordo (de lado a lado pasando pola beira inferior), adornada de pasamanaría de acibeche ou unha franxa de pano sedán. [TRG: 67]
cfr. muradana
Nota: Destacan os das muradanas, que eran adornados copiosamente.

46 **mantelo mariñán** s m [1VA.2PR.3TM.4TMI.5nS.6_60.7_45] [1VA.2PR.3EN] [1VX.2M]
Mantelo acampanado de pano sedán negro ou castaño, que se cinxe á cintura cun broche de prata ás costas que pode ter forma de concha de peregrino. Pola cintura é ribeteado cunha fita de cor e francido para lle dar máis roda. Por abaixo e pola abertura traseira ten unha franxa xer. de veludo negro liso adornado con bordos de pasamanaría con acibeche ou de veludo labrado negro ou azul-mariño. [TRG: 10]

129 **mantilla** s f [1VA.2PR.3TM.4TMS.5nS] [1VA.2PT] [1VX.2M]
Manteleta de encaixe de encaixe us. para ir á igrexa ou a outras cerimonias. [TRG: 14] [TRG: 11115]
«*Para ir á misa, cobrían o pano ou a cofia coa manetilla ou mantelica, ou senón co mandil de picote con ou sen "mostra".*» [VGE: 11]
«*O mesmo acontez co pano que, se nos derradeiros tempos aínda se puña prá eirexa, foi xa sustituído polas mantillas ou velos mercados na tenda.*» [O: 278]
Nota: Esta peza é común a case todo o ámbito peninsular. Na montaña era menos adornada e máis ampla, por motivos climáticos.

336 **manto** s m [1VA.2PR.3C] [1VX.2M] [1VA.2PR.3EN]
Especie de capa feminina de abrigo, coa que se tapaba a cabeza o corpo, podendo chegar até a media perna.
«*Como pezas de máis abrigo tiñan os mantos, a coroza e a capa entre outros.*» [VGE: 12]
«*De la e pano eran dengues, chaquetas, mantelos, corpiños, saias, refaixos, calzóns, polainas, chaleques, puchos, monteiras, panos de cabeza, panos do pescozo, medias, carpíns, mantos...*» [VGE: 10]
«*Outras veces dobraban os mantelos ou os mantos e colocabanos na cabeza por non levalos postos ou na man.*» [VGE: 11]
«*Para cubrirse empregaban a capa, mantos ou panos de lá abatanados ós que lles podían facer un burato para mete-la cabeza, e a coroza que era unha capa usada para gardarse da chuvia, feita de palla ou fiuncho e que podía levar esclavina e capucha.*» [VGE: 13]
«*Logo, ó medraren, comenzan a se vestir coma a xente adulta, especialmente as nenas, que, dende que chegan ós seis ou sete anos, levan a súa saia, manto e pano da cabeza coma as mulleres.*» [O: 285]
Nota: Us. para ir á misa.

205 **mantón** s m [1EA.2CF.3PRO]
Pano grande us. como comlemento, xer. cadrado, vestido xer. solto, sen atar, por encima dos ombros e o lombo, dobrado en triángulo pola diagonal ou dobrado polo medio para vestir a modo de chal, feito de diversos tecidos e feituras (de la feito á espita ou de ganchillo, de pano sedán, algodón, seda etc.), de cores ou negro para cerimonias relixiosas. P. ex. mantón merino, mantón de Manila. [FJAF] [TRG: 37] [DCLG] [DLE]
«*Como complemento (...), pueden ponerse las mujeres el mantón, que es una prenda de abrigo, hecho de lana negra, y que va cayendo hasta bien abajo. Se sujeta con las manos por delante y lo usan las mujeres mayores (las jóvenes lo rechazan completamente) para ir a misa o a la iglesia a cualquier otra ceremonia.*» [EVA: 88]
«*Esí, ó se perdel-o dengue, sustituiuse por un mantón de lá, rameado, de cores, que se tén, cecais, meirande vistosidade, carez en troques da seriedade e da elegancia que tiña o dengue.*» [O: 277]
«*Logo, a blusa ou chambra, con mangas máis ou menos cinguidas nos puños e pechada até o pescozo. Por riba, o mantón de córes, coma xa dixemos, ou ben negro, de lá calcetada, triangular e atado atrás da cintura.*» [O: 277]
«*Unha nova modificación sofre despóis o traxe. O mantón desaparez no uso de cotío e resérvase pra ir á misa e ás feiras, deixándose logo de o pór aínda nestas ocasións e atopándose hoxe xa somentes empregado por algunhas vellas.*» [O: 278]
Nota:
sin. comp. pano mantón TM PODÍA SER NEGRO, TRIANGULAR, DE LA CALugo centralETADA, SUXEITO COAS MANS POR DIANTE, US. PARA IR A MISA OU OUTRAS CERIMONIAS.

321 **mantón alfombrado** s m
vid. pano de alfombra [TRG: 50]

478 **mantón de alfombra** s m
vid. pano de alfombra

258 **mantón de catro puntas** s m
Pano cadrado. [TRG: 42]

421 **mantón de caxemira** s m
vid. pano de caxemira
sin. comp. chanco
sin. comp. chanca
sin. comp. zamanca
sin. comp. tamaca
«*Por riba da camisa poñían o xustillo, que cinguía e levantaba o peito, e logo, según a ocasión, a chambra ou o xubón, o dengue ou a chaqueta, ou ben mantón de la merina, floreado, de cachemir... cruzado ó mesmo xeito que o dengue ó que foi substituíndo.*» [VGE: 11]

177 **mantón de Manila** s m [1EA.2CF.3PRO.4_205]
Mantón de seda ricamente bordada orixinal de China ou, máis frec., de imitación. [FJAF] [TRG: 29] [TRG: 29] [TRG: 50]
«*Outras veces mercábanse xa pezas xa confeccionadas, como os panos de cabeza italianos, os mantóns de Manila, mantos merinos, pasamanerías e outros adornos.*» [VGE: 10]
Nota: É unha peza de orixe foránea, xer. de China, introducida no s. XIX pero que chega a virar realmente enxebre.

388 **mantón floreado** s m
vid. pano rameado [FJAF]

444 **mantón rameado** s m
vid. pano rameado [DEHLP] [DLE]
«*Esí, ó se perdel-o dengue, sustituiuse por un mantón de lá, rameado, de cores, que se tén, cecais, meirande vistosidade, carez en troques da seriedade e da elegancia que tiña o dengue.*» [O: 277]

73 **media** s f [1VA.2PR.3M.4MI] [1VX.2AX] [1VA.2PR.3IN]
Peza de roupa de ambos os sexos de liño, algodón ou máis xer. la, que calza o pé, con ou sen calcañar, e alcanza diferentes alturas da perna ou da coxa, de acordo co modelo. [TRG: 40] [TRG: 43] [TRG: 32]
«*As pernas cubríanas con medias de lá feitas á espita, ou de liño para os días de festa, e as máis ricas eran as medias caladas de seda, suxetándoas todas elas coas atadeiras, feitas no tear as de garda ou de lá ou liño as de cotío.*» [VGE: 12]
«*As pernas cubríanas con medias de lá feitas á espita, ou de liño para os días de festa, e as máis ricas eran as medias caladas de seda, suxetándoas todas elas coas atadeiras, feitas no tear as de garda ou de lá ou liño as de cotío.*» [VGE: 12]
«*De la e pano eran dengues, chaquetas, mantelos, corpiños, saias, refaixos, calzóns, polainas, chaleques, puchos, monteiras, panos de cabeza, panos do pescozo, medias, carpíns, mantos...*» [VGE: 10]
«*Nos pés e pernas poñían as medias de la, carpíns e zocas ou zocos nos días de traballo, e tamén polainas de coiro, estameña ou palla.*» [VGE: 12]
«*O fío retorcido, case sempre de lá, úsase en xeral pra calcetar coas agullas correntes que o mercado proporcioa; esí se fan chaquetas, chambras, medias, etc.*» [O: 250]
«*As medias, de lá calcetada, eran brancas e chegaban até os xeonllos onde unha pequena amarralla as mantiña suxetas.*» [O: 275]
«*As meias, denantes brancas e feitas na casa, trocáronse polas feitas da tenda, negras ou, pol-o menos, de cór oscura, acontecendo o mesmo co calzado.*» [O: 278]
«*Non embargantes, a fins do século XVIII atópanse os calzóns cinguidos por baixo do xoenllo e as pernas cubertas con meias, en troques das polainas que aparecen despóis.*» [O: 282]

«*En el folio 41 "representa un paisano debajo de un árbol al parecer recién podado, con el típico traje labrego de diario; chaleco por encima de la chaqueta; calzón; cirolas por debajo; medias blancas de lana y zapato bajo. El color de la chaqueta y calzón es pardo, lo mismo que la monteira. Debajo del brazo una chaqueta. En la espalda un morral de redecilla."*» [TG: 27]

«*Está llena una caldera (sella) y cubre su cabeza blanca cofia. Viste chambra, chaquetilla, saya, mantelo, media blanca y zapatos.*» [TG: 27]

Nota: O material e a cor variaban conforme a estación.

312 **media calada** s f [1VA.2PR.3M.4MI.5_73] [1VX.2M] [1VA.2PR.3IN]

Media adornada con calados. [TRG: 48] [TRG: 50]

«*As pernas cubríanas con medias de lá feitas á espita, ou de liño para os días de festa, e as máis ricas eran as medias caladas de seda, suxetándoas todas elas coas atadeiras, feitas no tear as de garda ou de lá ou liño as de cotío.*» [VGE: 12]

204 **monteira** s f [1VA.2PT.3_243] [1VX.2H]

Toucado característica do home galego, xer. alta e triangular aínda que podía ser de moitas e variadas formas conforme a zona, feita de felpa, saial, baeta ou pano negro, ribeteada ou cuberta de veludo de cores vivas ou de pano sedán. [TRG: 45] [TRG: 55]

«*Na época á que se refiren os documentos gráficos desta publicación conviven, por exemplo, distintos tipos de puchos no home: monteiras, gorras, sombreiros brandos, boinas, o "canotié", etc.*» [VGE: 8]

«*O home na cabeza levaba pucho de la, monteira ou distintos sombreiros. Debaixo da monteira podía leva-lo pano de seda nos días de festa.*» [VGE: 12]

«*Aínda que con menor frecuencia que o home, a muller tamén podía levar casquete, monteira ou sombreiros elegantes, sóbor de todo nas vilas e pazos.*» [VGE: 11]

«*[As monteiras] ían sempre moi adornadas, con plumas de ave, bordadas con la de cores, etc.*» [VGE: 13]

«A prenda cecáis máis vella do traxe dos homes é a monteira, de probable orixe meieval. A monteira variaba moito dunhas localidades a outras, tanto na forma coma no grandor. Polas terras de Padrón tiña forma de casquete, sen adornos; nas Mariñas era máis outa, con presiñas de terciopelo; na Mahía tiña unha forma semellante a un pequeno chapéu, coa aba cinguida á copa por detrás e polos lados e tendida por dediante, a xeito de viseira. No interior da Galiza eran triangulares, grandes, pespunteadas con lá de cores e con bulsas. As monteiras eran castañas, ou negras, ou verdes, etc., e ían ribeteadas con fita negra ou verde. Algúns tipos de monteiras levan nomes especiás, coma socede coa pucha, o pucho e a cadela.» [O: 282]

«*El gaitero, segundo personaje de la escena, luce en la cabeza repinicada monteira con la punta de candil hacia delante. Compone su vestimenta: chaqueta, chaleco, calzón, cirolas, polainas y zapatos.*» [TG: 27]

Nota: Na punta, podía ter dúas ou tres borlas de seda e, na volta, podía colocarse unha pluma de pavo.

241 **monteira de pastor** s f [1VA.2PT.3_243s] [1VX.2H]

Gorro de pel de lebre con dúas grandes viseiras ou picos voltos para arriba coa parte do pelo para fóra que nos días máis fríos se baixaban sobre as orellas.

455 **mostra** s f [1EA.2OO]
Franxa de motivos ornamentais levantados no tecido do mandil, situada aprox. a unha cuarta do bordo inferior do mandil, ao que é paralela. [FJAF]

506 **muletilla** s f [1EA.2CF.3C]
Especie de botón longo de pasamanaría para suxeitar ou cinxir a roupa.

118 **muradana** s f [1VA.2PR.3TM.4TMI.5nS] [1VX.2M] [1VA.2PR.3EN]
Mantela moi longa e moi ricamente adobiada, así chamada por ser da comarca de Muros. [TRG: 48]
«*Son famosos aínda os empregados na terra de Muros, dos que pasóu o nome, hoxe xeralizado, de muradanas que tamén se dá a estas prendas.*» [O: 276]

426 **palla** s f [1MC.2NT.3VE] [1MO.2TG]
Material composto dos talos secos das gramíneas, separados do gran, us. para a confección de diversas pezas de protección, como p. ex. polainas, corozas etc. [DCLG] [DLE]
«*Temos que menciona-la palla, o ficucho, o coiro e a madeira que se empregaban para facer determinadas pezas da vestimenta*» [VGE: 10]
«*Coa palla e o ficucho facían sombreiros, corozas, polainas.*» [VGE: 10]
«*Nos pés e pernas poñían as medias de la, carpíns e zocas ou zocos nos días de traballo, e tamén polainas de coiro, estameña ou palla.*» [VGE: 12]
«*Para cubrirse empregaban a capa, mantos ou panos de lá abatanados ós que lles podían facer un burato para mete-la cabeza, e a coroza que era unha capa usada para gardarse da chuvia, feita de palla ou fiuncho e que podía levar esclavina e capucha.*» [VGE: 13]

427 **pana** s f [1MO.2PF] [1MC.2TF.3AL]
Tecido groso, xer. de algódón, semellante ao veludo, que pode ser lisa ou con pequenas riscas salientes, longitudinais e paralelas. [DEHLP] [DLE] [DCLG]
«*Tamén se usaron outras teas importadas de fora do país, sóbor de todo de castela, de xeito que nalgunhas comarcas nas cuadrillas de segadores ía un home encargado de mercalas, ou ben viñan vendedores ambulantes. Así chegaban o pano de la, pañete, pano sedán, pano de ortigosa, veludo, brocados, pana, panilla, entre outros.*» [VGE: 10]
«*Non embargantes, aínda iste traxe chegóu a ter unha certa persoalidade polo emprego das remontas, especie de mendos de terciopelo ou pana que, dun xeito simétrico, enfeitaban a beira inferior e as costas da chaqueta, os puños e parte traseira das mangas, bocas dos pantalóns, xionlleiras, etc.*» [O: 283]
«*En 1867 se editaba en Santiago la obra de Don Ramón Otero, "Galicia Médica" y al hablar del vestido escribe: "en el interior usan un paño ordinario tejido en el país en telares caseros con la lana áspera de sus carneros hilada a mano por las*

mujeres. Los de la costa gastan las panas, panillas, granas, paños y telas inglesas introducidas por la raya de Portugal o compradas en los puertos a los que desembarcan procedentes del extranjero; aquí los percales pintados sustituyen en las mujeres a las estameñas gruesas y bayetas de que hacen las sayas las de montaña: la lana entre las primeras es muy poco usada y como indicando su escasez de rebaños, solo la tejen mezclada con el lino, formando una tela particular de que hacen ropa para las labores del campo.» [TG: 28]

«*Pero el que parece ser el [traje] patronímico, aunque en algunas comarcas poco usado, se compone de chaqueta parda, chaleco de grana ribeteado con terciopelo o con filetes de seda, y botones de filigrana, pantalón pardo o de pana negro, polainas de paño, zapato con botón o lazo, camisa punteada y sujeta con botón doble de plata al cuello, montera con ribetes bordados de seda y un palo no muy largo en la mano.»* [TG: 28]

59 **pano** s m [1MC.2TF.3LA] [1MO.2TG]

Tecido de la moi tupida e con pelo tanto máis curto canto máis fino é o tecido. [DdD] [TRG: 54]

cfr. 341 pano

«*De la e pano eran dengues, chaquetas, mantelos, corpiños, saias, refaixos, calzóns, polainas, chaleques, puchos, monteiras, panos de cabeza, panos do pescozo, medias, carpíns, mantos...»* [VGE: 10]

«*O labor do folón tén por obxecto bater ben o pano até transformalo nunha especie de fieltro.»* [O: 266]

«*Non usando corpiño, o xustillo faguíase con certo coidado, xa que se podía ollar; empregábase pano de cór ou negro e podría pechar adiante ou atrás; logo engaíanselle irelos de distintas córes pra lle dar máis vistosidade.»* [O: 275]

«*O xustillo levaba coma compremento, na parte inferior do corpo, o refaixo, feito de baeta ou pano, roxo polo xeral, e na basta unhas franxas ou irelos negros coma adorno, xa que parte de refaixo quedaba ó ar; suxetábase cun cinguideiro á cintura»* [O: 275]

«*O corpo cubríase logo co dengue, que, asegún quen o empregaba ou as ocasións en que se puña, podía ser máis ou menos rico, de terciopelo, de pano, con franxas anchas, liso ou bordado con canutillo.»* [O: 275]

«O traxe da terra de Muros tiña unha certa persoalidade que o distinguía dos demáis: mantelo de pano negro con franxas de terciopelo moi anchas cobrindo a saia de cór crara...» [O: 276]

«*Sobor da camisa, o chileque, de pano roxo, branco ou verde, e coa parte traseira de lenzo, case sempre de estopa.»* [O: 280]

«*A chaqueta, de pano verde, castaño ou azul, moi pouco aberta de solapas, ía case sempre sobor dun hombreiro.»* [O: 280]

«*A parte inferior da perna cobríase, a meiados do século XIX, con polainas de pano, que chegaban sobor do calzado e ían provistas dunha tiriña, pra pasar por baixo do pé, e de botóns ós lados.»* [O: 282]

«*En 1867 se editaba en Santiago la obra de Don Ramón Otero, "Galicia Médica" y al hablar del vestido escribe: "en el interior usan un paño ordinario tejido en el país en telares caseros con la lana áspera de sus carneros hilada a mano por las*

mujeres. Los de la costa gastan las panas, panillas, granas, paños y telas inglesas introducidas por la raya de Portugal o compradas en los puertos a los que desembarcan procedentes del extranjero; aquí los percales pintados sustituyen en las mujeres a las estameñas gruesas y bayetas de que hacen las sayas las de montaña: la lana entre las primeras es muy poco usada y como indicando su escasez de rebaños, solo la tejen mezclada con el lino, formando una tela particular de que hacen ropa para las labores del campo.» [TG: 28]

«*Pero el que parece ser el [traje] patronímico, aunque en algunas comarcas poco usado, se compone de chaqueta parda, chaleco de grana ribeteado con terciopelo o con filetes de seda, y botones de filigrana, pantalón pardo o de pana negro, polainas de paño, zapato con botón o lazo, camisa punteada y sujeta con botón doble de plata al cuello, montera con ribetes bordados de seda y un palo no muy largo en la mano.»* [TG: 28]

Nota: es paño pt pano

341 **pano** s m [1EA.2CF.3PRO.4_59]

Complemento consistente nun pedazo cadrado de tecido, us., en función do tamaño e a súa natureza, tanto como cobertura da cabeza ou do tronco, como ornamento ou abrigo, ou para limpar o suor, etc. [TRG: 54]

cfr. 59 pano

cfr. 59 pano

«*A cofia deixou de se usar moi axiña pra sere sustituida polo pano.»* [O: 276]

«*Estes traxes fóronse modificando: primeiro desapareceu a cofia pra sere sustituida por un pano de córes, posto en forma triangular, cunha punta atrás e as outras cruzadas e atadas sobor da frente. Logo o xeito de pól-o pano foise tamén modificando.»* [O: 277]

«*Pra remate, o pano que, asegún a edade e estado da que o levase, ía posto de distintos xeitos. As mociñas levábano coas puntas atadas atrás, por riba da parte traseira. Ó seren de máis edade, pero aínda solteiras, púñano do mesmo xeito, anque entón atábase por baixo da punta que dependuraba por detrás. As casadas novas atábano por diante, sobor da frente, coas puntas cara os lados. Finalmente as persoas de edade atábano tamén de diante, por baixo da queixada.»* [O: 277]

«*O mesmo acontez co pano que, se nos derradeiros tempos aínda se puña prá eirexa, foi xa sustituído polas mantillas ou velos mercados na tenda.»* [O: 278]

«*Os nenos, namentras son pequenos, embrúllanse en panos e mantas cobríndolles a cabeza con cufetes, xeito de gorriñas feitas de lenzo.»* [O: 285]

«Lucen los colores de sayas y pañuelos, las vistosas cofias, las dos trenzas del pelo de una joven, las calzas del niño y de los hombres, ampulosas como las que observó en su día Cano y Olmedilla, las zuecas, algunas puntiagudas, un singular conjunto en donde se puede estudiar el mejor capítulo de la historia del traje en Galicia.» [TG: 26]

Nota: Cando moi vello, us. tm. como pano de talle.

484 **pano alfombrado** s m

vid. pano de alfombra [FJAF]

481 **pano cachinés** s m
vid. pano de caxemira [FJAF]
Nota: Denominación us. na comarca de Mondariz.

158 **pano cruzado do peito** s m [1EA.2CF.3PRO.4_59]
Pano cadrado e grande, de maior tamaño que o pano do pescozo, feito xer. de la ou crespón no inverno e seda ou algodón no verán, xer. estampado en varias cores con motivos florais, con ou sen flocos, que vestían as mulleres dobrado pola diagonal en forma de triángulo por sobre os ombros, caendo dúas puntas polas costas e cos estremos atados por detrás da cintura despois de se cruzaren no peito. [FJAF]
Nota: Esta denominación responde ao uso que se fai do pano e non ás súas características físicas, podendo ser atribuída a panos diferentes cando us. deste modo.

124 **pano da cabeza** s m [1EA.2CF.3PRO.4_59]
Pano cadrado e de cores, de menor tamaño que o pano do pescozo e xer. non maior de 1 x 1 m, feito xer. de la ou pano merino no inverno e seda ou algodón no verán, con ou sen flocos, us. polas mulleres cinxido á cabeza, dobrado en triángulo facendo dúas puntas un lazo sobre a fronte e caendo as outras dúas polas costas, a diario, ou co lazo por debaixo do queixo, nos días de festa. [TRG: 48]
«*Outras veces mercábanse xa pezas xa confeccionadas, como os panos de cabeza italianos, os mantóns de Manila, mantos merinos, pasamanerías e outros adornos.*» [VGE: 10]
«*De la e pano eran dengues, chaquetas, mantelos, corpiños, saias, refaixos, calzóns, polainas, chaleques, puchos, monteiras, panos de cabeza, panos do pescozo, medias, carpíns, mantos...*» [VGE: 10]
«*A muller na cabeza, por riba das trenzas, casi sempre se cubría ou ben coa cofia -- peza moi nosa que nembargantes se perdeu entre mediados e finais do x. XIX-- ou co pano de cabeza de la floreado ou de seda para o día de máis garda.*» [VGE: 11]
«*La cabeza y el cuello lo cubren las mujeres con un pañolo o pañoleta (ésta es más vistosa y de colores muy vivos, mientras que el primero es negro o de color muy oscuro). Se los ponen en la cabeza, atándolo en forma de triángulo con las dos puntas más largas, quedando la tercera en forma de pico, hacia atrás (...). Muy usado en toda Galicia (...).*» [EVA: 88]
«*Logo, ó medraren, comenzan a se vestir coma a xente adulta, especialmente as nenas, que, dende que chegan ós seis ou sete anos, levan a súa saia, manto e pano da cabeza coma as mulleres.*» [O: 285]
«*En las mujeres son clásicos los pañuelos para la cabeza atados detrás o delante y hasta alguno suelto, el pelo largo en dos trenzas y la ropa muy larga.*» [TG: 26]
Nota: Veu substituír a cofia. Esta denominación responde ao uso que se fai do pano e non ás súas características físicas, podendo ser atribuída a panos diferentes cando us. deste modo. De feito, o pano da cabeza podía ser us. tm. como pano do pescozo.

425 **pano da faltriqueira** s m
sin. pano moqueiro

479 **pano de alfombra** s m
vid. pano de caxemira [FJAF]

322 **pano de batista** s m [1EA.2CF.3PRO.4_59]
Pano branco confeccionado con batista e provido de bordados e encaixes, us. polas mulleres por encima das dúas trenzas sobre as costas. [TRG: 50]

480 **pano de beira negra** s m
vid. pano de caxemira [FJAF]

309 **pano de bobiné** s m
sin. bobiné [TRG: 48] [DdD]

476 **pano de cachemira** s m
vid. pano de caxemira [DCLG]

475 **pano de caxemira** s m [1EA.2CF.3PRO.4_59]
Pano de gala feito de caxemira, cunha beira negra de aprox. 5 cm polo seu perímetro, de forma xer. cadrada ou rectangular (vid. pano de oito puntas), sen flocos, xer. us. como pano cruzado do peito ou a modo de mantón. [FJAF]
Nota: Cando era rectangular podía utilizarse tm. para cubrir a mesa en Semana Santa.

488 **pano de defuntos** s m [1EA.2CF.3PRO.4_59]
Pano de oito puntas negro us. para cubrir o féretro ou como pano de loito. [FJAF] [MHPP]

325 **pano de la** s m [1EA.2CF.3PRO.4_59]
Pano da cabeza de la. [TRG: 50]
«*Tamén se usaron outras teas importadas de fora do país, sóbor de todo de castela, de xeito que nalgunhas comarcas nas cuadrillas de segadores ía un home encargado de mercalas, ou ben viñan vendedores ambulantes. Así chegaban o pano de la, pañete, pano sedán, pano de ortigosa, veludo, brocados, pana, panilla, entre outros.*» [VGE: 10]
«*Así, os [chaleques] de diario eran de picote, baieta, estopa..., e os de festa de pano de lá con adornos de veludo ou de xénero brocado.*» [VGE: 12]
«*Para cubrirse empregaban a capa, mantos ou panos de lá abatanados ós que lles podían facer un burato para mete-la cabeza, e a coroza que era unha capa usada para gardarse da chuvia, feita de palla ou fiuncho e que podía levar esclavina e capucha.*» [VGE: 13]

477 **pano de mil cores** s m
vid. pano de caxemira [FJAF]

474 **pano de oito puntas** s m [1EA.2CF.3PRO.4_59]
Denominación atribuída ao pano de caxemira, orixinal ou de imitación, cando rectangular, de aprox. 3 x 1,5 m, us. a modo de mantón ou como pano cruzado do peito, como mantel en Semana Santa ou inclusive, se era negro, como pano de defuntos. [FJAF]
Nota: Esta denominación responde ao feito de este pano ser rectangular e exhibir, pois, o dobre de puntas que un pano cadrado cando se vestía a modo de mantón, dobrado dúas veces sobre si mesmo, quedando por tanto con forma triangular e con dous picos do dereito en vez de un colgando polas costas.

306 **pano de seda** s m [1EA.2CF.3PRO.4_59]
Pano estampado, labrado ou bordado de aprox. de 1 x 1 m
xer. con flocos us. por ambos os sexos como pano da cabeza (os homes debaixo da monteira) ou polas mulleres como pano do pescozo ou debaixo do xustillo. [FJAF] [TRG: 48]
«*Como adorno [os calzóns] acostumbraban a llevar colgado del bolsillo un panñuelo de seda.*» [TRG: 19]
«*Debaixo da monteira podía leva-lo pano de seda nos días de festa.*» [VGE: 12]

307 **pano de seda da India** s m
Denominación atribuída en Lugo meridional ao pano de seda, malia de posíbel orixe toledana, por causa do seu gusto oriental propio da época. [TRG: 48]
cfr. pano de seda
cfr. pano de seda de Toledo

305 **pano de seda de Toledo** s m
Denominación atribuída en Lugo meridional ao pano de seda, por causa da súa posíbel orixe toledana, concretamente de Talavera. [TRG: 48]
cfr. pano de seda

262 **pano de talle** s m [1EA.2CF.3PRO.4_59]
Pano vello us. atado arredor da cintura a modo de faixa para traballar. [TRG: 43]

368 **pano do lombo** s m
vid. mantón [DdD]

489 **pano do peito** s m
vid. pano cruzado do peito

319 **pano do pescozo** s m [1EA.2CF.3PRO.4_59]
Pano cadrado, de maior tamaño que o pano da cabeza, feito xer. de la ou crespón no inverno e seda ou algodón no verán, xer. estampado en varias cores con motivos florais, con ou sen flocos, que usaban as mulleres dobrado pola diagonal en forma de

triángulo sobre os ombros caendo dúas puntas polas costas e atando os extremos diante do peito. [FJAF] [DdD] [TRG: 50] [TRG: 54]

«*De la e pano eran dengues, chaquetas, mantelos, corpiños, saias, refaixos, calzóns, polainas, chaleques, puchos, monteiras, panos de cabeza, panos do pescozo, medias, carpíns, mantos...*» [VGE: 10]

Nota: Os de la us. polas arzuanas son de grande vistosidade polas súas cores vivas (amarelos, vermellos e verdes) e no interior da prov. de Pontevedra e en Ourense podían ser brancos estampados con flores. Esta denominación responde ao uso que se fai do pano e non ás súas características físicas, podendo ser atribuída a panos diferentes cando us. deste modo.

424 **pano dos mocos** s m

sin. pano moqueiro

483 **pano floreado** s m

vid. pano rameado [FJAF]

367 **pano mantón** s m

vid. mantón [DdD]

423 **pano moqueiro** s m [1EA.2CF.3PRO.4_59]

Pano us. para asoar o nariz. [DdD]

sin. pano dos mocos

sin. pano da faltriqueira

«*En los bolsos ('bolsillos') del pantalón llevan lo tabaco, os mistos ía un moqueiro a veces, porque otras se limpian los mocos con la manga de la camisa.*» [EVA: 90]

485 **pano portugués** s m [1EA.2CF.3PRO.4_59]

Pano cadrado de gala de la grosa e cor xer. verde aceituna us. como chal ou pano cruzado do peito que podía presentar unha cenefa de motivos florais feita de seda de cores entramada na propia la.

430 **pano sedán** s m [1MC.2TF.3LA] [1MO.2PF]

Pano fino us. para os traxes de garda. [DdD]

«*Se falamos dun día de festa, de xente da vila ou de clase social alta xa atopamo-las enaugas, os dengues e mantelos adornados con veludo e azabache, ou polo menos cun zócalo de pano sedán, e aparecen tamén as basquiñas que son saias con moito vó, de teas ricas e elegantes, igual que as capas ou parlamentas.*» [VGE: 12]

«*Tamén se usaron outras teas importadas de fora do país, sóbor de todo de castela, de xeito que nalgunhas comarcas nas cuadrillas de segadores ía un home encargado de mercalas, ou ben viñan vendedores ambulantes. Así chegaban o pano de la, pañete, pano sedán, pano de ortigosa, veludo, brocados, pana, panilla, entre outros.*» [VGE: 10]

«*As teas máis finas tales como o pano sedán, veludo, etc. Usábanas xeralmente para adornar dengues, mantelos, chaquetas, calzóns, etc.*» [VGE: 11]

«*Igual que a muller o home tamén podía levar ribeteado con veludo ou pano sedán o chaleque, polainas, chaqueta, xubón, calzon ou monteiras.*» [VGE: 13]

215 **pantalón** s m [1VA.2PR.3TM.4TMI.5S] [1VX.2H] [1VA.2PR.3EX]
Peza de roupa das pernas que cobre separadamente cada unha das pernas desde a cintura até os pés.
«*Logo poñían o calzón curto por riba dos xeonllos ou xusto por debaixo deles. Xa máis moderno é o calzón ou pantalón largo que podía levar tamén remontas coma as da chaqueta.*» [VGE: 12]
«*La prenda más importante son os pantalõis ('pantalones'), quizá antiguamente llamados calzõis (...) que se sujetan a la cintura con un cincho o cinto (a cincha es una tira larga de cuero para las caballerías), el cual abrocha por medio de una fibela o fibeleta ('hebilla'). No obstante hay muchos hombres que usan los tirentes, o 'tirantes'.*» [EVA: 89]
«*A prenda que primeiro se perde é o calzón, sustituido a fins do século XIX polo pantalón, co que comenza a se usar tamén o chapeu de copa baixa e abas anchas, no que moitas veces se puña unha pruma de perdiz. O pantalón presupón, craro está, o abandoo das polainas, non tardando logo en ser adoptada a chaqueta e o chileque ó uso corrente.*» [O: 283]
«*Os nenos usan pantalón curto, polos xoenllos ou algo máis abaixo, sendo curioso o emprego de mandil, que eiquí é unha peza pequena de lenzo que vai suxeta á cintura, pola parte traseira, coma se fose unha cortina, e que tapa o que ó pantalón lle falla por detrás; diste xeito, os rapaces non precisan axuda ningunha, bastándolles agacharse e voltar a se erguer.*» [O: 285]
«*Un poco alejado el tamborilero vestido a la moda de la clase media y de la ciudad como indica el sombrero redondo y el pantalón largo y apretado hacia el pie.*» [TG: 27]
«*Pero el que parece ser el [traje] patronímico, aunque en algunas comarcas poco usado, se compone de chaqueta parda, chaleco de grana ribeteado con terciopelo o con filetes de seda, y botones de filigrana, pantalón pardo o de pana negro, polainas de paño, zapato con botón o lazo, camisa punteada y sujeta con botón doble de plata al cuello, montera con ribetes bordados de seda y un palo no muy largo en la mano.*» [TG: 28]
Nota: Veu substituír o calzón.

432 **papeira** s f
vid. papo

431 **papo** s m [PP_154]
Parte anterior da galocha. [EVA: 95]
«*Pero el calzado exterior más generalizado no sólo en tiempo de lluvia y nieve, sino, incluso, cuando está seco, son as galochas. Están formadas en ancarés por unos turucos (tarucos en Villacidayo) para no hundirse en el barro y no mojarse en el agua, sobre todo de los caminos, prados y de la cuadra. Tienen, además, un pico o papo, que es la parte anterior y un calcaño o peto en la posterior. El agujero para meter el pie es a boca da galocha.*» [EVA: 95]

«*1 papo, papeira 'panza de la galocha'; (...) En Villacidayo: 1 papo (...). En Oseja de Sajambre (p. 138): 1 papo (...). En Libardón (p. 148): 1 barriga (...). En Lena (p. 149): 1 papá o papeira*» [EVA: 216]

«*Con el [cipillo] se afina el papo ou papeira, 'panza curvada de la parte anterior de la galocha'*» [EVA: 219]

99 **paramento** s m

vid. adorno [DEHLP] [DLE]

sin. comp. paramento

285 **pardemonte** s m

vid. pardomonte [DLE]

284 **pardomonte** s m [1MC.2TF.3LA] [1MO.2TG]

Pano burdo ordinario de cor parda us. para a confección de capas, monteiras, calzóns, chaquetas etc. [TRG: 45] [DLE] [TRG: 49]

var. pardemonte

320 **parlamenta** s f [1VA.2PR.3TM.4TMS.5nS.6_287] [1VX.2M] [1VA.2PR.3EN]

Capa de pano negro con dúas esclavinas adornada con veludo e agremáns, que non se cruza senón que se suxeita ao pescozo cun broche. [TRG: 50]

«*Se falamos dun día de festa, de xente da vila ou de clase social alta xa atopamo-las enaugas, os dengues e mantelos adornados con veludo e azabache, ou polo menos cun zócalo de pano sedán, e aparecen tamén as basquiñas que son saias con moito vó, de teas ricas e elegantes, igual que as capas ou parlamentas.*» [VGE: 12]

Nota: Us. polas mulleres de idade, ao contrario que as máis novas, algunhas das cales usaban de preferencia o dengue.

114 **pasamán** s m [1EA.2OO]

Fita ou franxa consistente nun deseño xeométrico reproducido en cordón de sutache bordado ou forrado de pedraría para destacar o deseño por medio dos seus reflexos, us. como enfeite das pezas máis lucidas da roupa de gala, como dengues, chaquetas, mantelos, basquiñas etc.. [TTG: 9] [DdD]

Nota: Xer. facíanse dunha certa longura, repetindo o deseño todo ao seu longo, o cal permitía extraela enteira, cando a peza de gastara ou rompera, e cosela a outra.

113 **pasamanaría** s f [1EA.2OO]

Traballo feito con pasamáns. [DdD]

var. pasamanería

«*Outras veces mercábanse xa pezas xa confeccionadas, como os panos de cabeza italianos, os mantóns de Manila, mantos merinos, pasamanerías e outros adornos.*» [VGE: 10]

Nota: Era moi us. pola súa grande vistosidade e o grande número de combinacións artísticas posíbeis.

112 **pasamanería** s f
vid. pasamanaría

434 **pasamontañas** s m [1VA.2PT.3_243] [1VX.2H]
Especie de gorro de la ou pel que cobre toda a cabeza excepto os ollos e o nariz. [EVA: 91]
«*Sin embargo, cuando ha nevado y han de salir de viaje llevan el pasamontañas, especie de casco de lana o piel que cubre toda la cabeza y cara, excepto los ojos y la nariz.*» [EVA: 91]

349 **pau** s m [1MC.2NT.3VE] [1MO.2TG]
Madeira de ameneiro us. para a construción de calzado. [TRG: 56]
cfr. zoco

291 **peal** s m [1VA.2PR.3M.4MI.5_492] [1VX.2AX] [1VAa.2PR.3IN]
Tipo de escarpín ou media que cobre o pé.
«*2 talõis de dientre, talõis d'atrás ia petos, 'salientes'. (...) En Villacidayo: (...) 2 tarucu. (...) En Oseja de Sajambre (p. 138): (...) 2 pellas y tarugos (...) En Libardón (p. 148): (...) 2 tazos (...) En Lena (p. 149): (...) 2 tacones o peales*» [EVA: 216]

403 **pedra** s f
vid. pedraría [MHPP: 0]
sin. comp. pedra

404 **pedraría** s f [1MC.2NT.3MI] [1MO.2TG]
Denominación popular do conxunto dos canutillos e abelorios us. na confección dos pasamáns. [FJAF]

461 **pedrería** s f
vid. pedraría

315 **peiteira** s f [1EA.2OO]
Peza de tea con colo que se coloca no peito sobre a camisa. [DLE]

271 peiteira
cfr. 217 peiteira

271 **peiteira** s f [PP_37]
Parte dianteira da camisa, xer. bordada ou riscada. [DCLG] [TRG: 45]
cfr. 315 peiteira

«*Igual que na muller, a camisa era o primeiro que poñían no corpo, aínda que era máis curta cá dela, e podía ser de estopa ou de lenzo reservando o liño máis fino para a peiteira, os puños e a tira do pescozo ou para o colo se o tiña.*» [VGE: 12]

132 **percal** s m [1MC.2TF.3AL] [1MO.2PF]
Tea lisa de algodón branca ou pintada, máis o menos fina, moi us. para a confección de camisas. [TRG: 15]
«*En 1867 se editaba en Santiago la obra de Don Ramón Otero, "Galicia Médica" y al hablar del vestido escribe: "en el interior usan un paño ordinario tejido en el país en telares caseros con la lana áspera de sus carneros hilada a mano por las mujeres. Los de la costa gastan las panas, panillas, granas, paños y telas inglesas introducidas por la raya de Portugal o compradas en los puertos a los que desembarcan procedentes del extranjero; aquí los percales pintados sustituyen en las mujeres a las estameñas gruesas y bayetas de que hacen las sayas las de montaña: la lana entre las primeras es muy poco usada y como indicando su escasez de rebaños, solo la tejen mezclada con el lino, formando una tela particular de que hacen ropa para las labores del campo.*» [TG: 28]

417 **picote** s m
vid. mandil de picote [O: 278]

449 **picote** s m [1VA.2PR.3TM.4TMS.5nS] [1VX.2AX] [1VA.2PR.3EN]
Especie de mandil de picote de garda xer. de cor negra e cunha franxa estreita de deseños xeométricos en relevo obtidos por medio de levantados no tear, aprox. a unha cuarta do bordo inferior, us. como peza de loito ou en cerimonias relixiosas e existente ppal. no terzo meridional do país (sobre todo nas zonas raianas). [FJAF]
cfr. 61 mandil de picote
cfr. 450 mandil
«*Un picote en Ourense, a súa función é a mesma, a forma é prácticamente a mesma, pero a súa feitura é diferente que a dun picote en Pontevedra. O picote en Pontevedra está feito apaisado, quero dicir, o fío vai tumbado, e os picotes en Ourense son dúas follas de picote de tear, cosidas, co fío á caída, que se lle chama, que é coller o fío da urde e deixalo en vertical, e o fío tumbado sería deixalo en horizontal na urde. Os picotes en Ourense son dúas lamias sacadas do tear colocadas así, cunha costura polo medio, e un capacete colocado tumbado, por arriba, feito do mesmo picote. Eses son os de Ourense. Sen embargo, os que se chaman picotes en Pontevedra, son unha peza feita a traveso, da medida de un metro e medio, sacada do tear, que leva os levantados, todos, por un lateral. É dicir, no tear os facían xusto no lado izquierdo, pero logo ao tumbalo quédache por abaixo. E por arriba, pola zona onde non leva os levantados, botábanlle outra tea de percal, de raias, de liño tinxido, do que tuvesen. (...) O picote en Pontevedra ten unhas características diferentes ao resto, que está feito ao revés, porque a tela está tumbada, non ten costura polo medio.*» [FJAF]
Nota: Existe unha diferenza no modo de elaboración, e por conseguinte na feitura, entre o picote da prov. de Pontevedra e o da prov. de Ourense mais a súa forma e a súa función son prácticamente as mesmas.

259 **picote** s m [1MC.2TF.3MX] [1MO.2TG]
Tecido groseiro de urde de liño ou estopa e trama de la. [TRG: 43]
Nota: Foi substituído polo merino e outros tecidos comerciais.

238 **polaina** s f [1VA.2PR.3M.4MI] [1VX.2H] [1VA.2PR.3EX]
Cobertura do pé e da perna até o xeonllo, con forma de tubo cunha abertura lonxitudinal, sen sola, cinxida por unha fileira de botóns na cara externa da perna e vestida xer. por encima da media. [TRG: 40]
«*Las polainas [do traxe do home das Mariñas], de igual género que el calzón, se cierran con botones, en la parte que cae sobre el pie en la punta, se adornaban los días de fiesta con un pompón de seda.*» [TRG: 19]
«*De la e pano eran dengues, chaquetas, mantelos, corpiños, saias, refaixos, calzóns, polainas, chaleques, puchos, monteiras, panos de cabeza, panos do pescozo, medias, carpíns, mantos...*» [VGE: 10]
«*Coa palla e o ficucho facían sombreiros, corozas, polainas.*» [VGE: 10]
«*Nas pernas [levaban] as cirolas, xeralmente longas ata os pés atadas con cinta, que se podían ver entre o calzón e as polainas. Outras veces eran algo máis curtas e caían por riba das polainas.*» [VGE: 12]
«*Nos pés e pernas poñían as medias de la, carpíns e zocas ou zocos nos días de traballo, e tamén polainas de coiro, estameña ou palla.*» [VGE: 12]
«*Las mujeres se sujetan las medias con ligas (...) y también las polainas, que servían tanto para hombres como para mujeres (así en Tras-os-Montes y Orense: polainas de xunco, etc.)*» [EVA: 95]
«*Ó folón lévanse principalmente as mantas, mais tamén se traballan dise xeito algúns outros tecidos que teñen que soportar a chuvia, como os picotes e as polainas.*» [O: 266]
«*As polainas fanse de tela coma a dos picotes; son uns rectángulos que se enrolan ás pernas e átanse logo cunha baraza.*» [O: 266]
«*Referímonos ós xuncos, cos que se fan as corozas e as polainas.*» [O: 267]
«*As polainas fanse do mesmo xeito e úsanse o mesmo que as de lá.*» [O: 267]
«*A parte inferior da perna cobríase, a meiados do século XIX, con polainas de pano, que chegaban sobor do calzado e ían provistas dunha tiriña, pra pasar por baixo do pé, e de botóns ós lados.*» [O: 282]
«*Non embargantes, a fins do século XVIII atópanse os calzóns cinguidos por baixo do xoenllo e as pernas cubertas con meias, en troques das polainas que aparecen despois.*» [O: 282]
«*O pantalón presupón, craro está, o abandoo das polainas, non tardando logo en ser adoptada a chaqueta e o chileque ó uso corrente.*» [O: 283]
«*Viste casi con las mismas prendas que el aldeano anterior con la particularidad de que el chaleco es blanco y gasta polainas.*» [TG: 27]
«*El de la zanfoña, hombre fuerte y barbudo, viste chaqueta, doble chaleco, calzón, cirolas, polainas y zapatos. El sombrero es redondo y sobre sus hombros, abrochado por el cuello, un grueso capote.*» [TG: 27]

«*El gaitero, segundo personaje de la escena, luce en la cabeza repinicada monteira con la punta de candil hacia delante. Compone su vestimenta: chaqueta, chaleco, calzón, cirolas, polainas y zapatos.*» [TG: 27]

«*Pero el que parece ser el [traje] patronímico, aunque en algunas comarcas poco usado, se compone de chaqueta parda, chaleco de grana ribeteado con terciopelo o con filetes de seda, y botones de filigrana, pantalón pardo o de pana negro, polainas de paño, zapato con botón o lazo, camisa punteada y sujeta con botón doble de plata al cuello, montera con ribetes bordados de seda y un palo no muy largo en la mano.*» [TG: 28]

Nota: Podían ser adornada cunha borla de seda na punta, sobre a bota. Se era de xunco, cinxíase cunha baraza.

505 **pompón** s m [1EA.2OO]

Adorno consistente nunha bola de fíos de la ou doutro xénero que, agrupados por un dos seus extremos ou pola metade, forman unha bola mol, us. para adorno de polainas na punta do pé, sobre todo en Ourense, ou de sombreiros.

cfr. borla

352 **porta** s f [PP_141]

Lingüeta dos zocos, bastante longa e con dous buracos na parte que sae pola parte de arriba do zoco, por onde se pasan os amallós. [TRG: 56]

cfr. lingüeta

468 **prata** s f [1MC.2NT.3MI] [1MO.2TG]

Metal us. para decorar broches e outras pezas do traxe.

«*Os extremos do dengue cruzaban no peito e pechaban atrás, na cintura, por meio dun atado ou dun broche que case sempre era de prata.*» [O: 275]

242 **pucho** s m [1VA.2PT] [1VX.2H]

Toucado de la do país con un corte de cada lado, de modo que a parte posterior se volvía cara arriba e a frontal se deixaba estendida a modo de viseira. [TRG: 40]

«*Na época á que se refiren os documentos gráficos desta publicación conviven, por exemplo, distintos tipos de puchos no home: monteiras, gorras, sombreiros brandos, boinas, o "canotié", etc.*» [VGE: 8]

«*O home na cabeza levaba pucho de la, monteira ou distintos sombreiros.*» [VGE: 12]

«*De la e pano eran dengues, chaquetas, mantelos, corpiños, saias, refaixos, calzóns, polainas, chaleques, puchos, monteiras, panos de cabeza, panos do pescozo, medias, carpíns, mantos...*» [VGE: 10]

«*Algúns tipos de monteiras levan nomes especiás, coma socede coa pucha, o pucho e a cadela.*» [O: 282]

275 **puño** s f [PP_37] [PP_236] [PP_102]

Parte da manga máis próximo do pulso, especialmente no interior ou no forro. [DLE] [TRG: 44]

«*Igual que na muller, a camisa era o primeiro que poñían no corpo, aínda que era máis curta cá dela, e podía ser de estopa ou de lenzo reservando o liño máis fino para a peiteira, os puños e a tira do pescozo ou para o colo se o tiña.*» [VGE: 12]

«*Os puños e a tira do pescozo xa era de liño máis fino.*» [VGE: 11]

«*Sobor dil puñan, ás veces, o corpiño, mais no caso contrario, a camisa tiña as mangas longas, que pechaban onda a man, rematando nun puño de encaixe máis ou menos adornado, e desaparecía o escote pra vir pechal-a camisa no arrinque do pescozo, adornándose de xeito semellante ós puños.*» [O: 275]

«*Logo, a blusa ou chambra, con mangas máis ou menos cinguidas nos puños e pechada até o pescozo.*» [O: 277]

«*En xeral, [o traxe dos homes] compúñase dunha camisa de liño con botóns feitos de fío, pespuntada, máis ou menos luxosa consonte a ocasión en que se puña. A camisa era de tira e cos puños abotoados.*» [O: 280]

«*Non embargantes, aínda iste traxe chegóu a ter unha certa persoalidade polo emprego das remontas, especie de mendos de terciopelo ou pana que, dun xeito simétrico, enfeitaban a beira inferior e as costas da chaqueta, os puños e parte traseira das mangas, bocas dos pantalóns, xionlleiras, etc.*» [O: 283]

97 **puntilla** s f
vid. encaixe

100 **randa** s f
vid. encaixe [DdD]
sin. comp. randa

221 **refaixo** s m [1VA.2PR.3TM.4TMI.5nS] [1VX.2M] [1VA.2PR.3EX]
Peza de roupa da muller de baeta (no traxe de festa) ou la, lenzo ou xer. candil ou picote (para o traxe de diario) tinxido de negro, encarnado con franxas de veludo negro, con roda amplo. [TRG: 38] [TRG: 49]
cfr. angorina
cfr. lenzo
«*Por riba da faldra da camisa poñía o refaixo de lá ou baieta, logo outra saia baixeira tamén de baieta e por fin a saia de riba, a que se vía, e por tanto a de mellor feitura e tea, e, por último o mandil, mantelo ou mantela.*» [VGE: 11]

«*Por riba da faldra da camisa poñía o refaixo de lá ou baieta, logo outra saia baixeira tamén de baieta e por fin a saia de riba, a que se vía, e por tanto a de mellor feitura e tea, e, por último o mandil, mantelo ou mantela.*» [VGE: 11]

«*De la e pano eran dengues, chaquetas, mantelos, corpiños, saias, refaixos, calzóns, polainas, chaleques, puchos, monteiras, panos de cabeza, panos do pescozo, medias, carpíns, mantos...*» [VGE: 10]

«*O refaxo, rafaxo (refajo en Andiñuela) 'falda más o menos corta y vueluda, por lo general de bayeta o paño, que usan las mujeres encima de las enaguas'. En algunos sitios es una simple falda interior que usa la mujer para mayor abrigo.*» [EVA: 87]

«*O refaxo, rafaxo (refajo en Andiñuela) 'falda más o menos corta y vueluda, por lo general de bayeta o paño, que usan las mujeres encima de las enaguas'.*» [EVA: 87]

«*O xustillo levaba coma compremento, na parte inferior do corpo, o refaixo, feito de baeta ou pano, roxo polo xeral, e na basta unhas franxas ou irelos negros coma adorno, xa que parte de refaixo quedaba ó ar; suxetábase cun cinguideiro á cintura. O refaixo tiña moito vó, que se conseguía engadíndolle unha nesga ou peza triangular que aumentaba a superficie inferior sen faguelo na superior.*» [O: 275]

«*O refaixo sustituiuse por unha saia de cór crara nas mozas e oscura nas vellas, desaparecendo o mantelo e o dengue.*» [O: 277]

Nota: Normalmente us. varios refaixos ao mesmo tempo.

20 **remonta** s f [PP_215] [PP_236]

Remendo de pano ou de coiro que se apón ao baixo do pantalón ou no puño da manga para evitar o seu desgaste ou disimular o seu estado xa gastado. [DLE]

«*Por riba do chaleque ou xubón poñían a chaqueta que podía ser curta, afrancesada, ou máis longa e con remontas.*» [VGE: 12]

«*Logo poñían o calzón curto por riba dos xeonllos ou xusto por debaixo deles. Xa máis moderno é o calzón ou pantalón largo que podía levar tamén remontas coma as da chaqueta.*» [VGE: 12]

«*Ó enceto diste século, cando escomenza a desaparecer [o "traxe galego"], xurde outro, de transición, que dá paso ó actual, e que se caracteriza polo emprego de remontas.*» [O: 274]

«*Non embargantes, aínda iste traxe chegóu a ter unha certa persoalidade polo emprego das remontas, especie de mendos de terciopelo ou pana que, dun xeito simétrico, enfeitaban a beira inferior e as costas da chaqueta, os puños e parte traseira das mangas, bocas dos pantalóns, xionlleiras, etc.*» [O: 283]

«*Máis tarde deixóu de se ollar tamén a remonta, uniformándose o traxe de acordo coa moda das outras terras, tanto nos homes coma nas mulleres.*» [O: 283]

192 **ribete** s m [1EA.2OO]

Fita us. para reforzar, guarnecer ou adornar as beiras dunha peza de roupa. [DEHLP] [DCLG]

var. rebete

var. riberete

«*Polas terras da Cruña, Padrón e Sant-Iago o dengue era de cór roxa con ribetes negros.*» [O: 276]

«Pero el que parece ser el [traje] patronímico, aunque en algunas comarcas poco usado, se compone de chaqueta parda, chaleco de grana ribeteado con terciopelo o con filetes de seda, y botones de filigrana, pantalón pardo o de pana negro, polainas de paño, zapato con botón o lazo, camisa punteada y sujeta con botón doble de plata al cuello, montera con ribetes bordados de seda y un palo no muy largo en la mano.» [TG: 28]

293 **riscado** s m [1EA.2OO]

Prego miúdo aplicado xer. á manga ou á peiteira da camisa suxeito no puño e no ombro. [TRG: 45] [TRG: 47]

105 **roda** s f [PP_208] [PP_221] [PP_44] [PP_295]
Amplitude ou extensión dunha peza de roupa, p. ex. saia, na parte en que non se axusta ao corpo.
cfr. rodo
Nota: Medíase en varas.

157 **roma** s f [PP_154]
Punta da zoca ou, máis frec., da galocha. [TC: 25]

180 **sacramento** s m [1EA.2OO]
Motivo ornamental en forma de flor, galo ou figura xeométrica us. para adorno da parte superior das cofias, da parte posterior central do chaleco do home etc. [TRG: 30] [TRG: 36]

208 **saia** s f [1VA.2PR.3TM.4TMI.5nS] [1VX.2M] [1VA.2PR.3EX]
Peza feminina que cobre o abdome inferior e as pernas até o tornecelo, vestida por encima dos refaixos. [TRG: 37]

«Se falamos dun día de festa, de xente da vila ou de clase social alta xa atopamo-las enaugas, os dengues e mantelos adornados con veludo e azabache, ou polo menos cun zócalo de pano sedán, e aparecen tamén as basquiñas que son saias con moito vó, de teas ricas e elegantes, igual que as capas ou parlamentas.» [VGE: 12]
«*Co liño (estopa, lenzo, fío) e tamén no algodón confeccionaban sabos, sabas e roupa interior, como camisas de home e de muller, cirolas, xustillos...»* [VGE: 10]
«*Co picote elaboraban mandís, saias, chaquetas, corpiños, calzóns, mantelos, mantelas...»* [VGE: 10]
«*De la e pano eran dengues, chaquetas, mantelos, corpiños, saias, refaixos, calzóns, polainas, chaleques, puchos, monteiras, panos de cabeza, panos do pescozo, medias, carpíns, mantos...»* [VGE: 10]
«*Así vemos nestas fotografías chambras, saias, xubóns e outras roupas confeccionadas [coas novas teas tales como dril, franela, mahón, villela].»* [VGE: 11]
«*Es muy frecuente también llamar a la falda 'saia', tanto en Ancares como en otras partes, así en Aller (donde las hay de 'mandileta, colorás y de nascote'), en Andiñuela, en Villacidayo, etc.»* [EVA: 86]
«*O traxe da terra de Muros tiña unha certa persoalidade que o distinguía dos demáis: mantelo de pano negro con franxas de terciopelo moi anchas cobrindo a saia de cór crara...»* [O: 277]
«*O refaixo sustituiuse por unha saia de cór crara nas mozas e oscura nas vellas, desaparecendo o mantelo e o dengue.»* [O: 277]
«*O traxe faise entón máis sinxelo: saia oscura ou crar, aínda con bastante vó, longa até os pés. Sobor dela o mandil de lenzo corrente, grande que non sempre se puña, senón somentes pró traballo.»* [O: 277]

«*Compremento do traxe da muller é a faltriqueira e a falchoca, bulsas, pequena a primeira e grande a outra, que ían colgadas da cintura, por baixo da saia ou do mantelo.*» [O: 279]

«*Logo, ó medraren, comenzan a se vestir coma a xente adulta, especialmente as nenas, que, dende que chegan ós seis ou sete anos, levan a súa saia, manto e pano da cabeza coma as mulleres.*» [O: 285]

«*Lucen los colores de sayas y pañuelos, las vistosas cofias, las dos trenzas del pelo de una joven, las calzas del niño y de los hombres, ampulosas como las que observó en su día Cano y Olmedilla, las zuecas, algunas puntiagudas, un singular conjunto en donde se puede estudiar el mejor capítulo de la historia del traje en Galicia.*» [TG: 26]

«*Está llena una caldera (sella) y cubre su cabeza blanca cofia. Viste chambra, chaquetilla, saya, mantelo, media blanca y zapatos.*» [TG: 27]

«*En 1867 se editaba en Santiago la obra de Don Ramón Otero, "Galicia Médica" y al hablar del vestido escribe: "en el interior usan un paño ordinario tejido en el país en telares caseros con la lana áspera de sus carneros hilada a mano por las mujeres. Los de la costa gastan las panas, panillas, granas, paños y telas inglesas introducidas por la raya de Portugal o compradas en los puertos a los que desembarcan procedentes del extranjero; aquí los percales pintados sustituyen en las mujeres a las estameñas gruesas y bayetas de que hacen las sayas las de montaña: la lana entre las primeras es muy poco usada y como indicando su escasez de rebaños, solo la tejen mezclada con el lino, formando una tela particular de que hacen ropa para las labores del campo.*» [TG: 28]

361 **saia baixeira** s f [1VA.2PR.3TM.4TMI.5nS] [1VX.2M] [1VA.2PR.3IN]
Saia vestida inmediatamente por encima da enagua. [VGE: 11]

«*Por riba da faldra da camisa poñía o refaixo de lá ou baieta, logo outra saia baixeira tamén de baieta e por fin a saia de riba, a que se vía, e por tanto a de mellor feitura e tea, e, por último o mandil, mantelo ou mantela.*» [VGE: 11]

207 **saial** s m [1MC.2TF.3LA] [1MO.2TG]
Tecido groseiro e ordinario de la fiada e tecida na casa, us. ppalm. na montaña para a confección de saias, chaquetas, chalecos etc. [TRG: 40] [DEHLP] [TRG: 37]

282 **saio** s m
Denominación atribuída en Becerreá á chaqueta. [TRG: 45]

299 **saiolo** s m [1VA.2PR.3TM.4TMI.5nS.6_221] [1VX.2M] [1VA.2PR.3EX]
Refaixo de baeta encarnada con franxas de veludo. [TRG: 47]

195 **sancosmeiro** s m [1VX.2AX] [1VA.2PT.3_501]
Sombreiro de palla us. para se protexer do sol durante o traballo, de aba moi ancha e copa baixa, xer. en forma de cono truncado e cunha fita negra arredor que xer. cae sobre a aba por detrás e outra fita ou cordón que o suxeita ao queixo. [TTG: 30] [MHPP]

Nota: Apesar do seu nome, era us. non só en San Cosme ou na comarca de Noia senón tm. noutras como a Barcala, o Sar ou Santiago.

440 **seda** s f [1MC.2TF.3SE] [1MO.2PF]
Tecido ou fío de orixe foránea fabricado coa substancia filamentosa e brillante que produce o casulo do verme da seda. [DEHLP] [DCLG]
«*En pequena cantidade cultivouse o algodón e o cáñamo, e tamén se traballou a seda que foi un tecido rico*» [VGE: 10]
«*A cabeza cobríase coa cofia, de liño ou encaixe, cinguida por meio dunha fita de seda de cór viva.*» [O: 276]
«*Atado á cintura ía un pequeno mandil de seda negra con encaixes e bordados darredor; chámase tamén sabenlo.*» [O: 276]
«*El hilo más fino es el de la seda (...). Lo que tenía más importancia eran las medias que se hacían en muchos lugares, eran finas y caladas como asegura el cantar del mozo que invita al baile: Ven bailar, Carmiña, Carmiña, Carmela, con zapato baixo e media de seda, e media de seda, e media calada, ven bailar, Carmiña, miña resalada.*» [TG: 17]
«*Pero el que parece ser el [traje] patronímico, aunque en algunas comarcas poco usado, se compone de chaqueta parda, chaleco de grana ribeteado con terciopelo o con filetes de seda, y botones de filigrana, pantalón pardo o de pana negro, polainas de paño, zapato con botón o lazo, camisa punteada y sujeta con botón doble de plata al cuello, montera con ribetes bordados de seda y un palo no muy largo en la mano.*» [TG: 28]
«*Pero el que parece ser el [traje] patronímico, aunque en algunas comarcas poco usado, se compone de chaqueta parda, chaleco de grana ribeteado con terciopelo o con filetes de seda, y botones de filigrana, pantalón pardo o de pana negro, polainas de paño, zapato con botón o lazo, camisa punteada y sujeta con botón doble de plata al cuello, montera con ribetes bordados de seda y un palo no muy largo en la mano.*» [TG: 28]

473 **seda** s f [1MC.2TF.3LI] [1MO.2TG]
Tecido de liño máis fino aínda do que o lenzo. [FJAF]

286 **setebrincos** s f [1VA.2PC.3CB.4_147]
Zoca do Cabreiro e Cervantes, que tiña uns buracos polos que pasaban unhas correas que se ataba á perna até debaixo do xeonllo. [TRG: 46]

250 **sireta** s f [1EA.2CF.3C]
Dobra feita na roupa para introducir unha fita ou un cordón, e para francir a tea. [TRG: 41] [TRG: 42]

214 **sombreiro** s m [1VA.2PT.3_501]
sin. chapeu [TRG: 46]
«*O home na cabeza levaba pucho de la, monteira ou distintos sombreiros.*» [VGE: 12]

«*Coa palla e o ficucho facían sombreiros, corozas, polainas.*» [VGE: 10]
«*Encaramado se halla un paisano cogiendo fruta, vestido de chaqueta corta y calzón, sombrero en la cabeza, pierna y pies desnudos.*» [TG: 27]
«*En el trazo superior, "encima, el señorito vestido a lo "increibel", sombrero de medio queso con escarapela, corbata, chalequillo, pantalón ceñido y botas.*» [TG: 27]
«*El de la zanfoña, hombre fuerte y barbudo, viste chaqueta, doble chaleco, calzón, cirolas, polainas y zapatos. El sombrero es redondo y sobre sus hombros, abrochado por el cuello, un grueso capote.*» [TG: 27]
«*A su derecha el de las ferreñas, más joven, de sombrero, chaqueta, calzón y descalzo de pierna y pie.*» [TG: 27]
«*Un poco alejado el tamborilero vestido a la moda de la clase media y de la ciudad como indica el sombrero redondo y el pantalón largo y apretado hacia el pie.*» [TG: 27]
«Detrás del gaitero un "petimetre", tocado de sombrero redondo, cercenado frac, chaleco, calzas, medias blancas y zapatos. En la diestra empuña alto bastón.» [TG: 27]

176 **sombreiro de Noia** s m
vid. sancosmeiro [TRG: 29]

464 **sutache** s m [1EA.2CF.3PRE] [1EA.2OO]
Duplo cordón negro us. para reproducir o deseño que se desexa facer coa pedraría do pasamán e a fixar no tecido por medio de fío fino.
Nota: Us. tm. para enfeitar pezas da vestimenta en xeral ou para cubrir as costuras de pantalóns, chapeus etc.

394 **tafetá** s m [1MC.2TF.3SE] [1MO.2TG]
Tecido fino, lustroso e moi tupido de fina trama de seda sen revés. [DLE]

148 **tamanca** s f
vid. zoco [MHPP]

385 **tamanca baixa** s f
Tamanca ou zoco us. por ambos os sexos... [MHPP]

386 **tamanca de botina** s f [1VA.2PC.3CA] [1VX.2M]
Tamanca ou zoco us. por mulleres, xer. de cor negra, que chega até unha altura entre o xeonllo e o tornecelo. [MHPP: 0]

454 **tapiz** s m [1MC.2TF] [1MO.2PF]
Tecido ou parte dun tecido de índole ornamental que presenta un deseño obtido por medio dunha trama de fíos de cores. [FJAF]

324 **tarabelo** s m [PP_344] [1EA.2CF.3PRE.4_283]
Botón de pau cun rebaixe no centro polo que se cose á peza de roupa, us. p. ex. para suxeitar á cintura o calzón de carteira. [TRG: 45]

439 **taruco** s m
vid. tarugo
«*Pero el calzado exterior más generalizado no sólo en tiempo de lluvia y nieve, sino, incluso, cuando está seco, son as galochas. Están formadas en ancarés por unos turucos (tarucos en Villacidayo) para no hundirse en el barro y no mojarse en el agua,sobre todo de los caminos, prados y de la cuadra. Tienen, además, un pico o papo, que es la parte anterior y un calcaño o peto en la posterior. El agujero para meter el pie es a boca da galocha.*» [EVA: 95]
«2 talõis de dientre, talõis d'atrás ia petos, 'salientes'. (...) En Villacidayo: (...) 2 tarucu. (...) En Oseja de Sajambre (p. 138): (...) 2 pellas y tarugos (...) En Libardón (p. 148): (...) 2 tazos (...) En Lena (p. 149): (...) 2 tacones o peales» [EVA: 216]
«*Se terminan os turucos ou tarucos, que son los tres tacones que tiene la galocha, uno en el calcañar y dos en la parte anterior del piso, a diferencia de la vasca que carece de ellos.*» [EVA: 219]

390 **tarugo** s m [PP_147]
Cada un dos tres salientes ou soportes curtos da madreña que realizan a función de pés. [DCLG]
«*2 talõis de dientre, talõis d'atrás ia petos, 'salientes'. (...) En Villacidayo: (...) 2 tarucu. (...) En Oseja de Sajambre (p. 138): (...) 2 pellas y tarugos (...) En Libardón (p. 148): (...) 2 tazos (...) En Lena (p. 149): (...) 2 tacones o peales»* [EVA: 216]

339 **tella** s f [1VA.2PT.3_501] [1VX.2H]
Sombreiro dos eclesiásticos, de copa redonda e abas lixeiramente curvadas cara arriba. [DCLG]
Nota: Recibe o seu nome por semellanza do sombreiro coa tella real.

121 **touca** s f [1VA.2PT] [1VX.2AX]
Peza de tea, la, encaixe, etc. para cubrir as partes superior e posterior da cabeza.

358 **tozo** s m [1MC.2NT.3VE] [1MO.2TG]
Pedazo de madeira destinada a ser traballada para a construción dunha zoca. [TRG: 58]

340 **trampa** s f
vid. alzapón [DdD]

126 **tule** s m [1MC.2TF.3AL] [1MC.2TF.3LI] [1MO.2PF]
Tecido leve e transparente de seda, algodón ou fío, que forma unha rede de mallas, xer. en octógonos. [TRG: 14]

433 **turuco** s m

Denominación atribuída nos Ancares aos tarugos das zocas. [EVA: 95]

vid. tarugo

«*Pero el calzado exterior más generalizado no sólo en tiempo de lluvia y nieve, sino, incluso, cuando está seco, son as galochas. Están formadas en ancarés por unos turucos (tarucos en Villacidayo) para no hundirse en el barro y no mojarse en el agua,sobre todo de los caminos, prados y de la cuadra. Tienen, además, un pico o papo, que es la parte anterior y un calcaño o peto en la posterior. El agujero para meter el pie es a boca da galocha.*» [EVA: 95]

«*Podemos decir que en Ancares no se las quitan en todo el invierno, esgalochando (esgalochar), es decir, haciendo ruído con los turucos.*» [EVA: 214]

«*Se terminan os turucos ou tarucos, que son los tres tacones que tiene la galocha, uno en el calcañar y dos en la parte anterior del piso, a diferencia de la vasca que carece de ellos.*» [EVA: 219]

296 **vainica** s m [1EA.2OO]

Banda dunha peza de roupa de onde se tiran os fíos horizontais agrupando seguidamente os verticais próximos entre sí, de forma que se consegue o efecto dun encaixe simple. [TRG: 47]

44 **vasquiña** s f [1VA.2PR.3TM.4TMI.5nS] [1VX.2M] [1VA.2PR.3EX]

Especie de saia aberta, de moita roda, superposta na cintura, que se vestía por sobre o resto das saias. [SP: 40] [DEHLP]

«*Chegou[se] a prohibi-lo uso de determinadas prendas ou cores a unha clase social, tal foi o caso da basquiña, "os picos pardos", os encaixes, etc.*» [VGE: 9]

«*Se falamos dun día de festa, de xente da vila ou de clase social alta xa atopamo-las enaugas, os dengues e mantelos adornados con veludo e azabache, ou polo menos cun zócalo de pano sedán, e aparecen tamén as basquiñas que son saias con moito vó, de teas ricas e elegantes, igual que as capas ou parlamentas.*» [VGE: 12]

133 **veludo** s m [1MC.2TF.3SE] [1MO.2PF]

Tecido fino feito de seda, formado por dúas urdimes e unha trama, que ten o aveso liso e o dereito cuberto de pelo suave, curto e mesto. [XVTG: 15] [TRG: 15]

«*Se falamos dun día de festa, de xente da vila ou de clase social alta xa atopamo-las enaugas, os dengues e mantelos adornados con veludo e azabache, ou polo menos cun zócalo de pano sedán, e aparecen tamén as basquiñas que son saias con moito vó, de teas ricas e elegantes, igual que as capas ou parlamentas.*» [VGE: 11]

«*Tamén se usaron outras teas importadas de fora do país, sóbor de todo de castela, de xeito que nalgunhas comarcas nas cuadrillas de segadores ía un home encargado de mercalas, ou ben viñan vendedores ambulantes. Así chegaban o pano de la, pañete, pano sedán, pano de ortigosa, veludo, brocados, pana, panilla, entre outros.*» [VGE: 10]

«*As teas máis finas tales como o pano sedán, veludo, etc. Usábanas xeralmente para adornar dengues, mantelos, chaquetas, calzóns, etc.*» [VGE: 11]

«*Así, os [chaleques] de diario eran de picote, baieta, estopa..., e os de festa de pano de lá con adornos de veludo ou de xénero brocado.*» [VGE: 12]

«*Igual que a muller o home tamén podía levar ribeteado con veludo ou pano sedán o chaleque, polainas, chaqueta, xubón, calzon ou monteiras.*» [VGE: 13]

«*O corpo cubríase logo co dengue, que, asegún quen o empregaba ou as ocasións en que se puña, podía ser máis ou menos rico, de terciopelo, de pano, con franxas anchas, liso ou bordado con canutillo.*» [O: 275]

«*Denantes, e prós días de festa, era corrente o uso do corpiño, especie de chaqueta cinguida, curta, con solapas, mangas longas e adornos de terciopelo, que remataron por empregar somentes as costureiras e que, en cabo, desaparecéu de todo.*» [O: 276]

«*O traxe da terra de Muros tiña unha certa persoalidade que o distinguía dos demáis: mantelo de pano negro con franxas de terciopelo moi anchas cobrindo a saia de cór crara...*» [O: 276]

«*Non embargantes, aínda iste traxe chegóu a ter unha certa persoalidade polo emprego das remontas, especie de mendos de terciopelo ou pana que, dun xeito simétrico, enfeitaban a beira inferior e as costas da chaqueta, os puños e parte traseira das mangas, bocas dos pantalóns, xionlleiras, etc.*» [O: 283]

«*Pero el que parece ser el [traje] patronímico, aunque en algunas comarcas poco usado, se compone de chaqueta parda, chaleco de grana ribeteado con terciopelo o con filetes de seda, y botones de filigrana, pantalón pardo o de pana negro, polainas de paño, zapato con botón o lazo, camisa punteada y sujeta con botón doble de plata al cuello, montera con ribetes bordados de seda y un palo no muy largo en la mano.*» [TG: 28]

257 **vidrillo** s m

vid. canutillo [DEHLP]

64 **volante** s m [1EA.2OO] [PP_295] [PP_veo] [PP_450]

Gornición formada por unha tira de tea, normalmente leve e transparente, que se dispón de forma rizada, pregada ou francida como ornamento de enaguas, veos, mangas, etc. [DEHLP] [DLE]

493 **voo** s m

vid. roda [SP: 40]

«*Se falamos dun día de festa, de xente da vila ou de clase social alta xa atopamo-las enaugas, os dengues e mantelos adornados con veludo e azabache, ou polo menos cun zócalo de pano sedán, e aparecen tamén as basquiñas que son saias con moito vó, de teas ricas e elegantes, igual que as capas ou parlamentas.*» [VGE: 12]

«*Polo xeral, [a camisa de muller] era de dúas pezas: a superior ou cós, cinguida, e a aba, longa, con vó, de lenzo máis ruin.*» [O: 274]

«*O refaixo tiña moito vó, que se conseguía engadíndolle unha nesga ou peza triangular que aumentaba a superficie inferior sen faguelo na superior.*» [O: 275]

«*O traxe faise entón máis sinxelo: saia oscura ou crar, aínda con bastante vó, longa até os pés. Sobor dela o mandil de lenzo corrente, grande que non sempre se puña, senón somentes pró traballo.*» [O: 277]

448 **xacarandaina** s f [1VA.2PR.3M.4MI.5_238] [1VX.2H] [1VA.2PR.3EX]
Polaina de coiro us. para montar. [FJAF]

331 **xaquetilla** s f
Denominación atribuída na comarca do Avia á angorina. [DdD]

219 **xibón** s m [1VA.2PR.3TM.4TMS.5S.6_236]
Especie de chaqueta de muller axustada ao pescozo, sen escote, adornada con puntillas.
cfr. 234 xibón
var. xubón
«*Así vemos nestas fotografías chambras, saias, xubóns e outras roupas confeccionadas*

[coas novas teas tales como dril, franela, mahón, villela].» [VGE: 11]
«*Por riba da camisa poñían o xustillo, que cinguía e levantaba o peito, e logo, según a ocasión, a chambra ou o xubón, o dengue ou a chaqueta, ou ben mantón de la merina, floreado, de cachemir...*» [VGE: 11]

379 **xubón** s m
vid. 219 xibón

438 **xunco** s m [1MC.2NT.3VE] [1MO.2TG]
Planta de talos lisos e flexíbeis, que xer. se dá en lugares húmidos e que se utiliza, entretecido, como material para traballos de cestaría ou na confección de polainas ou corozas. [TTG: 8] [DEHLP] [DCLG]
«*Referímonos ós xuncos, cos que se fan as corozas e as polainas.*» [O: 267]

106 **xustillo** s m [1VA.2PR.3TM.4TMS.5S] [1VX.2M] [1VA.2PR.3EX]
Especie de chaleco de muller de mahón, baeta, pano, lenzo ou, nos casos máis modestos, candil, moi axustado xer. con baleas, coas costas moi entalladas e marcado escote, que se axusta por diante cun cordón e ten cortinas para os seos. [TRG: 41]
«*As mulleres en camisa non tiñan o dengue e da camisa mostraban a tela do brazo se tiñan o xustillo, os puños tiñan o correspondente adorno que podía ser de fina puntilla e o xustillo, unha chaquetiña sen mangas, con taciñas ou sin elas, emballenados como nos mostran os cantares de namoros.*» [PCC: 9]
«*Co liño (estopa, lenzo, fío) e tamén no algodón confeccionaban sabos, sabas e roupa interior, como camisas de home e de muller, cirolas, xustillos...*» [VGE: 10]
«*Por riba da camisa poñían o xustillo, que cinguía e levantaba o peito, e logo, según a ocasión, a chambra ou o xubón, o dengue ou a chaqueta, ou ben mantón de la merina, floreado, de cachemir...*» [VGE: 11]

«*Xustillo 'justillo', prenda interior del vestido de la mujer, generalmente con muchos adornos bordados, que solía caer por detrás en medio de la espalda y servía como corsé e incluso como sostén. Hoy ha desaparecido completamente en Ancares.*» [EVA: 87]

«*Sobor da camisa ía o xustillo cinguindo o peito, pechado atrás cunha amarralla pasada polos olleiros feitos nas beiras do xustillo. Sobor dil puñan, ás veces, o corpiño, mais no caso contrario, a camisa tiña as mangas longas, que pechaban onda a man, rematando nun puño de encaixe máis ou menos adornado, e desaparecía o escote pra vir pechal-a camisa no arrinque do pescozo, adornándose de xeito semellante ós puños. Non usando corpiño, o xustillo faguíase con certo coidado, xa que se podía ollar; empregábase pano de cór ou negro e podría pechar adiante ou atrás; logo engaíanselle irelos de distintas córes pra lle dar máis vistosidade.*» [O: 275]

43 **zagal** s m [1VA.2PR.3TM.4TMI.5nS.6_208] [1VX.2M] [1VA.2PR.3IN]

Saia interior xer. de baeta amarela que termina un pouco por encima do tornecelo, us. no traxe de festa da muller das Mariñas. [DDEl] [TRG: 9]

499 **zapatilla** s f

vid. chiruca [TC: 25]

229 **zapato** s m [1VA.2PC.3CB] [1VX.2AX]

Calzado baixo de pel ou coiro (ou charol ou pana nos casos máis finos) coa sola xer. tm. de coiro e atados con cordóns ou menos frec. amallós, us. nos días de festa, romaría, misa etc.. apenas polas familias máis adiñeiradas. [TRG: 39] [TC: 25] [TRG: 44] [TRG: 50]

«*Logo podían poñé-los carpíns, xocas, madreñas ou zocos. Nos días de garda levaban zapatos.*» [VGE: 12]

«*Como calzado poñían zocas e madreñas de madeira, zocos, botas e chalancas de madeira e coiro e, por último, zapatos e botinas feiros soio de coiro.*» [VGE: 10]

«*Prós días de chuvia, usábanse as chancas ou as zocas e, prás festas, os zapatos, de tacón baixo e de máis ou menos luxo asegún que os levase.*» [O: 276]

«*Dentro de ese realismo podemos apreciar que le traje era el clásico que aún hemos visto en Compostela en pleno siglo XX, y se componía de jubón, calzóns, alguno con los adornos blancos formados por el saliente de los calzoncillos, y otros sin adornos ceñidos por debajo de las rodillas, camisa, que muchos llevan remangadas por el trabajo, medias zapatos y el pelo corto.*» [TG: 26]

«*En el folio 41 "representa un paisano debajo de un árbol al parecer recién podado, con el típico traje labrego de diario; chaleco por encima de la chaqueta; calzón; cirolas por debajo; medias blancas de lana y zapato bajo. El color de la chaqueta y calzón es pardo, lo mismo que la monteira. Debajo del brazo una chaqueta. En la espalda un morral de redecilla."*» [TG: 27]

«*Está llena una caldera (sella) y cubre su cabeza blanca cofia. Viste chambra, chaquetilla, saya, mantelo, media blanca y zapatos.*» [TG: 27]

«*El de la zanfoña, hombre fuerte y barbudo, viste chaqueta, doble chaleco, calzón, cirolas, polainas y zapatos. El sombrero es redondo y sobre sus hombros, abrochado por el cuello, un grueso capote.*» [TG: 27]

«*El gaitero, segundo personaje de la escena, luce en la cabeza repinicada monteira con la punta de candil hacia delante. Compone su vestimenta: chaqueta, chaleco, calzón, cirolas, polainas y zapatos.*» [TG: 27]

«*Detrás del gaitero un "petimetre", tocado de sombrero redondo, cercenado frac, chaleco, calzas, medias blancas y zapatos. En la diestra empuña alto bastón.*» [TG: 27]

«*En sus cuadros [Dionisio Fierros Álvarez] podemos conocer con detalle toda la indumentaria desde la alta montera hasta los zuecos o zuecas y también zapatos pasando por las piezas de hombres y mujeres en quietud o movimiento y así lo mismo vemos al mozo apoyado en su varapu o bailando la muiñeira, la familia descansando, la pareja de lucenses sentados o la moza y la rueca, con su peinado de raya al medio, la cofia, el lujoso pañuelo de vivos colores y el blanco brillante de la lana con su bordado contenedor para sujetar la lana.*» [TG: 27]

«*Pero el que parece ser el [traje] patronímico, aunque en algunas comarcas poco usado, se compone de chaqueta parda, chaleco de grana ribeteado con terciopelo o con filetes de seda, y botones de filigrana, pantalón pardo o de pana negro, polainas de paño, zapato con botón o lazo, camisa punteada y sujeta con botón doble de plata al cuello, montera con ribetes bordados de seda y un palo no muy largo en la mano.*» [TG: 28]

Nota: De camiño ao lugar da festa xer. levábanos na man.

504 **zapato abotinado** s m [1VA.2PC.3CB] [1VX.2AX]

Zapato que cobre o tornecelo.

sin. comp. bota baixa

147 **zoca** s f [1VA.2PC.3CB] [1VX.2AX]

Calzado de diario e ambos os sexos xer. sen roma e con tacón, elaborado a partir dunha soa peza de madeira de forma e deseño variábel en función do gusto persoal e da comarca (natural, branqueada ou pintada de negro ou vermello, lisa ou tallada á imitación dun zapato ou con motivos, etc.), coa función de protexer da lama e da auga. [TC: 25] [TRG: 44] P. ex. madreña, galocha, chinela.

«*Como calzado poñían zocas e madreñas de madeira, zocos, botas e chalancas de madeira e coiro e, por último, zapatos e botinas feiros soio de coiro.*» [VGE: 10]

«*Nos pés e pernas poñían as medias de la, carpíns e zocas ou zocos nos días de traballo, e tamén polainas de coiro, estameña ou palla.*» [VGE: 12]

«*Otro frecuente tipo de calzado son los zocos y as zocas, especie de botas con el suelo o piso de madera, sobre el que se clavan gruesos clavos o tacholas. El resto de zueco es de material y son muy útiles, especialmente para los pastores, porque son de mucho abrigo (...). Su nombre es chanclos y galochas en Andiñuela y chanclos en Villacidayo.*» [EVA: 95]

«*Había galochas que se chaman tamén zocas e galochos.*» [EVA: 96]

«*Prós días de chuvia, usábanse as chancas ou as zocas e, prás festas, os zapatos, de tacón baixo e de máis ou menos luxo asegún que os levase.*» [O: 276]

Nota: Era moi us. por pescadores, mariñeiros, peixeiras, persoas do litoral, xer. sen vernizar, pintar, tallar e máis abertas que as usadas nas zonas altas do interior. Podía ser calzada co pé vestido polo escarpín ou aínda unha chiruca para maior abrigo.

150 **zoca de bico de parrulo** s f [1VA.2PC.3CB.4_147]
Zoca coa punta en forma de bico de parrulo.

141 **zoco** s m [1VA.2PC.3CA] [1VX.2AX]
Calzado de diario que cobre até o tornecelo, feito de coiro ou de becerro, de cor natural ou frec. tinxido de negro para as mulleres, amarrado con amallós e con sola de pau. [TRG: 37] [TC: 25] [TRG: 49]
sin. tamanco
sin. comp. 140 chanca
«*Logo podían poñé-los carpíns, xocas, madreñas ou zocos. Nos días de garda levaban zapatos.*» [VGE: 12]
«*Como calzado poñían zocas e madreñas de madeira, zocos, botas e chalancas de madeira e coiro e, por último, zapatos e botinas feiros soio de coiro.*» [VGE: 10]
«*Nos pés e pernas poñían as medias de la, carpíns e zocas ou zocos nos días de traballo, e tamén polainas de coiro, estameña ou palla.*» [VGE: 12]
«*Otro frecuente tipo de calzado son los zocos y as zocas, especie de botas con el suelo o piso de madera, sobre el que se clavan gruesos clavos o tacholas. El resto de zueco es de material y son muy útiles, especialmente para los pastores, porque son de mucho abrigo (...). Su nombre es chanclos y galochas en Andiñuela y chanclos en Villacidayo.*» [EVA: 95]
«*O calzado podía ser de sola ou de madeira (chancas ou zocos).*» [O: 282]
Nota: Consta dos seguintes elementos: a dianteira (ou pala); a traseira (ou caña), que vai reforzada no calcañar con outro becerro; a oxaleira de metal; a porta ou lingüeta. Podía tm. levar unha ferradura fina na sola para prolongar a súa duración.
Abreviaturas << Inicio < Recuar Avanzar >

5. CONCLUSIÓNS

A modo de conclusión, podemos dicir que a realización deste traballo resultou máis difícil do que nun principio parecía, debido a varios factores, entre eles a incoherencia das fontes e dos informantes, a existencia de múltiplas lagoas na bibliografía de referencia e polo traballosa que se revelou a aplicación da metodoloxía escollida, debendo en numerosos casos facer concesións de orde pragmática para poder levar o traballo adiante. Isto constata a conveniencia constante de adaptar as metodoloxías existentes, ou elaboradas ad hoc para un caso concreto, á especificidade do traballo, sobre todo á medida que se vai realizado e a necesidade desa adaptación se vai facendo patente. Non obstante, a pesar desa traballosidade inesperada, considerada de maneira global a experiencia resultou enriquecedora pola cantidade de cousas que tiven a oportunidade de aprender (sobre terminoloxía, sobre a vestimenta ao ter que me enchoupar de coñecementos relativos á área para realizar a clasificación conceptual, a redacción das definicións, sobre informática ao ter que aprender de cero a deseñar unha páxina web, etc.) e pola boa recepción das persoas ás que foron expostos os resultados parciais deste traballo.

6. BIBLIOGRAFÍA

6.1. BIBLIOGRAFÍA DE BALEIRADO

A. F. Celme. *Trajes de la "A. F. Celme"* [www] http://www.galiciaonline.es/trajesgallegos.htm (16 de marzo de 2001).

A. F. Celme. *Traje de gala_Santiago* [www] http://www.celme.jazztel.es/TRAJE%20DE%20SANTIAGO_HOMBRE_SANTI.htm (16 de marzo de 2001).

A. F. Celme. *Bailes* [www] http://www.celme.jazztel.es/bailes.htm (16 de marzo de 2001).

A. F. Celme. *Vestuario* [www] http://www.celme.jazztel.es/VESTUARIO.htm (16 de marzo de 2001).

A. F. Celme. *Traje de Terra Chá. Lugo* [www] http://www.celme.jazztel.es/TRAJE%20DE%20TERRA%20CHA_LUGO_NATALIA%20DOMINGUEZ.htm (16 de marzo de 2001).

A. F. Celme. *Traje de Pontevedra* [www] http://www.celme.jazztel.es/TRAJE%20DE%20PONTEVEDRA_MARIA%20GAMALLO.htm (16 de marzo de 2001).

A. F. Celme. *Traje de Ourense* [www] http://www.celme.jazztel.es/TRAJE%20DE%20OURENSE_SUSANA%20FERNANDEZ.htm (16 de marzo de 2001).

Acuña, X. E.; Cabo, X. L. «As imaxes recuperadas de Pedro Ferrer» En Acuña, X. E.; Cabo, X. L. *As imaxes do traxe en Galicia*. Vigo: Ir Indo, 1992, p. 14-87.

Allegue, G. *Galicia: O oficio de vivir. O mar, a terra, a cidade*. Vigo: Nigra Trea, 1998.

Asociación do Traxe Galego. *O Traxe da muller* [www] http://www.traxegalego.com/Marcos/OTraxeMuller.htm (20 de xaneiro de 2003).

Asociación do Traxe Galego. *O Traxe de Home* [www] http://www.traxegalego.com/Marcos/OTraxeHome.htm (20 de xaneiro de 2003).

Campos, F. X. C. A. «Um traje galego» En Fernández Senra, M; Fernández Senra, X. (dir.) *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, nº 1. Ourense: Deputación de Ourense, 1995, p. 11-14.

Curros Enríquez, M. «La Señorita de Aldea» En Polín Gómez, R. (ed.) *Os galegos pintados por si mesmos. A muller tradicional*. Vigo: Edicións Xerais S.A., 1996, p. 47-56.

De Hoyos Sainz, L.; De Hoyos Sancho, N. *Manual de Folklore. La vida popular tradicional en España*. Madrid: Istmo, 1985, p. 522-553, 566-576.

De Hoyos Sancho, N. *El traje regional de Galicia*. Santiago de Compostela: Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 1971.

Fraguas Fraguas, A. *El traje gallego*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1985.

Fraguas Fraguas, A. «O pantalón chamado cirolas» En Fernández Senra, M; Fernández Senra, X. (dir.) *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, nº 1. Ourense: Deputación de Ourense, 1995, p. 7-9.

Lorenzo Fernández, X. *Os oficios*. Vigo: Galaxia, 1983, p. 235-286.

Museo do Pobo Galego. *As salas. O traxe. O encaixe* [www] http://www.museodopobo.es/traxe.htm (13 de febreiro de 2001).

Pardo Bazán, E. «La Gallega» En Polín Gómez, R. (ed.) *Os galegos pintados por si mesmos. A muller tradicional*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia S.A., 1996, p. 40-46.

Rodríguez Ordoñez, J. A. «Xeneralidades sobre a vestimenta tradicional galega» En Fernández Senra, M; Fernández Senra, X. (dir.) *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, nº 0. Ourense: Deputación de Ourense, 1995, p. 13-15.

Rodríguez Pérez, I.; Pérez Arias, C. «A vestimenta na Galicia de entreséculos» En Acuña, X. E.; Cabo, X. L. *As imaxes do traxe en Galicia*. Vigo: Ir Indo, 1992, p. 7-13.

6.2. BIBLIOGRAFÍA DE REFERENCIA

6.2.1. Obras lexicográficas

Feixó, X. (dir.) *Diccionario Cumio da lingua galega en CD-ROM*. Vigo: Edicións do Cumio, 1999.

Houaiss, A. *Dicionário Eletrônico Houaiss da Língua Portuguesa*. Editora Objetiva Ltda, 2001.

Instituto da Lingua Galega. *Diccionario de diccionarios.* A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2000.

Navaza Blanco, G.; Lastra Muruais, X. *Diccionario Xerais da Lingua*, 4ª ed. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1986.

Noia Campos, Mª C.; Gómez Clemente, X. Mª; Benavente Jareño, P. *Diccionario de sinónimos da lingua galega*. Vigo: Galaxia, 1997.

Real Academia Española. *Diccionario de la Lengua Española Edición Electrónica*, 21.1.0. Espasa Calpe, 1995.

Real Academia Galega. *Diccionario da Real Academia Galega* (3ª ed.). Vigo: Edicións Xerais de Galicia - Editorial Galaxia, 1997.

6.2.2. Obras especializadas

Barnard, M. *Fashion as Communication*. London: Routledge, 1996.

Cunha de Oliveira, F. J. *O Vestuário Português ao Tempo da Expansão. Séculos XV e XVI*. Lisboa: Ministério da Educação, 1993.

Ewing, E. *Everyday Dress 1650-1900*. London: B. T. Batsford, 1992.

Fernández González, J. R. *Etnografía del Valle de Ancares*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1978, p. 86-96, 214-220.

Harrold, R.; Phyllida, L. *Folk Costume of the World*. London: Blandford Press, 1988.

Mann, K. *Peasant Costume in Europe*. Nova York: Macmillan, 1950.

Morán Cabanas, M. I. *Traje, Ventileza e Poesia. Moda e Vestimenta no Cancioneiro Geral de Garcia de Resende*. Lisboa: Estampa, 2001.

Moss, M. *Traditional Costume*. Hove: Wayland, 1988.

Oakes, A.; Hill, M. H. *Rural Costume, its Origins and Development in Western Europe*

and the British Isles. London: B. T. Batsford, 1970.

Peixoto, R. «O Traje Serrano» En AA. VV. *Etnografia Portuguesa*, 2ª ed. Lisboa: Dom Quixote, 1995, p. 222-248.

Racient, M. A. *Le costume historique*. Paris: Firmin Didot et Cie., 1888.

Racinet, M. A. *The Historical Enciclopedia of Costume*. London: Studio, 1988.

Turner Wilcox, R. *Folk and Festival Costume of the World*. London: B. T. Batsford, 1965.

Turner Wilcox, R. *Dictionary of Costume*. London: B. T. Batsford, 1969.

Williams-Mitchell, C. *Dressed for the Job. The Story of Occupational Costume*. Poole: B. T. Batsford, 1982.

Yarwood, D. *Encyclopedia of World Costume*. London: B. T. Batsford, 1978.

6.3. SOBRE TERMINOLOXÍA E METODOLOXÍA TERMINOLÓXICA

Anger. P.; Rousseau, L.-J. *Metodologia de la recerca terminològica.* 2ª ed. Departament de Cultura de la Generalitat de Catalunya, Barcelona: 1987.

Arntz, R.; Picht, H. *Introducción a la terminología*. [tradución do alemán de Amelia de Irazazábal et al.] Madrid: Pirámide, 1995.

Bowker, L. "Towards a corpus-based approach to terminography" En *Terminology* vol. 3 (1), 1996, 27-52.

Bowker, L. "Multidimensional Classification of Concepts and Terms" En Wright, S. E.; Budin, G. *Handbook of terminology management*. Amsterdam: John Benjamins, 1997, 133-143.

Cabré, M. T. "Consecuencias metodológicas de la propuesta teórica (I)" En Cabré, M.T.; Feliu, J. (eds.) *La Terminología Científico-Técnica: reconocimiento, análisis y extracción de información formal y semántica*. Barcelona: Institut Universitari de Lingüística Aplicada de la Universitat Pompeu Fabra, 2001.

Cabré, M. T. *La terminologia. La teoria, els mètodes, les aplicacions*. Barcelona: Empúries, 1992.

Cabré, M. T. *La terminología. Representación y comunicación. Elementos para una teoría de base comunicativa y otros artículos*. Barcelona: Institut Universitari de Lingüística Aplicada, 1999.

Cabré, M. T. et alii. "Las características del conocimiento especializado y la relación con el conocimiento general" En *La terminología cientifico-técnica*. Barcelona: Institut Universitari de Lingüística Aplicada, 1999.

Cabré, T. "Terminologie et linguistique: la théorie des portes" En *Terminologies nouvelles* nº 21 "Terminologie et diversité culturelle". Bruxelas: Agence de la Francophonie; Communauté française de Belgique, 2000, p. 10-15.

Centre de Terminologia Termcat. *Diccionari de neologismes*. Barcelona: Edicións 62, 1997.

Centre de Terminologia Termcat. *Metodologia del treball terminològic*. Barcelona: Departament de Cultura de la Generalitat de Catalunya, 1990.

Conceição, M. C. "Socioterminologia: uma nova abordagem das terminologias" En *Terminologias* 9-10*,* Lisboa: TERMIP, 1994.

Corbeil, J.-C. (dir.) *Méthodologie de la recherche terminologique*. Office de la langue française, 1994

Cross, P.; Brickley, D.; Koch, T. "Conceptual relationships for encoding thesauri, classification systems and organised metadata collections and a proposal for encoding a core set of thesaurus relationships using an RDF Schema" [www] http://www.desire.org/results/discovery/rdfthesschema.html [04.05.2002]

Diki-Kidiri, M. "Une approche culturelle de la terminologie" En *Terminologies nouvelles* nº 21 "Terminologie et diversité culturelle". Bruxelas: Agence de la Francophonie; Communauté française de Belgique, 2000, p. 27-31.

Faber, P.; Tercedor Sánchez, M. "Codifying conceptual information in descriptive terminology management" En *Meta* XLVI, 1, 2001 [www] http://www.erudit.org/erudit/meta/v46n01/faber/faber.pdf [04.04.2002]

Faulstich, E. "Spécificités linguistiques de la lexicologie et de la terminologie. Nature épistémologique" *Meta* XLI, 2, 1996.

Fedor de Diego, A. *Terminología. Teoría y práctica*. Caracas: Equinoccio, 1995.

Freixeiro Mato, X. R. *Gramática da lingua galega III. Semántica.* Vigo: Promocións Culturais Galegas S.A., 1999.

Kageura, K. “Multifaceted/Multidimensional Concept Systems” En Wright, S. E.; Budin, G. *Handbook of terminology management*. Amsterdam: John Benjamins, 1997, 119-132.

Helbig, H. & Gnörlich, C. “Multilayered Extended Semantic Networks as a Language for Meaning Representation in NLP Systems” En Gelbukh, A. (ed.) *Computational Linguistics and Intelligent Text Processing*, Berlin: Springer-Verlag, 2002.

Lorente, M. “Teoría e innovación en terminografía: la definición terminográfica” En *La terminología científico-técnica*. Barcelona: Institut Universitari de Lingüística Aplicada, 2001, p. 81-113.

Meyer, I.; Eck, K.; Skuce, D. “Systematic Concept Analysis within a Knowledge-Based Approach to Terminology” En Wright, S. E.; Budin, G. *Handbook of terminology management*. Amsterdam: John Benjamins, 1997, 98-118.

Mustafa el Hadi, W. “Penser les nouvelles fonctionnalités du thesaurus” En *Terminologies nouvelles* nº 21 “Terminologie et diversité culturelle”. Bruxelas: Agence de la Francophonie; Communauté française de Belgique, 2000, p. 65-70.

Nuopponen, A. “Concept systems for terminological analysis” En *Acta Wasaensia* Nº 38, 1994 [www] http://www.uwasa.fi/~atn/research/disse/atnsumma.html [19.06.2003]

Rey, A. *Essays on terminology* [tradución de Juan C. Sager] Amsterdam: John Benjamins Publishing Co., 1993.

Riggs, F. W.; Mälkiä, M.; Budin, G. “Descriptive Terminology In the Social Sciences” En Wright, S. E.; Budin, G. *Handbook of terminology management*. Amsterdam: John Benjamins, 1997, 184-196.

Rodríguez Río, X. A. “Os traballos terminolóxicos en lingua galega: Unha aproximación á súa situación e ás súas necesidades” En *Cadernos de Lingua* 13, 1996, 35-74.

Sager, J. C. *A Practical Course in Terminology Processing*. Amsterdam; Philadelphia: John Benjamins, 1990.

Schaetzen, C. *Terminologie diachronique. Actes du colloque organisé à Bruxelles les 25 et 26 Mars 1980*. Bruxelles: Conseil international de la langue française, 1989.

Sonneveld, H. B. e K. L. Loening (eds.) *Terminology: applications in interdisciplinary communication*. Amsterdam: John Benjamins Publishing Co., 1993.

Temmerman, R. “Questioning the univocity ideal. The difference between socio-cognitive Terminology and traditional Terminology” En *Hermes, Journal of Linguistics*, n. 18, 1997, 51-90.

Temmerman, R. *Terminology Beyond Standardisation. Language and Categorisation in the Life Sciences*, PhD Dissertation, Leuven (supervisor: Prof. Dr. Dirk Geeraerts), 1998, p. 58-64.

Temmerman, R. *Towards New Ways of Terminology Description*. J. Benjamins, Amsterdam, 2000.

Temmerman, R. “Une théorie réaliste de la terminologie: le sociocognitivisme” En *Terminologies nouvelles* nº 21 “Terminologie et diversité culturelle”. Bruxelas: Agence de la Francophonie; Communauté française de Belgique, 2000, p. 58-64.

Weissenhofer. *Conceptology in terminology theory, semantics and word formation*. Wien: TermNet, International Network for Terminology, 1995.

Wright, S. E. “Representation of Concept Systems” En Wright, S. E.; Budin, G. *Handbook of terminology management*. Amsterdam: John Benjamins, 1997, 89-97.

Wüster, E. *Introducción a la teoría general de la terminología y a la lexicografía terminológica*. Barcelona: Institut Universitari de Lingüística Aplicada, 1998.